

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 4 ANO 2013



EDITA
Centro de Estudos do Corgo (CEC)

CONSELLO EDITORIAL
M^a Consuelo Vázquez Castro
Josefa González Díaz
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
Xosé Enrique Casanova Sánchez
Manuel Fernández López "Lolo"
Xosé Manuel Castro Castedo
Roberto Rodríguez Páramo

DESEÑO E IMPRESIÓN
Grafinco

DEPÓSITO LEGAL
LU 149-2010

ISSN 2171-6013

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO
Nº 4 ANO 2013

Agradecemoslle á Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo a colaboración económica para poder plasmar por cuarta vez no papel este soño chamado *Corga*. Oxalá siga sementando tanto e tan ben na agra cultural lucense.

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (CEC)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)
M^a Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)
Josefa González Díaz (Vicepresidenta)
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Secretario)
Xosé Enrique Casanova Sánchez (Tesoureiro)
Manuel Fernández López “Lolo”
Xosé Manuel Castro Castedo
Roberto Rodríguez Páramo (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO
Felipe Arias Vilas
Javier Gómez Vila
Xosé Manuel Castro Castedo
Ruben Ruibal Armesto
Ana Cabana Iglesia
Emilio Carral Vilariño
Daniel López Vispo
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras
Xabier Bruña García
Felipe-Senén López Gómez
Manuel Lamas Castro
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGÜÍSTICA
Xosé Manuel Becerra Pardo

ASESORÍA TIC
Josefa González Díaz

*Centro de Estudos do Corgo (CEC)
Antigas Escolas do Corgo s/n
27.163 O Corgo (Lugo)
ocorgo@gmail.com
<http://ocorgo.blogspot.com>*

EDITORIAL

Neste ano 2013, sae a luz a revista CORGA nº 4, iniciativa do Centro de Estudos do Corgo, un proxecto ilusionante que se mantén vigoroso, consolidado e camiñando con forza de cara o futuro.

Cando un grupo de persoas ligadas principalmente a Asociación Cultural Arumes, aló polo ano 2009, pensamos na necesidade de estudar, dar a coñecer e divulgar desde unha óptica multidisciplinar toda a riqueza oculta do noso concello, dende logo non estabamos equivocados. O interese que esta iniciativa suscitou queda demostrado nos máis de trinta artigos que xa levamos publicado ata o de agora.

Nestes traballos, os autores abordan con profundidade, distintas temáticas relacionadas co noso concello. Así o lector que se achegue as páxinas da nosa revista sorprenderáse da gran riqueza patrimonial que posúe o noso territorio (sepulturas antropomórficas, restos románicos, cruceiros, casas grandes e pazos cos sus escudos, o trazado da vía romana e as súas pegadas, pontes mediavais, construcións singulares etc); ou do patrimonio inmaterial (estudo da microtoponimia, lendas e crenzas relixiosas...); coñecerá a realidade socioeconómica e a evolución histórica das nosas parroquias, personaxes emprendedores, os nosos hábitats naturais, da propiedade comunal etc.; apreciará colaboracións que veñen dende o outro

lado do Atlántico realizadas por persoas con nostalxia e aprezo ás súas orixes.

En fin, aspectos moitas veces descoñecidos que saen a luz grazas o traballo, dedicación e esforzo realizado polos autores, que colaboran cos seus artigos nesta publicación, dende aquí o noso recoñecemento expreso.

Queremos agradecer como sempre o traballo desinteresado das persoas que compoñen o Comité Científico, grazas a elas a revista Corga mantén o nivel de rigorosidade que unha publicación destas características precisa.

Agradecemos tamén a Vicepresidencia Primeira da Deputación que mantendo un grao de sensibilidade cara a cultura, colabora economicamente para poder soste a periodicidade anual desta publicación.

Non queda máis que animar aos lectores a que sigan descubrindo a través destas páxinas, todos os valores que o Corgo atesoura, defendendo sempre a través do idioma que nos une, a nosa cultura e o noso territorio.

Longa vida a CORGA.

O CONSELLO EDITORIAL



ÍNDICE

Aurelia BALSEIRO GARCÍA. O relevo de O Corgo. Un exemplo da plástica provincial romana no Museo de Lugo.....	06
Beatriz PÁRAMO IGLESIAS, Jesús REY MODIA “E Responden”. Análise das terras do Corgo a mediados do XVIII a partir das Respostas Xerais do Catastro da Ensenada.....	14
X. Enrique CASANOVA SÁNCHEZ Pontes Históricas do Corgo.....	32
Xaime Félix LÓPEZ ARIAS Bens e rendas do Mosteiro da Madalena en terras de Chamoso (séculos XVI-XVIII).....	40
Jesús IGLESIAS JIMENEZ Do Corgo a México. Emigración galega a México (1878-1936).....	56
Javier GÓMEZ VILA Contos, pontes e pousadas do camiño real de acceso a Galicia	66
José Manuel BLANCO PRADO Santuario do Santo Anxo de Anseán (O Corgo).....	78
MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO	94
BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN COMO SOCIO/A DA A.C. ARUMES DO CORGO	105
MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CEC	106
DOCUMENTACIÓN PARA INSCRIPCIÓN COMO SOCIO/A DO CEC	108
NORMAS DE PUBLICACIÓN.....	116



“Atumba é a morada eterna” (P. Veyne)

RESUMO

Preténdese amosar e divulgar unha peza senlleira da escultura romana conservada no Museo Provincial de Lugo, despois do acondicionamento e modificacións expositivas efectuados recentemente nesta obra escultórica, ademais de contextualizala dentro do mundo da romanización no *Conventus Lucensis*.

PALABRAS CLAVE

patrimonio arqueolóxico, escultura romana, relevo, O Corgo, Museo de Lugo.

LIMIAR

No ano 2011 confluíron no Museo Provincial de Lugo dúas circunstancias que afectaron a esta peza atopada no concello de O Corgo e conservada nesta institución dende novembro de 1935:

- Areestruturación da Sala dos Mosaicos do MPL que implicou a incorporación de mostras senlleiras da plástica provincial romana xunto coa musivaria preexistente. O obxectivo desta intervención era dar unha unidade temática, cultural e cronolóxica que facilitara a interpretación conxunta de varias manifestacións artísticas nun tempo e nun contexto determinado¹.
- Os traballos realizados por mor do plan de actuación no claustro do antigo convento de San Francisco (sede do MPL) para mellorar as condicións de conservación das pezas expostas e paliar problemas de humidades e filtracións da parede oriental do claustro.

Como xa especificamos noutro artigo que se publicara no BMPL², desde o ano 1957 cando se trasladou o Museo Provincial de Lugo ás dependencias do convento de San Francisco, xa se expoñen no claustro unha serie de obras pétreas antigas

(1) Ademais no verán de 2011 realizouse unha exposición ao abeiro da “VII Reunión de Escultura Romana en Hispania” a través da iniciativa do Departamento de Historia I da USC (Fernando Acuña e Raquel Casal) comisariada por Enrique Alcorta e Ofelia Camero (MPL), publicando tamén o correspondente catálogo editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo e titulado *A plástica provincial romana no Museo de Lugo*.

(2) ALCORTA IRASTORZA, E. e BALSEIRO GARCÍA, A. (2013); *Melloras e novidades do claustro do Museo Provincial de Lugo* BMPL. Nº XIV (Pendente)

Balseiro García, Aurelia

Museóloga, investigadora e directora do Museo Provincial de Lugo. direccion@museolugo.org

(Vid. Fotos 1 e 2). Esta primeira mostra foise incrementando co paso do tempo para chegar finalmente a acoller as coleccións de reloxos de sol, epigrafía, heráldica, elementos arquitectónicos varios, sartegos, laudas sepulcrais, esculturas e outras pezas de diferentes épocas (Vid. Foto...). En concreto, na galería leste localizábase sobre todo a epigrafía romana, pero tamén heráldica e outras pezas medievais que, como consecuencia




Foto 01. Claustro do MPL.



Foto 02.

da intervención realizada no 2011³, foi necesario redistribuír e expoñer con outros criterios museográficos. Así, variouse o proxecto expositivo destes fondos da colección de arqueoloxía (concretamente epigrafía), organizándose un espazo específico na sala capitular⁴ (nº 3 do percorrido da planta baixa), pola redistribución de pezas, antes encastradas na parede, como o relevo de O Corgo situado a partir de entón coas mostras da plástica provincial romana na sala dos mosaicos (nº 7, planta baixa). Por outra banda, no paramen-




Foto 03. Claustro do MPL antes, co relevo de O Corgo na parede.



Foto 04. Claustro de MPL despois da intervención

(3) A principal motivación desta intervención baseouse nos informes técnicos correspondentes que amosaban patoloxías como os constantes problemas detectados de manchas de humidade, ben por filtracións ou por capilaridade, que producían riscos para as pezas expostas, sobre todo as encaixadas no propio muro, con danos por erosións varias e incluso escamaduras e fisuras, ao que hai que engadir a oxidación dos elementos metálicos que as soportan e o afundimento do pavimento. Estas circunstancias, incrementadas nos últimos anos e referidas sobre todo ás humidades que afectaban especialmente ao lenzo oriental do claustro, provocaban descascaduras continuas na pintura e danos nas pezas expostas en contacto directo co devandito muro e fixo necesaria e urxente a proposta da dirección para unha intervención parcial.

(4) Que alberga as dúas placas fundacionais de Paulo Fabio Máximo, estelas anepigráficas e aras con dedicacións de deuses indíxenas e lares viais.



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO - PLANTA BAIXA

to leste procedeu a unha nova localización da epigrafía, que se presenta de igual xeito pero cunha nova disposición en función de criterios espaciais, temáticos e cronolóxicos⁵.

Outro resultado deste plan de actuación foi, como xa mencionamos, a desincrustación das pezas situadas no propio paramento do claustro⁶, debido ao perigo de conservación que supoñían as constantes filtracións e humidades da parede. Unha vez retiradas procedeu á restauración, limpeza e consolidación, no seu caso, das pezas e logo ao propio acondicionamento da medianeira oriental⁷.

A principal consecuencia da retirada do Relevo de O Corgo ao desencaixalo da parede, foi a constancia da súa verdadeira forma e dimensións⁸, aínda que non se poida verificar se son as medidas orixinais do fragmento conservado ou se viron modificadas en momentos posteriores ao inserirse dun xeito tan pouco aconsellable no lenzo do

(5) Proxecto realizado polo departamento de Arqueoloxía/Historia do MPL (Enrique Alcorta e Ofelia Carnero)

(6) Que probablemente foran inseridas a mediados do século XX con motivo da apertura do museo nesta nova sede, aínda que non se ten constancia documental do feito.

(7) Traballos realizados pola empresa RESCONSA cuxa restauradora foi Dolores Lago Arce.

(8) Este é o primeiro artigo publicado no que se divulgan as fotografías dos laterais e reverso do relevo de O Corgo ademais de constatar as medidas completas da peza, descoñecidas ata agora polas devanditas circunstancias expositivas e ausencia de documentación.

paramento. Ase mesmo, procedeuse a unha revisión integral, limpeza e consolidación da peza para a súa nova exposición sobre peaña na devandita sala dos mosaicos coa conseguinte repercusión na mellora da súa visualización e dando como resultado a posta en valor dunha peza importante do noso patrimonio arqueolóxico.

FICHA TÉCNICA

Núm. de rexistro: 777

Obxecto: Relevo de O Corgo (fragmento de estela anepígrafa?)

Material: Granito

Dimensións: 47 x 28 x 30cm

Procedencia: O Corgo. Lugo

Cronoloxía: s.II d.C.

Conservación: boa

Descrición: Fragmento pétreo correspondente ao frontal do cuadrante superior esquerdo dun monumento funerario. Aparece representado un persoeiro masculino togado debaixo dunha fornela parcial. O rostro é imberbe con peiteado en floco recto, boca marcada con trazo recto, nariz de perfil triangular e ollos amendoados, sen pupila.



Foto 07. Relevo de O Corgo. Diferentes perspectivas



Foto 06



Foto 08

ANÁLISE

Esta peza escultórica foi atopada no ano 1935 no Camiño Real de Lugo a Monforte, nas inmediacións da Ponte de Neira (parroquia de San Xoán de Cela) segundo refire Vázquez Seijas, e entregada por D. Manuel Pardo Baliña⁹ ao Museo Provincial de Lugo en novembro do mesmo ano onde figura co número de rexistro 777. Na primeira ficha catalográfica realizada no Museo aparece unha nota aclaratoria ao respecto de que preto do punto no que se recoller estaba o camposanto da igrexa.

Ata agora tense considerada como parte dunha estela e a definición arqueolóxica dunha estela funeraria é “lousa ou pedra xeralmente plana que adoita fincar sobre a tumba e que pode levar inscrición (epitafio) e decoración relacionada coa morte, o defunto ou as crenzas. Son moi representativas da antiga *Gallaecia* as estelas funerarias de época galaico-romana. Para a súa tipoloxía e clasificación os arqueólogos atenden a diversos elementos coma o tipo de remate ou os elementos decorativos básicos”¹⁰. Segundo Díez Platas a estela como monumento funerario procedería, á súa vez, de Grecia. Tamén por influencia helénica no s. II a.C. en Roma impónse a tumba individual co retrato do defunto heroizado.

A función funeraria dunha estela está clara pero poden estar asociadas a tumbas de incineración ou inhumación¹¹ e, agás as anepígrafas, aportan datos sobre o morto coma o nome, idade, lugar de orixe, profesión, familiares...e por suposto, sobre o mundo espiritual da época. A lembranza e o culto aos defuntos era un tema de gran importancia no mundo romano en todos os estratos da sociedade e xunto coa memoria dos antepasados hai un arte funerario plasmado en distintas manifestacións e tipos como poden ser as propias estelas.

Polos paralelos posteriormente sinalados podemos observar que as estelas conservadas con decoración antropomorfa no *Conventos Lucensis*

ou na *Gallaecia* teñen unha factura similar en relación cuns artifices ou obradoiros locais. Neste caso e coas reservas que supón a análise non da peza completa senón só dun fragmento, pódese determinar para a obra corguesa unha boa factura estilística dentro da arte provincial romana e un certo dominio técnico no tratamento dos pregues e do rostro do personaxe representado. A calidade do traballo relivario é similar a outras estelas próximas como a de Crecente¹² (Lugo).



Foto 09. Estela de Crecente

En relación coa tipoloxía da estela de Crecente (vid. foto nº 9), por exemplo, o relevo de O Corgo podería tratarse do rexistro superior dunha estela

(9) Daquela membro, como vogal, da Xunta de Goberno do recentemente constituído Museo Provincial de Lugo posto que foi creado pola Deputación Provincial de Lugo na sesión plenaria do 29 de febreiro de 1932 aínda que non abriría ao público ata xaneiro de 1934 na ala sur do pazo de San Marcos (sede da Deputación).

(10) ROMERO MASÍA, A e ARIAS VILAS, F.(1995); *Diccionario de termos de arqueoloxía e prehistoria*. Páx. 77

(11) No Imperio Romano a partir do s. II d. C. prevalece a inhumación.

(12) Vid. RODRÍGUEZ COLMENERO, A. CARREÑO GASCÓN, C. (1997) ou MANDER, J. (2013) este último investigador denominaa estela de Apana polo nome da defunta que aparece no campo epigráfico.

de formato vertical pero coa cabeceira rectangular, aínda que ao non atoparse referencias a máis achados doutros fragmentos da mesma peza, tampouco se pode confirmar certamente tamaños e/ou disposicións decorativas; pese a todo estas estelas soen ter na parte inferior un epitafio ou campo epigráfico no que iría a inscrición e debaixo unha parte menos traballada porque estaría destinada a cravarse no chan. Esta disposición dos rexistros mencionados tende á verticalidade polo que estableceríase tamén o mesmo formato para este fragmento de estela lucense xunto coa característica frontalidade destas obras. Por outra banda e coma xa mencionamos, o fragmento analizado correspondería ao cuadrante superior esquerdo dunha estela ou monumento funerario polo que non se debe eliminar a posibilidade de que o persoeiro representado estivera acompañado doutra figura tendo en conta os moitos exemplos de parellas ou, en menor medida, conxuntos familiares que aparecen neste tipo de obras. Non obstante, agora tamén hai que ter en conta o feito de coñecer a profundidade real do relevo de O Corgo que, ao desincrustalo da parede, observamos unha anchura máxima de 30 cm., dos que 10 cm. corresponden á propia cabeza traballada ao xeito dun altorrelevo. Esta medida supón un gran volume inicial de materia prima para o traballo do escultor, coas reservas que supón o descoñecemento da peza enteira e por tanto do tamaño completo. En todo caso é unha profundidade superior ao resto das estelas conservadas no MPL; porén, en comparación cos numerosos retratos de monumentos funerarios romanos espallados por todo o Imperio e reflectidos en múltiples variacións tipolóxicas de formatos e de soportes, podería dubidarse da súa consideración de estela (fragmento) pero non do seu carácter de monumento funerario.

Tamén nas estelas bifrontes de Adai e Atán, expostas no MPL¹³, se representan figuras humanas; este é un motivo frecuente e relacionado cos dedicantes ou defuntos aos que se pretende lembrar. Colmenero (1993, p.411) di que as representacións humanas das estelas son retratos dos personaxes, heroizados ou non, dentro da tradición castrexa dos guerreiros galaicos ou das

(13) Vid. Catálogo do MPL: *A Plástica provincial romana no Museo de Lugo*, Lugo, 2011.

cabezas exentas¹⁴ inseridas nos muros entendidas estas como representacións de defuntos *sub imagine*, segundo Calo Lourido (1994), só en casos especiais hai temas mitolóxicos “cultos” como a escena de Dionisos e Ampelos. Non obstante, xa existen estelas antropomorfas sobre placa granítica no megalitismo galego coma as do monumento de Parxubeira que, segundo Rodríguez Casal¹⁵, son representacións antropomorfas que representan a materialización simbólica da divindade neolítica da morte e presiden o espazo funerario cun compoñente apotropaico.

As pegadas indíxenas aparecen con moita frecuencia nas estelas galaico-romanas, a propia proliferación da figura humana e moitos motivos xeométricos utilizados chegan da época neolítica polo que o mundo funerario galaicorromano bebe de fontes e tradicións prehistóricas. Os galaicos adoptarían os usos funerarios romanos¹⁶ incluíndo a inhumación pero modificándoos á súa propia idiosincrasia. Este sistema iconográfico continúa sobrevivindo ata mediados do s. VI xa no período suevo tal como establecen Franco Maside e Pereira Menaut¹⁷. Tamén aparecerán vestixios destas representacións figuradas asociadas ao mundo funerario paleocristián posterior.

En todo caso as representacións cumpren o seu cometido, é dicir, as figuras humanas pretenden ser retratos, máis ou menos conseguidos pero claramente intencionados, e, no caso de conxuntos ou escenas, establécese en base á disposición dos motivos e dos símbolos, unha narración ou unha identificación do motivo esculpido en relación coa función funeraria destas obras escultóricas.

O fragmento do relevo do Corgo aquí analizado e descrito parece conservar parte dunha fornela, na liña doutras estelas con personaxes baixo fornela¹⁸

(14) Cómpre separar dentro da plástica castrexo-romana as funcións das distintas tipoloxías estudadas, aí, por exemplo e segundo Calo Lourido (1994), os guerreiros galaicos de cronoloxía altoimperial non teñen carácter ritual, pero as cabezas humanas e as figuras sedentes posúen unha función funeraria como o caso das estelas.

(15) Rodríguez Casal, A. (1998:80) e (2003)

(16) Certamente o mundo funerario castrexo ten escasos referentes atopados fronte aos abundantes restos de necrópoles en época romana, pero neste caso as concomitancias entre ambas as dúas épocas veñen establecidas por parámetros xerais das representacións pétreas tendo en conta a pouca información relativa aos usos funerarios, aos propios enterramentos e mesmo á relixión ou crenzas anteriores á chegada dos romanos no Noroeste peninsular.

(17) Franco Maside, R. M^a e Pereira Menaut, G.: “Notas arqueolóxico-epigráficas en torno á morte na Callecia Antiga” en *Muerte y ritual funerario en la Historia de Galicia*, Sémata 17, 2006 páxs. 35-60

(18) Como a estela lucense de San Martiño do Río (Láncara) con dúas figuras sedentes en relevo e baixo fornela ou a de Crecente.

que aparecen de corpo enteiro, sedentes, ou só coa parte superior representada, individualmente ou en parella. Esta composición ás veces ven dada ao rebaixar a superficie material no que se realiza o traballo relivario propiamente citado para o retrato amosado; no caso que nos ocupa, a cabeza está coma un altorrelevo por diante da propia fornella cuxo marco, na parte menos erosionada e polo tanto máis evidente, mide 4 x 4 cm.

O personaxe de O Corgo podería ser ou ben un adolescente imberbe, un rapaz, ou ben a propia idealización do representado. O retrato ten concomitancias estilísticas coas máscaras funerarias e coa tradición da *imago* romana como a imaxe ou retrato do defunto. Os pregues do vestido, con escotadura en “V”, como sinala Colmenero, está representados mediante liñas incisas. O grao de realismo é importante posto que tamén se representa a dalmática suxeita ao pescozo por medio de *ansae*, enganchadas mediante fíbula cun botón circular, probablemente para sinalar o seu estatus social.

A execución artística das estelas varía; nalgúns casos ao establecerse paralelismos nas formas hai estelas que poden proceder de obradoiros comúns (tal como especifica Colmenero para as estelas de Vilar de Sarria e San Martiño do Río) pero outras poden presentar diferenzas de calidade apreciándose maior rudeza na execución. No caso do relevo de O Corgo a elaboración é tecnicamente axeitada e coidada, apreciándose sobre todo no pregue dos panos e no propio relevo. En xeral, a expresividade supera en intención ao realismo das máscaras funerarias ou da retratística oficial romana (idealizada ou non) e a execución considérase indíxena ou autóctona.

Na estela de Hércules, exposta no MPL¹⁹, pódese apreciar aínda restos de pintura, este estucado indica que a súa decoración ía máis aló da propia talla escultórica na pedra por tanto, o culto aos mortos, en base á coidada elaboración das estelas, tiña moita relevancia na sociedade indíxena romanizada, ou propiamente romana, dos nosos antepasados. O interese polas representacións escultóricas funerarias supón unha inversión en traballo, uns obradoiros de execución e uns

artistas/artesáns especializados coñecedores das simboloxías representadas e das crenzas/ritos en uso²⁰.

Outra característica das estelas lucenses é o seu material base: o granito, que pode xustificarse en base á abundancia desta materia prima ou a unha elección intencionada²¹.

CRONOLOXÍA:

En xeral, as estelas galaicorromanas con figuras humanas, solas ou asociadas, son, segundo Colmenero, na súa maioría tardías, arredor do século IV e procedentes do eido rural. Outras teorías, non obstante, establecen unha cronoloxía altoimperial. Quizais no relevo de O Corgo e en relación con enclaves romanos estables como era *Lucus Augusti* e o seu entorno de influencia, podería considerarse a datación en torno ao século II da nosa era. En todo caso, ao tratarse da cronoloxía dun fragmento e ademais sen inscricións, é moi arriscado concretala con exactitude. As estelas máis antigas son dos séculos I e II d.C. (a estela de Crecente está datada a mediados do século I d.C.) pero sobreviven despois do s. IV ou ata a aparición da iconografía cristiá.

PARALELOS

Existen bastantes exemplos de estelas figuradas que se asemellan en posible tipoloxía e/ou elaboración ao relevo de O Corgo polo que podemos establecer paralelismos coas seguintes pezas: estela do castro de San Facundo de Cea (Ourense. No Museo Arqueolóxico respectivo), as portuguesas de Cural de Vacas (Chaves), Aguarrevés (Valpaços. No Museo da Região Flaviense), a estela de *Iulius Severianus* (Cidadela, A Coruña), a de San Tirso de Cando (Noia, A Coruña), San Cosme de Antes (Mazaricos), Soñeiro (Sada, A Coruña), Mazarelos (Oza dos Ríos, A Coruña, Museo Histórico Arqueolóxico de A Coruña), Miráns (Rianxo. A Coruña. No Museo de Pontevedra), Troitosende (Negrreira, A Coruña)²².

(19) Vid. *A plástica provincial romana no Museo de Lugo* 2011 páx. 28.

(20) Existen estudos comparativos sobre o prezo da morte no mundo romano, entendido como o gasto que suporía a realización dun monumento funerario en relación cos traballos a realizar onde se inclúen como mínimo un lapicida para as inscricións e un escultor para as representacións elixidas.

(21) O mármore tan abundante na plástica romana, nesta zona non se utiliza con tanta frecuencia, só temos un exemplo significativo no MPL que é a cabeza de Venus, cuxo mármore procedería do Incio.

(22) Vid. fotografías destes paralelos en Rodríguez Colmenero (1993)

A estes exemplares máis afastados xeograficamente hai que engadir as integradas por Colmenero no “grupo lucense de estelas funerarias” cuxo subgrupo 4 recolle as estelas con representación humana das que sinala a de Vilar de Sarria (Lugo. No Museo de Pontevedra); San Martiño do Río (Láncara, Lugo. Na igrexa respectiva), a de Vilamaior de Adai (Preto de Lugo. No MPL), a de Seoane de Atán (Lugo. MPL) e, por último, a aparecida máis recentemente (en 1996): a estela de Crecente (San Pedro de Mera, Lugo. MPL.). Todas elas son ás máis achegadas á peza corguesa.

Máis lonxe, pero tamén consideradas como paralelos estaría o grupo de estelas do *hinterland*²³ de Vigo²⁴ onde se atopan estelas con representacións humanas acompañadas de figuras xeométricas como a estela de *Publius Ursus*, a do Estandarte ou a de *Dionysos e Ampelos* e noutro subgrupo as de representacións exclusivamente humanas como a de Atios (Porriño) ou a estela do Xuramento (no Museo de Vigo).

Estelas con fornela, como xa mencionamos, ademais da devandita de Crecente hai varios exemplos algunhas xa sen figuras e outras con elas moi deterioradas ou rudamente realizadas.

Outra modalidade de estelas figuradas son as antropomorfas coma a do Museo de Sta. Tegra (A Guarda, Pontevedra).

A representación das figuras humanas ten relación cos propios defuntos e no caso de ser bifrontes, no reverso as escenas soen ser de carácter funerario.

No Museo Provincial de Lugo amósase unha importante colección de estelas sendo especialmente senlleiras as bifrontes²⁵ en cuxo anverso aparecen as figuras humanas mentres que no reverso representan escenas máis desenvolvidas como a de Adai²⁶, a de Atán²⁷, a de Hércules²⁸ ou a

da loba capitolina²⁹. As estelas bifrontes de Lugo son exemplares especialmente salientables dentro da produción funeraria romana. Con todo, tamén se expón na colección permanente de escultura provincial romana o relevo de Vilarín³⁰, o Relevo do *signifer*³¹, o Relevo de Xúpiter³² amén doutras pezas de vulto redondo como a escultura togada de Saa (Lugo) e un retrato feminino en mármore atopado en *Lucus Augusti*.³³

CONCLUSIÓNS

- Estamos ante unha peza que confirma a existencia dunha importante produción artística autóctona dentro da órbita provincial romana preto dun centro romanizador importante, *Lucus Augusti*.
- O Relevo de O Corgo englobase dentro das manifestacións escultóricas funerarias non cristiás testemuñando uns ritos, crenzas e simbolismos socioculturais concretos polo que trátase dun documento histórico e artístico de gran relevancia para o noso patrimonio cultural.

BIBLIOGRAFÍA

ACUÑA CASTROVIEJO, F.; “Catálogo monumental selectivo de la Galicia Actual en época romana” *Estudios Cerámicos de Sargadelos*, 13-18.

–“Notas sobre la morfología y decoración en las aras y estelas de Galicia en época romana” en *Studia Archaeologica* XXXII Valladolid, 1974, páxs.17-31

–“A escultura da Gallaecia” en *Galicia Castrexa e Romana (Galicia Terra Única)* 1997 páxs. 238-245

– RODRÍGUEZ CASAL, P. “La plástica funeraria en la Galicia romana” en *Actas de la III reunión sobre escultura romana en Hispania Ministerio de Cultura*, Madrid, 2000 páxs. 197-209

(23) Así denominado por Colmenero (1993:404 a 420)

(24) O conxunto de estelas de Vigo establecen *per se* un centro de produción propio.

(25) Vid. artigo de F. Díez Platas; “Sólo imágenes para la muerte: la cuestión de las estelas bifrontes galaicorromanas” en *Sémata* n°17. 2006 páxs. 61-74 e catálogo *A plástica provincial romana no Museo de Lugo* (2011)

(26) Polo anverso representa dúas figuras humanas (masculina e feminina) sedentes e frontais e polo reverso sendas escenas: a superior amosa a loita dun home con tridente cun oso e a inferior ten tres aves. Está datada no s. IV.

(27) No anverso ten dúas figuras humanas sedentes e frontais (fáltanlles as cabezas respectivas) e no reverso tamén dúas escenas: na parte superior aparecen dous cabalos marchando cos seus xinetes e na inferior hai dous animais.

(28) No anverso represéntanse dúas figuras togadas e no reverso unha escena cun animal e unha figura que se interpreta como Hércules co centauro Neso.

(29) Polo anverso aparece unha figura togada sedente e no reverso a parte dianteira dunha loba e debaixo dúas pequenas figuras (Rómulo e Remo)

(30) Representa unha escena cun desfile procesional con tres animais para o sacrificio.

(31) Representa parte do torso dun personaxe togado que se interpreta como un *vexiliarius* ou *signifer*.

(32) Nesta placa rectangular represéntase unha escena cunha figura humana xunto cunha ara sobre a que se pousa unha aguia coas ás estendidas.

(33) Vid. imaxes de todas elas no catálogo *A plástica provincial romana no Museo de Lugo* (2011)

- ARRIBAS ARIAS, F., CUBA RODRÍGUEZ, X.R., REIGOSA CARREIRAS, A.; *Guía do Museo Provincial de Lugo*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 2003
- BUJÁN GARCÍA, J.M.; “Los franciscanos en Lugo. Centenario de su restauración” en *Lucensia* t. VII, nº 14. Lugo, 1995, páxs. 77-96
- CALO LOURIDO, F.; *A plástica da Cultura Castrexa Galego-Portuguesa*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, conde de Fenosa. 1994.
- MANDER, J.; *Portraits of children on Roman funerary monuments* Cambridge. 2013.
- PÉREZ MARTÍNEZ, M.; “Arquitectura mendicante en Galicia: el ejemplo de San Francisco de Lugo”, separata de *Estudios Mindonienses*, nº 12, 1996 páxs. 13-190
- “El claustro del antiguo convento de S. Francisco de Lugo” en *Lucensia*, nº 14, 1997, páxs. 41-63
- RODRÍGUEZ CASAL, A. “Las estelas antropomorfas de Parxubeira en el contexto de la estatuaria megalítica del Noroeste de la Península Ibérica”. *Archèologie en Languedoc*, 22, 1998.
- “ Imagen apotropaica y espacio ritual funerario en el megalitismo gallego (4000-2000 a. C.) en *Profano y pagano en el arte gallego*, Sémata, 14, 2003 páxs. 15-36
- GONZÁLEZ LOPO, D. (edits.); *Muerte y ritual funerario en la Historia de Galicia*. Sémata, 17. USC. 2006.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: “Escultura en relieve y bulto redondo”, *Arte Prehistórico y Romano*, GALICIA-ARTE IX. Hércules de Ediciones, S.A., 1993, páx.385.
- “O mundo funerario galaico-romano” en *Galicia Castrexa e Romana (Galicia Terra Única)*. 1997 páxs. 246-254
- CARREÑO GASCÓN, C.: “A estela monumental de Crecente” en *Galicia Castrexa e Romana (Galicia Terra Única)*, 1997, páxs. 274-279
- VÁZQUEZ PARDO, E.; “El claustro del antiguo convento de San Francisco” *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Histórico-Artísticos de Orense*. Tomo VI, nº 136, xaneiro-febreiro 1921.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M.; “El claustro de San Francisco de Lugo”, *Boletín Auriense*, V, 1975, páxs. 339-341
- “Nuevo edificio para el Museo Provincial”, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Histórico Artísticos de Lugo*, VOL,4, Nº 33, 1950, Páxs. 236-238
- VILLAAMIL Y CASTRO, J.; *Iglesia conventual de San Francisco de Lugo*, Lugo, Tip. de A. Villamarín, 1895.
- TRAPERO PARDO, J. ;“Mvseo. Claustro de San Francisco, Monumento Nacional y atractivo principal do Museo”, *Lucus*, nº 15, 1989, páxs. 39-42
- O claustro franciscano do Museo Provincial de Lugo*. MPL, Deputación de Lugo, 2011
- Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Ministerio de Cultura, tomo IV, 1980, páxs. 26-28
- Inscripciones romanas de Galicia II. Provincia de Lugo*. Santiago de Compostela, 1954, páx.110 e 384
- A plástica provincial romana no Museo de Lugo*. Deputación de Lugo, 2011.

RESUMO

O noso obxectivo é facer un estudo sobre catro parroquias do concello do Corgo baseándonos nos datos ofrecidos nas Respostas Xerais do Catastro de Ensenada (1749-53), dispoñibles no Portal de Archivos Españoles do Ministerio de Cultura. A mostra estaría formada por: San Pedro de Cerceda, Santa Mariña de Cabreiros, Santo Estevo da Folgosa e San Xoán do Corgo. É preciso indicar que, debido á finalidade fiscal do propio Catastro, a maior parte dos datos son de tipo económico. Tendo isto en conta, a existencia de determinados elementos "atípicos", ou polo menos non comúns nese contexto xeográfico, permite tirar conclusións de diferente índole. En definitiva, a finalidade do traballo sería facer un retrato o máis exacto posible desas catro parroquias corguesas a mediados do século XVIII e incluso, máis aló do seu carácter especial dentro de todo o conxunto, do propio concello.

PALABRAS CLAVE

Século XVIII, Catastro de Ensenada, O Corgo, Cerceda, Cabreiros, Folgosa.

1. LIMIAR

A o abeiro do século XVIII, introducímonos nun tempo que agocha numerosas fontes documentais que permiten dar as primeiras pinceladas sobre o cadro que formaban xentes e lugares, até o momento, case impensable; e baixo a pregunta de Xiz¹, Hai un carácter especial, trazos definidos, algunha característica propia, nas xentes do Corgo? mergullámonos nunha análise de terras descoñecidas².

O punto de partida constitúeo a selección de catro freguesías en función dun criterio simbólico no concello: a presenza dun pazo. Baseándonos nas procuras realizadas na web municipal e considerando, dentro da riqueza patrimonial corguesa, a diferenza entre “pazo” e “casa grande”³, foron:

Rey Modia, Jesús.

Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago

Páramo Iglesias, M^a Beatriz.

Diplomada e Mestra en Educación Infantil pola Universidade de Santiago e Persoal Investigador en Formación da Universidade de Vigo

Agradecementos: Ao CEC por abrir unha porta ao futuro destas terras. A Hortensio Sobrado, Ofelia Rey e Concepción Burgo polas súas inestimables achegas.

Santa Mariña de Cabreiros, San Xoán do Corgo, Santo Estevo de Folgosa e San Pedro de Cerceda que, ao mesmo tempo, supoñen unha boa representación das dúas grandes xurisdicións presentes na época; á de Adai pertencen as tres primeiras parroquias; e á da Pobra de San Xiao, a última.



Ilustración 1 Páxina de presentación do Libro Real de Legos de Santa Mariña de Cabreiros. AHPL, Real Intendencia de Galicia, Catastro de Ensenada, 10409-13.

(1) XIZ, X. O Corgo, *amplio horizonte*. Concello do Corgo.
 (2) ARIAS VILAS, F., NOVO CAZÓN, J.L., BURGO LOPEZ, C. e SOUTO BLANCO, M.J. *Historia de Lugo*. A Coruña: Vía Láctea, 2001.
 (3) Entendemos por “pazo” a “casa grande, antiga e nobre, especialmente a situada no medio rural”, mentres que a “casa grande” sería “a de xente rica ou máis importante dun lugar”, seguindo un criterio unicamente económico. REAL ACADEMIA GALEGA. *Diccionario da Real Academia Galega*. 2012. <http://www.realacademiagallega.org/diccionario#inicio.do> (Consultada o 23/abril/2013).

Para levar a cabo esta tarefa, empregaremos os datos ofrecidos nas Respostas Xerais do Catastro de Ensenada (1749-53), a través do Portal de Archivos Españoles, que permite un acceso rápido a esta inmensa masa documental. A partir de aquí, e empregando multitude de apoio bibliográfico, analizaremos o proceso de xestación da fonte documental e o marco xeográfico e administrativo no que se encadran esas parroquias, para pasar a unha descrición e valoración da súa poboación, economía e fiscalidade. Deste xeito, poñendo a nosa ollada no xeral e no local, nos señores e nos vasalos, tentaremos facer unha aproximación á vida dos corgueses a mediados do século XVIII.

1.1 Da suor dos campesiños, os cartos dos señores : a maraña do Antigo Réxime

O marco político-administrativo no que se insería a Galiza de mediados do século XVIII era extremadamente complexo e heteroxéneo, cunha organización de orixe medieval e que perduraría até a entrada do liberalismo⁴.

Tentar facer intelixibles os arrevesados, e moitas veces problemáticos, vínculos entre os diferentes niveis do poder señorial, a autoridade real e as institucións eclesiásticas, supón unha tarefa pouco doada, mais centrar a atención no máis próximo pode chegar a ser esclarecedor.

Así, en función da parroquia na que vivise, un campesiño do Corgo podía estar baixo o dominio da condesa de Lemos, do bispo de Lugo, do convento das dominicas desa cidade, da Encomenda de Portomarín ou de numerosos señores laicos con diferentes rangos de nobreza, que podían habitar ou non nesas mesmas freguesías⁵.

Restrinxindo aínda máis a nosa ollada cara á cartografía xurisdiccional do concello, circunscribímonos unicamente ao dominio da Casa de Lemos, cuxos estados eran case tan grandes como os que posuía o propio rei en Galiza, e que tiñan a meirande parte das terras do Corgo⁶. Ese mesmo campesiño podía habitar nunha ou outra xurisdición nas que se dividía o propio condado e que eran dirixidas por xuíces ou alcaldes ordinarios, nomeados

pola propia condesa, e tamén por mordomos pedáneos en cada unha das freguesías rurais; tamén podía habitar nun couto, a circunscrición máis pequena, suxeita directamente ao nobre en cuestión, ao que lle correspondían multitude de atribucións⁷. Tendo en conta que cada unha desas divisións e subdivisións podían non ter continuidade xeográfica e ser “interrompidas” por outras, a complexidade acentuábase, e todo nos 158 km cadrados do actual concello⁸. Ademais, hai que ter en conta a organización eclesiástica que, partindo das parroquias, agrupábaas en arciprestados, até chegar aos diferentes arcediagados cos seus arcediagados e ao bispo de Lugo, cabeza da diócese.

Os diferentes monarcas continuaron o proceso de reforzamento do seu poder que levaran a cabo dende os Reis Católicos en convivencia cos diferentes graos de autonomía de todas estas figuras, aínda que os conflitos fosen frecuentes. Ao mesmo tempo, establecían as súas propias institucións para o control do Reino de Galicia, como a Real Audiencia, a Intendencia ou o Gobernador⁹.

Mención aparte merece o capítulo das cargas fiscais, coas que o estamento non privilexiado contribuía ás facendas señorial, eclesiástica e real, e que en parte dependía de todo o anteriormente dito, xa que o peso a soportar era maior ou menor segundo de quen se fose vasalo. Deste xeito, o campesiño corgués pagaríalle ao señor, ao rei, á súa igrexa e incluso a unha que non era a súa (véxase apartado de fiscalidade). Aínda así, este eido tampouco resulta simple. Por exemplo, a alcabala, que supoñía o pago dunha porcentaxe de calquera artigo que se vendese ou permutase na coroa de Castela, comezou sendo proporcional, e a Coroa acabaría permitindo o seu “encabezamiento” (é dicir, a súa conversión nunha cantidade fixa) e incluso que fose enaxenada. Por outra banda, a Igrexa fixo algo semellante co décimo, o pago dunha décima parte das colleitas, que era a renda máis beneficiosa para o clero das parroquias pero que acabou por ser cedida á nobreza, fidalgos e diferentes institucións asistenciais¹⁰.

(4) SAAVEDRA VÁZQUEZ, M.C. “Las instituciones políticas gallegas en época moderna: estado de la cuestión”. *Semata*. 2004, nº 15, pp. 131-163.

(5) PEREIRA OLIVEIRA, M.D. (Coord). *O Catastro do Marqués de la Ensenada*. Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Xunta de Galicia, 2005.

(6) EIRAS ROEL, A. “El Régimen señorial en Galicia a finales de la Edad Moderna: evaluación”. *Obradoiro de Historia Moderna*. 1997, nº 6, pp. 7-49.

(7) GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J.M. “La justicia local y territorial en la Galicia del Antiguo Régimen”. *Obradoiro de Historia Moderna*. 1995, nº4, pp. 233-254.

(8) XIZ, X. *O Corgo...*

(9) SAAVEDRA VÁZQUEZ, M.C. “Las instituciones políticas...”

(10) REY CASTELAO, O. “El reparto social del diezmo en Galicia”. *Obradoiro de historia moderna*. 1992, nº 1, pp. 145-162.

1.2 As terras do Corgo: a agulla do pallar

Esta relativa uniformidade espacial e xeográfica, ao abeiro da estrutura político e estamental que conforma estas terras, permítenos estudar as características que definían o sistema, a través da análise de catro parroquias que se sitúan en puntos opostos no actual marco que configura as nosas terras.

A gran señora do territorio era Rosa María de Castro y Centurión, Grande de España, condesa

constata Eiras Roel¹³, o que lle outorgaba un peso moi considerable. No tocante ás parroquias corguesas, destacaríase a elección dos párrocos, unha escolla estratéxica, posto que estes formaban parte da súa rede clientelar e actuaban como un pilar de apoio ao seu poder, adoutrinando a poboación a través dos seus sermóns.

O criterio espacial constituíu o eixe principal de selección para poder contemplar e ter unha visión global destas terras, pero non o único. O interese que reverte unha sociedade estamental¹⁴ no Antigo



Ilustración 2. Mapa xurisdiccional do Corgo a mediados do século XVIII (adoptado de PEREIRA OLIVEIRA, M.D. (Coord.). *O Castro do Marqués de la Ensenada Lugo*: Arquivo Histórico Provincial, Xunta de Galicia, 2005)

de Lemos e marquesa viúva de Aytona¹¹. A mediados do XVIII, o condado de Lemos estendíase polo interior de Lugo, onde se atopaba o solar da casa e que incluía os condados de Sarria e Vilalba; o contorno das rías de Ares e Ferrol, na Coruña, antigos dominios da casa de Andrade que se incorpora á de Lemos co IV Conde; as comarcas de Lalín e Dozón, en Pontevedra, e un núcleo no norte de Ourense, á esquerda do río Sil¹².

Dende a súa residencia en Madrid, Rosa María de Castro dirixiu os seus dominios baixo os parámetros do reformismo ilustrado, conxugando opresión e docilidade, configurando unha imaxe maternalista para os seus vasallos, que eran 27.430 segundo

Réxime, leva a escoller catro freguesías que naquel 1753 contaban coa presenza dun pazo¹⁵, que como se observará nas páxinas seguintes, non se amosa como tal no Catastro, pero si certas consecuencias da presenza de nobres e a súa relación na administración local, cos campesiños e co estamento do clero¹⁶.

Nas primeiras preguntas do interrogatorio que ocupa o instrumento de recollida de datos para a análise e reflexo de como se organizaba a sociedade rural, recóllense datos referidos á freguesía en canto dimensións e delimitacións¹⁷ do territorio, non tan dispares do que hoxe conforma o municipio de O Corgo.

(11) GALÁN ROJO, E.M. "La Condesa de Lemos: Poder e Ilustración". En: FERRER BENIMELI, J.A. (dir.); SARASA, E; SERRANO, E (coords.) *El conde de Aranda y su tiempo*. Vol. I. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, CSIC, 2000.
(12) SIMÓN LÓPEZ, M. "De Monforte a Sicilia: notas sobre las rentas de la Casa de Lemos en el siglo XVIII". En: SARASA SÁNCHEZ, E; SERRANO MARTÍN, E. (eds.) *Señorío y feudalismo en la Península Ibérica*. Vol. III. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, 1993.

(13) EIRAS ROEL, A. "El Régimen señorial...".
(14) ABUÍNARIAS, J. *Historia de Corgo*. Diputación de Lugo, 2000.
(15) O pazo de Cerceda, hoxe en ruínas; Pazo de Santa Mariña en Cabreiros; Pazo de Piñeiro en San Estevo de Folgosa; e o Pazo de Valcarce, en San Xoán do Corgo.
(16) ABUÍNARIAS, J. e GONZÁLEZ DÍAZ, J. "O pazo do Corgo". *CORGA*, 2011, N° 2, pp. 46-57.
(17) Recóllense as nomenclaturas e termos utilizados nas Respostas Generales.

Santa Mariña de Cabreiros, parroquia que dista de norte (San Bartolomeu de Chamoso) a sur (Sta. María Madanela de Manán de Arriba) 1/6 legua; e de leste (San Pedro de Chamoso) a oeste (Santiago de Chamoso) 1/8, cunha circunferencia de 1/2 legua, que implicaba unha hora de percorrido. Os elementos marcadores, dende o leste e en sentido levoxiro serían o marco de pedra chantada, Pena Longa do Queiño, monte Ladrón, Rega da Fermosa, fonte de Albite, Pena Forcada, Abeledo, camiño de Cachamonde, regato do Bocelo, sitio do Queiño e novamente o marco de pedra chantada.

En Santo Estevo de Folgosa, a distancia en leguas de norte a sur (San Pedro de Santa Cruz do Picato a San Martín de Folgosa) era de 1/6; e de leste a oeste (Sta. María de Pacios a Sta. María de Franqueán) de 1/4. O seu perímetro quedaba establecido polos lugares de Pena da Pena Aguda, marco do Cotollón, Camiño Real, sitio do Rodelo, marco no sitio de Zarra do Lodeiro, Pedreira do Couto, Monte de Bica da cal, o regato de Escornacabras que sae desta fonte ata o río Esevira, sitio de Ponte de Silva, marco de lousa de Veiga de Ancelos, outro de Castro da Silva, e o de Bragada para rematar na primeira pena mencionada, cunha hora, 3/4 legua, de circunferencia.

San Pedro de Cerceda cuxos límites son ao norte San Estevo de Farnadeiros e o sur Sta. Cruz de Vilasante (distanto 1/8 legua); e ao leste San Xoán de Cela e ao oeste o Río Miño (cunha distancia entre estes puntos de 1/4 de legua, cun percorrido da circunferencia de 3/4 de legua, sobre unha hora). Os elementos definitorios da parroquia son a Pena do Corvo no Río Miño, Pena do Castelo, castro do Bacariza, marco dos Pedrouzos, medorra de Vañoa, río Neira e a pena do Corvo.

E por último, San Xoán do Corgo, a parroquia con maior circunferencia (1 e 1/4 de legua, é dicir, hora e media de percorrido); distaba de norte (San Fiz de Bergazo) a sur (Sta. María de Marei) 1/2 legua; e de leste (San Salvador de Castrillón) a oeste (San Cristobal de Chamoso) noutra media. O territorio queda definido polo marco do Pereira, fonte de Serín (debaixo da casa de Xoán Díaz), Rega da Traiña, lagoa Vella, Veiga de Lamas, marco de Tras da Agriña de Lamas, Escairo do Conde, Pasos de Lama Longa, Airarría, Chavide, Garandelas, marco de Seijo Blanco, medorra de Carballeira de Bascuas, poza dos Labancos, medorra do Corgo e de volta no primeiro marco.

2. O CATASTRO DE ENSENADA

2.1 Pegadas inmediatas do pasado

Cando o obxectivo do estudo pasa por achegar unha dinámica dunha poboación, faise máis que necesario procurar documentos que conformen unha fonte de datos, un esbozo da realidade a estudar. Temos a sorte de contar cun documento dun prodixioso valor, as Respostas Xerais do Catastro de Ensenada, primeiro gran censo e recompilación de datos da Coroa de Castela no século XVIII.

As inxustas e complexas rendas provinciais ás que estaban sometidas todas as xentes de Castela levaron a que se puxese en marcha un proxecto de reforma fiscal que as substituiría por un único imposto que deron en chamar a Única Contribución. O pensamento dos primeiros ilustrados que se estaban a establecer en Europa, acrecentou a necesidade de poñer orde na Real Facenda¹⁸, o que levou a Fernando VI ditaminar o Decreto do 1749 que sentaba as súas bases nunha contribución axustada as riquezas de cada quen. Dando os primeiros pasos para estendela por todo o territorio e dar por finalizado o caos fiscal que asolaba as terras da Corgo, Fernando VI ordena baixo a súa dirección e impulso político a Cenón de Somodevilla y Bengoechea, Marqués de la Ensenada¹⁹, a realización dunha indagación que levaría por nome o de Catastro de Ensenada.

Os fundamentos que desta reforma se desprendían non eran flamantes nin innovadores, pero a súa orixinalidade radicaba na determinación de poñelas en marcha, como facía saber Fernando VI: *“No ha sido nueva la idea, pero acaso será vuestra Magestad el único soberano que la establezca con tanta formalidad y conocimiento de las partes más mínimas de sus dominios, y con la equidad de haber ocupado muchos vasallos honrados en años calamitosos, dejando beneficios a los pueblos con sus precisos consumos en lugar de gravarlos con un solo maravedí”*.²⁰

Camarero Bullón sinala como único eixo da análise as rendas provinciais, que afectaban a todos e, sobre todo, aos produtos básicos, causan-

(18) CAÑADA, S. *Gran Enciclopedia Galega*. Pontevedra: El Progreso Diario de Pontevedra, 2003.

(19) CAMARERO BULLÓN, C. “El Catastro de Ensenada, 1749-1759: diez años de intenso trabajo y 80000 volúmenes de manuscritos”. *Catastro*, 2002.

(20) CAMARERO BULLÓN, C. “El catastro...”

tes de todo tipo de abusos e calumnias, onde residía a “verdadeira riqueza”²¹. O estudo abrangue as vinte e dúas provincias que compoñían a Coroa de Castela durante os anos 1750 e 1754 en canto a bens e dereitos.

que en Galiza quedaría fixada na freguesía ou parroquia, e non por concello, como no resto de Castela²³. Quedaba así aberto o prazo para a entrega de toda a documentación e declaración.




Ilustración 3. Real Decreto de Fernando VI de 10 de octubre de 1749, *Real Decreto de su Majestad para que con arreglo a la Instrucción, Formularios y Planes que le acompañan se averigüe los efectos en que puede fundarse una sola Contribución para el mayor alivio de sus Vasallos, en lugar de las que componen las Rentas Provinciales*. AHN, Consejos, Libro 1510, Folio 16.

Hoxe cunha crédula ollada pode parecer unha información incompleta e imperfecta²², pero conformaba unha radiografía do que semellaban os principios e piares dunha sociedade e dun estado modernos. Malia non acadarse nin o froito fiscal buscado nin a transformación económica, serviu para que hoxe poidamos coñecer, imaxinar e voar sobre o que foron as nosas terras.

2.2 Corenta respostas e algunha mentira

Para dar resposta á configuración dese mapa de veciños e bens elaborouse un interrogatorio de corenta preguntas (ver ilustración 3) ás que respondería todo veciño sen importar o estamento.

Un aspecto pouco indagado sobre o catastro, é todo o enxame organizativo e regulado que disto derivou. Comezando cunha carta, pregón e bando, dábase por anunciada a data de chegada do equipo catastrador, á unidade territorial catastral. En canto a isto, afloraban moitas dificultades para determinar que formaba unha unidade catastral, derivado da dispersión da poboación, polo que se determinou

As preguntas pretendían obter respostas formais sobre aspectos moi diversos da poboación, quedando distribuídas na seguinte táboa (táboa 1).

Chegado o día comezaba unha auténtica “caza de bruxas” onde todas as respostas dadas (que compoñían as Respostas Xerais) eran corroboradas, medíanse as casas, comprobábanse os datos, facíase conta de gando e terras, para confeccionar os diferentes documentos que conformaban o proceso, e finalizar cunha lectura íntegra en “concejo abierto y público”. Estes documentos eran:

-“*Libros Reales*”, de *Legos* e de *Eclesiásticos*, que recollían todos os bens e as rendas de cada individuo, no primeiro sobre os seculares, e nos segundos sobre os membros do clero (ver ilustración 4).

-“*Libros Personales*”, que mostraban os datos familiares de cada cabeza de casa, e o seu estado civil, idade, profesión, estamento, número e idade dos fillos e profesión, distinguindo tamén entre libros de *Legos* e de *Eclesiásticos* (ver ilustración 5).

(21) DONEZAR DIEZ DE ULZURRUN, J.M. “El Catastro de Ensenada y su proceso de formación (1750-1760)”. *Revista de la Facultad de Geografía e Historia*, 1989, nº 4, pp. 207-224.

(22) DOMINGUEZ ORTIZ, A. “El Catastro de Ensenada en su circunstancia”. *Catastro*, 2002.

(23) PEREIRA OLIVEIRA, M.D. (Coord). *O Catastro do Marqués...*

ANÁLISE DAS TERRAS DO CORGO A MEDIADOS DO XVIII A PARTIR DAS RESPÓSTAS XERAIS DO CATASTRO DE ENSENADA

	Ámbito de resposta	Preguntas
Datos contextuais e demografía	Nome da poboación	1 Como se chama a poboación
	Xurisdición	2 Se é de realengo, de señorío, a quen pertence, que dereitos percibe e canto producen
	Extensión e límites	3 Que territorio ocupa de norte a sur e de levante a poñente, cantas leguas e horas de circunferencia, que límites e a figura que ten
	Medidas de superficie e capacidade que se usan	9 Que medidas de terra se usan, a súa equivalencia en varas <i>castellanas en cuadro</i> , e que cantidade de cada especie de grans se sementa
		10 Que numero de medidas de terra hai, por especie e por calidade
	Censo de poboación, con veciños, xornaleiros, pobres de solemnidade, censo de clérigos	21 Que número de veciños compón a poboación, e cantos en casas de campo
		35 Que número de xornaleiros hai e o seu xornal diario
		36 Cantos pobres de solemnidade hai na poboación
38 Cantos clérigos hai		
Actividade agraria e gandeira	Tipos de terra	4 Que especies de terra hai, se de rego ou secaño, distinguindo de hortaliza, sementeira, viñas, pastos, bosques, montes e número de colleitas
		5 De cantas calidades de terra hai en cada unha das especies
	Árbores	6 Se hai algún plantío de árbores en terras
		7 En que terras están plantadas
		8 Como están feitos eses plantíos
		13 Cal é o seu valor
	Produtos agrícolas	11 Que especies de froitos se collen
		12 Que cantidade de froitos de cada xénero se recolle por ano e calidade
	Gandos	18 Se hai esquilmo, a quen pertence, número de gando e utilidade
		19 Se hai colmeas, cantas e a quen pertencen
20 Que especies de gando hai e se algún veciño ten habenza.		
Infraestruturas	Minas, salinas, muíños e outros “artefactos”	17 Se hai minas, salinas, muíños fariñeiros ou outros artefactos, distinguindo de que metal, e o seu uso e utilidade que produce
	Conventos	39 Se hai conventos, de que relixión e o número de cada un
	Casas e outros edificios	22 Cantas casas hai na poboación, cantas en ruínas, e se hai de señorío
	Hospitais	30 Se hai hospitais, de que calidade, que renda e de que se manteñen
Actividades complementarias	Actividades industriais e comerciais	29 Cantas tabernas, mesóns, tendas, panadarías, carnizarías, pontes, barcas, mercados, a quen pertencen e que utilidade teñen ao ano.
	Oficios	31 Se hai algún comerciante, mercader ao por maior, etc., e que utilidade ten ao ano
		32 Se hai algún tendeiro de panos, roupas de ouro, prata e sedas, lenzos, especias ou outras mercadorías, médicos, cirurxiáns, boticarios, notarios e arrieiros e a súa ganancia
		33 Que ocupación de artes mecánicas hai, como albaneis, canteiros, veterinarios, ferreiros, zapateiros, xastres, etc., explicando o número que hai e a súa utilidade ao día
		34 Se entre os artistas, algún fai prevención de materiais do seu oficio, para vender ou facer algún comercio e a utilidade
Embarcacións	37 Se teñen embarcacións de mar ou río, o seu porte, uso, dono e a utilidade ao ano	
Fiscalidade e outros	Décimos e primicias	15 Que dereitos hai nos impostos sobre as terras e a quen pertence
	Bens propios do común	23 Que propios ten o Común, e a que ascende o seu produto
	“Sisa” se arbitrios	24 Se o Común goza de arbitrio, “sisa”, que cantidade produce, a que fin se concede, sobre que especies e o seu produto
	Gastos do común	25 Que gastos debe satisfacer o Común (como salarios, festas, empedrados, fontes)
	Impostos	26 Que cargos de Xustiza ten o Común, como censos, o seu importe e o motivo
		27 Se está cargado de Servizo Ordinario e Extraordinario
		15 Que valor teñen eses froitos
	Bens traspasados Rendas propias do Rei	16 A que cantidade de froitos adoitan montar os referidos dereitos de cada especie
28 Se hai empregos, ou outras rendas traspasadas, a quen, de canto e o que producen		
		40 Se o Rei ten no termo algunha finca ou renda, cales son, como se administran e canto producen

Táboa 1 Ámbitos e preguntas do Interrogatorio (elaboración propia).

Especies.	CLASES.		Clases.
	Calidad	Productos en R. V.	
Reales. Matanzos.			
Viña	1ª	15	4
	2ª	3	1
Prato	1ª	12	3
	2ª	7	5
	3ª	4	2
Labradío	1ª	35	2
	2ª	3	7
	3ª	2	2
		47	
Prato	1ª	6	6
	2ª	4	4
		28	40
		47	47
		5	79

Ilustración 4. Cadro das clases de especies, calidades e produtos do Libro Real de Legos de San Estevo de Folgosa. AHPL, Real Intendencia de Galicia, Catastro de Ensenada, 10203-15.



Ilustración 5. Páxina da presentación do Libro Persoal de Legos de San Xoán do Corgo, na que se comeza a relación dos nobres da freguesía con Juan Valcarce Neira y Osorio. AHPL, Real Intendencia de Galicia, Catastro de Ensenada, 10318-14.

-“Mapas” ou “Estados Generales” de cada lugar e de cada provincia, que conformaban un resumo a grande escala de todos os datos recollidos.

O volume de todas as cifras que se derivaban desta profunda análise ten que ser posto en dúbida²⁴. A dispersión xeográfica e o carácter da poboación (en canto ao afán de dispor dunha maior parte do seu produto, canto máis cando as colleitas non foran as desexadas) facilitaban a ocultación e a fraude no momento da declaración de bens. Pero os campesiños eran sabedores doutras peripecias para isto: a eficacia da vixilancia fiscal²⁵. O descoñecemento por parte do perceptor dos volumes reais das colleitas habituais, as súas peculiaridades e normas, xunto coa dificultade da policultura, facilitaban a mentira e o engano. De aí que o proceso de corroboración e o nomeamento do persoal encargado forma un momento clave do proceso, existin-

do sanción de 200 escudos e a correspondente pena en caso de demostrarse malicia. Xurdía para tal unha estrutura estamental no ámbito estatal e no municipal²⁶.

Nas freguesías da xurisdición de Adai ou subdelegado da Intendencia Xeral de Galicia na cidade e provincia de Lugo era D. José Rafael Pardo Rivadeneira y Montenegro; o comisionado da Real Junta de la Única Contribución, ordenador dos Reales Exércitos de S.M e o seu ministro principal para o seu establecemento neste reino era D. Juan Felipe de Castañón; o merino e xustiza ordinaria da xurisdición, experto na freguesía, era D. Juan Valcarce Neira y Osorio, xunto cos escribáns Juan Valcarce y Cedrón e Agustín de Mella; e as testemuñas, D. Domingo Belo, D. Manuel Rey e D. Manuel Blanco, da Coruña. Agora ben, os peritos nomeados pola S.M, os nomes do común e o representante do clero diferían dunha freguesía a outra, o que queda reflectido na seguinte táboa (táboa 2):

(24) SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. “La administración de las rentas provinciales en la Galicia del s. XVIII. *Semata* 2004, nº 15, pp. 395-419.

(25) FERNÁNDEZ PRIETO, L (Ed.). *Terra e Progreso. Historia agraria da Galicia Contemporánea*. Vigo: Xerais, 2000.

(26) PEREIRA OLIVEIRA, M.D. (Coord). *O Catastro do Marqués...*

	Santa Mariña de Cabreiros	San to Estevo de Folgosa	San Xoán do Corgo
Peritos	D. Benito González de Ribadeo	Domingo Alonso Mondoñedo	Manuel Fernández
Nomes do común, expertos na freguesía	D. José Díaz Rivera	Juan López Tallón	Domingo Díaz Caldeiro
Clero imparcial	Pedro López	D. Manuel Jacob	D. Juan Mouriz

Táboa 2. Relación de peritos, nomes do común e clero nas freguesías da xurisdición de Adai (elaboración propia).

Os representantes para a freguesía de Cerceda, por pertencer a unha xurisdición diferente, son D. José Marcos Bernardo Quirós como subdelegado para o establecemento da Real Única Contribución neste Reino, no departamento de Juan Felipe de Castaños; D. Manuel Díaz, mordomo pedáneo da freguesía; D. Manuel Pardo como experto e habilitado polo común; o perito, Juan Antonio de Permuy, o escribán Francisco Raposo; o cura párroco, persoa imparcial, D. Diego Ignacio Ayra e finalmente como testemuñas D. Francisco Quirós, D. Felipe Buxán e Manuel Rodríguez.

A confección deste “mapa” e a variabilidade dos datos tiña un gran peso de traballo e funcionarios que non sempre se traducía nunha coordinación contra as formas de ocultación. É máis, as últimas decisións da *Junta* presentaban un método anual de actualización dos datos que consistía en que serían os veciños os encargados de avisar cada ano dos cambios que xurdiran, o que non faría máis que agravar que os datos recollidos non foran o espello da realidade²⁷.

3. ESBOZOS DAS TERRAS CAMPESIÑAS

As características de tipo agrario, e en xeral, económico das parroquias seleccionadas, insírense dentro do contexto da Galiza interior: unha agricultura extensiva tradicional, con presenza de actividades complementarias a ela, pero sempre á sombra do traballo da terra. Isto non quere dicir que non conforme unha serie de pautas definitorias do comportamento da poboación nesta zona, que non fan máis que corroborar ese marco.

3.1 Demografía

A análise demográfica pasa por esclarecer o tipo de unidade familiar que existía na zona de estudo. No caso do Corgo, segundo indica Sobrado Correa²⁸, convivían dous tipos de familias. Por un lado a tradicional familia nuclear, formada polo matrimonio e os seus fillos e fillas, e tamén viúvas cos seus respectivos²⁹. E por outro lado, case a metade do total da poboación quedaba conformada por familias complexas e múltiples (a importancia porcentual de grupos domésticos complexos no Corgo era do 48.3%). A difícil posibilidade de emancipación, derivada das prácticas sucesorias, era a principal causa de que fogares cun núcleo en orixe simple, se tornaran finalmente en complexos pola chegada de celibatos e celibatás, entre outros. Xorde así o problema de establecer un coeficiente de conversión, no noso caso, de unidades familiares en número de habitantes. Os diferentes traballos publicados que versan sobre o tema, utilizan unha taxa ou outra segundo a zona na que se traballe e a propia natureza do traballo, para facer fronte a esta adversidade.

É por isto que, ante a moi marcada dualidade que existe nas terras do Corgo, tomamos un coeficiente de conversión estándar para as familias do interior lucense de 5.3 membros por fogar que presenta Sobrado Correa³⁰, tendo en conta que as cifras resultantes serán unha aproximación á realidade daquel momento.

(27) CAMARERO BULLÓN, C. “El Catastro de Ensenada...”

(28) SOBRADO CORREA, H. “Transformaciones agrarias, estrategias hereditarias y crecimiento demográfico en las tierras lucenses, 1750-1860”. *Obradorio de Historia Moderna*, 1998, nº 5, pp. 7-40.
 (29) CAMARERO BULLÓN, C. “El Catastro de Ensenada...”
 (30) SOBRADO CORREA, H. “Transformaciones agrarias...”

O Catastro de Ensenada, na pregunta 21, reflexa o número de veciños, entendendo este termo como unidade familiar. Polo tanto, utilizando ese coeficiente citado, en San Xoán do Corgo, con 22 veciños, habitaban 117 habitantes; en Folgosa, 23 veciños, polo tanto 122 habitantes; Cabreiros, 12 veciños, 64 habitantes; e en Cerceda, a freguesía de maior peso, 27 veciños, 143 habitantes. É máis, no proceso de recollida de información que conformaba o Catastro de Ensenada, asentábanse estes datos no Libro Personal de Legos, amosando o nome do cabeza de familia, a idade, estado civil, e as restantes persoas que vivían con el e a súa relación.

Á hora de falar dos pobres, é preciso termos en conta que, baixo esta denominación, incluíanse grupos moi variados de persoas. No caso concreto do Catastro de Ensenada, a pregunta 36 refírese unicamente aos pobres de solemnidade que tiñan un lugar de residencia, o que non implica que sexa o número total de pobres que houbera nesa parroquia. Os datos reflicten que residían dous en Cerceda, e un en Folgosa, freguesías con maior número de habitantes. Malia os problemas que traería a denominación empregada para referirse aos grupos pobres da poboación, este baixo número concorda coas cifras de pobres no rural, xa que era nas cidades onde estaban sitas as institucións asistenciais e benéficas.

A pregunta 38 fai referencia ao número concreto de clérigos que vivían nesas freguesías. Fóra das referencias aos curas párrocos que podían vivir ou non na propia parroquia³¹, por, entre outros motivos, as non moi elevadas ganancias que tiñan en xeral na provincia de Lugo³², cómpre destacar a existencia de patrimoniais. Tratábase de clérigos expectantes que non tiñan cura de almas, é dicir, que non tiñan unha parroquia asignada; contaban cun patrimonio propio e suficiente que lle cedía a familia, para poder dedicarse á labor eclesiástica dentro da burguesía urbana ou, neste caso, das familias fidalgas, que empregaban esta vía para integrar algún dos seus membros no estamento eclesiástico, probablemente relacionado coa presenza de pazos nas parroquias de San Xoán do Corgo, na que aparecen Diego Díaz Trebolle e Froilán de Neira; e a de Folgosa, con Juan Díaz Toirán.³³

(31) O párroco de Santa Mariña de Cabreiros, vivía en San Fiz de Paradela e o de San Xoán do Corgo en San Cristobal de Chamoso.

(32) REY CASTELAO, O. "El reparto social del diezmo en Galicia". *Obradorio de historia moderna*. 1992, nº 1, pp. 145-162.

(33) GONZÁLEZ LOPO, D.L. Apuntes da materia da Licenciatura de Historia na Universidade de Santiago "Fundamentos de historia social e económica". Documento policopiado, 2007.

3.2 Economía

A riqueza indagada nas respostas do Catastro organizábase en dous ramallos, o denominado do real (bens e dereitos) e o do industrial-comercial (utilidades e beneficios derivados da actuación profesional, fose de tipo artesanal, liberal ou comercial³⁴). Así, determínase a análise da actividade económica en base a esta distinción. Esta taxonomía permite corroborar e achegármonos a un sistema de produción e a unha vida material que determinará moitos aspectos da vida cotiá³⁵

3.2.1 Do real: agricultura e gandería

A principal actividade económica de todas as freguesías que nos atinxen é, como na maior parte do interior lucense, a agricultura, claramente extensiva e con rotacións moi elementais, características recollidas nas respostas que parecen garantir, corroborar e reflectir esta tendencia.

Para simplificar a valoración das terras, estableceuse unha clasificación destas en base ao rendemento derivado, aos produtos cultivados, o seu prezo e o ciclo de cultivo practicado. Tradúciase en terras de calidades diferentes (primeira, segunda e terceira). O trazo definitorio das terras das freguesías a estudar estaban determinadas por sementeira de secaño, prados de secaño e regadío, bosques, montes abertos e pechados, hortas e devesas (ver gráfico 1). O porcentaxe de terras de rendemento elevado, as cortiñas, non se reflicte, o que indicaba unha pobreza xeneralizada das mesmas.

Como curiosidade, nos Libros Reais de Legos e Eclesiásticos á descrición das propiedades de cada unha das persoas referidas, acompañábaa un pequeno esbozo da forma e contorna das mesmas.

O sistema agrario caracterizábase nas nosas terras por unha rudimentaria e básica agricultura extensiva cunha colleita ao ano, sen intermisión nas terras de primeira calidade. Nelas, o centeo empeza a desprazar a cereais de menor calidade como a avea pola súa maior resistencia e adaptabilidade ao clima e ao terreo³⁶; e os nabos cobraban unha

(34) CAMARERO BULLÓN, C. "El Catastro de Ensenada..."

(35) SOBRADO CORREA, H. "Economía campesina, prácticas sucesorias desigualitarias y familia troncal en la Galicia de la Edad Moderna". *Obradorio de Historia Moderna*, 1998, nº 7, pp. 201-224.

(36) SOBRADO CORREA, H. *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna: economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2001.




Gráfico 1. Distribución das terras de Cabreiros segundo tipos e calidades (elaboración propia).




Ilustración 6. Imaxe dunha páxina interior do Libro Real de Legos de San Pedro de Cerceda, na que se describen os “Emolumentos do Común” e o esbozo dunha parcela de 200 ferrados de monte de primeira calidade. AHPL, Real Intendencia de Galicia, Catastro de Ensenada, 10865-03, Folio 279.

notable importancia por ser alimento de dobre uso, para o gando e para os campesiños. No caso das segundas e terceiras calidades da terra, dominaba o barbeito, un ano de descanso, no que o centeo tiña o predominio absoluto. Pero ben certo é que no caso de Cerceda, as terras eran de primeira calidade dedicadas unicamente á sementeira de secaño (consultar datos das outras parroquias no gráfico 2).

calidades (primeira e segunda), con produtos básicos como as coles e os nabos. Cabe citar que o Catastro non inclúe as patacas, pois a súa introdución foi máis tardía.

Xunto cos cereais e os produtos da horta, destacaban as árbores froiteiras cun protagonismo do castiñeiro do que se vendían tanto castañas secas




Gráfico 2. Distribución das terras de sementeira por calidades en Cabreiros, Folgosa e Corgo (elaboración propia).

Este predominio do centeo, dentro da vital produción de cereais, tradúcese na existencia dos muíños fariñeiros dunha soa roda, dous en San Xoán do Corgo, propiedade de Juan Díaz, no lugar de Curral, que traballaba dous meses ao ano; e o outro de José Fernández, veciño de San Andrés de Chamoso, no lugar de Cerdeiras, que funcionaba un mes ao ano; e en Folgosa, Domingo Caldeiro y Díaz posuía un no lugar de Amarega.

A agricultura intensiva, lonxe do concepto que se ten hoxe, non tiña apenas presenza. Porén, nas parroquias de Cerceda e Folgosa, marcaban a diferenza as terras destinadas a cultivos hortícolas, que malia non seren moitas, proporcionaban unha serie de produtos que complementaban a alimentación do campesiño e possibilitaban un maior rendemento da terra. Concretamente, nesta segunda parroquia só existían hortas das mellores

como verdes (produto fundamental da dieta campesiña, complemento ao pan co propio cereal), que era o único froito ao que se lle atribuíu unha utilidade (un beneficio de un real)³⁷ para o ferrado de castañas verdes, e oscilando entre catro reais en Folgosa e cinco de Cerceda para as secas). Tamén se recolle, nas preguntas 6, 7, 8 e 13, a presenza de cerdeiras, pereiras, maceiras e guindeiras, excepto en Cerceda, onde só existían castiñeiros. Grandes extensións de primeiras e segundas calidades formaban bosques de carballeiras, alamedas en Cerceda, e soutos en Folgosa. E por último, os prados que, a pesar de seren escasos, compensábanse co monte³⁸. Cerceda,

(37) A maioría dos prezos referidos no Catastro son dados en reais de vellón, unha moeda de conta que se empezou a usar en Castela nos anos corenta do século XVIII, para reorganizar os valores do ouro e da prata. Tiña unha equivalencia de 34 maravedís, moeda de orixe medieval que foi tanto física como de conta.
 (38) SOBRADO CORREA, H. *Las tierras de...*

era a parroquia onde os de herba proporcionaban un rendemento mais salientable, regulándose en 15 reais de vellón o ferrado de prado de primeira calidade, 10 o de segunda e 5 o de terceira. En Cabreiros e San Xoán do Corgo o beneficio dun carro de herba seca era de 12 reais de vellón.

No Antigo Réxime, en terras lucenses, a actividade agrícola mantiña unha clara relación coa gandería, e o resultado de ambas as dúas actividades era fundamental para a subsistencia. O Catastro de Ensenada, nas preguntas 18 e 20 pretende procurar as especies de gando que existen en cada parroquia e a utilidade e beneficio que se extrae tanto da súa cría como do seu produto, e indaga tamén se existe rapa de ovellas, se se practica a parzaría e en que condicións. Pero non achega datos sobre o número de cabezas de gando; así a todo, Sobrado Correa³⁹ ofrece unha cifra de cabezas de gando por veciño de 5.6 para O Corgo, inferior á súa media de 6.8 para as terras do interior de Lugo.

Nas nosas parroquias atopamos un conxunto variado de cabezas de gando, como bois, carneiros, cochos, ovellas, tenreiros, vacas e novelos, así como cabras, cabritos e cordeiros en San Xoán do Corgo, Cerceda e Folgosa, machos cabrúns en Cerceda e eguas nesta última e en San Xoán do Corgo.

O gando perfílase como o aditamento perfecto aos non moi abundantes excedentes agrícolas. O tamaño da habenza viña determinado, na súa maior parte, pola superficie de monte e terreos. É preciso facer referencia á importancia do monte, tanto comunal como pechado - iso que o Catastro denomina *abierto* y *cerrado* -, xa que constituía tamén un fundamento inescusable do sistema agrario. O aproveitamento dos seus recursos era imprescindible para a continuidade das pequenas explotacións, que conformaban a inmensa maioría do agro galego. Del extraíase toxo, base do estrume de primeira calidade, froitos, caza, explotación de canteiras e carbón vexetal, e como non, a leña e a madeira (da que se obtiñan na parroquia de San Xoán do Corgo 3 reais de vellón por carro). En Cabreiros, un 16.5% da superficie é monte; en San Xoán do Corgo, determínanse 799

ferrados del⁴⁰, en Folgosa un 30%⁴¹, e non se especifican datos en Cerceda.

As vacas eran a especie de maior significación económica, e ás que se lle reservaban os mellores pastos, pero os cabalos adaptábanse mellor ás condicións do monte. Era frecuente ademais o pastoreo en común do gando ovino e caprino⁴². A continuación detállanse uns aspectos concretos de cada unha das habenzas.

A forza de tiro nas labores do campo, o gando vacún, era o máis popular, e polo tanto o que ofrecía maior beneficio, fonte de esterco, de alimento e de reais. En Cerceda conséntase a venda de cuartillos de carne, leite e manteiga; o prezo destes dous últimos oscilaba entre os 6 e 10 reais de vellón. Os datos recollidos semellan que a actividade gandeira estaba orientada cara a crianza de tenreiros, posto que os campesiños non tiñan presa por desfacerse de animais novos, que se mantiñan ata que fosen novelos de dous ou tres anos. Obteríase por un boi desa idade preto de corenta reais, e sendo vaca algo máis de quince nas de maior idade.

Malia ser o máis relevante economicamente, non era o máis numeroso. Este era o ovino caprino, destacando ovellas e carneiros, cuxa abundancia débese ao baixo custo da súa cría e da súa alimentación. Obtéñense deles leite, carne, peles e la, valendo nas nosas terras un cuartillo de libra desta 8 marabedís; en Cerceda, unha media libra custaba medio real.

Aínda que escaso, o gando porcino era moi popular polo seu baixo prezo, a súa alimentación simple e o gran aproveitamento que del se facía. Un dos produtos máis valorados era o cocho ceibado, que custaba 22 reais de vellón nas nosas freguesías, exceptuando Cerceda, onde se constata a presenza de leitón ceibado, cun prezo de 30 reais de vellón.

Por último, cabe citar o de menor número, máis o de maior beneficio, o gando equino, que se recolle en Cerceda, Folgosa e San Xoán do Corgo, parroquias nas que podería estar relacionado coa

(39) SOBRADO CORREA, H. *Las tierras de...*

(40) Non é posible calcular unha porcentaxe correcta en relación ao total da superficie por non coincidir a suma do desglose de ferrados co total que indica o catastro.

(41) Porcentaxe derivada da suma total dos ferrados das distintas superficies e calidades de terra, que varía lixeiramente do total ofrecido polo catastro.

(42) BALBOA, X. *O monte en Galicia*. Vigo: Xerais, 1990.

presenza de fidalgos, arrieiros e eclesiásticos, que o utilizarían para o seu oficio e desprazamentos⁴³. En San Xoán do Corgo as muletas de crianza (tanto machos como femias) son reguladas en 100 reais de vellón entre 1 e 3 anos, e 80 entre 3 e 4 anos; e en Cerceda as muletas, como animais empregados polos campesiños nas súas angueiras, 50 para os primeiros, e 100 para os segundos.

Aínda que no século XVIII constátase a presenza de aves de curral (véxase galiñas, patos e gansos) en diferentes inventarios⁴⁴, o Catastro non os reflectía como gando, pero si como produto (un par de capóns regulábase en 4 reais e a galiña entre 1.5 e 2). Pero revela gran importancia a apicultura, moi estendida na provincia de Lugo, na pregunta 19, que tiña como obxectivo coñecer o número de colmeas. Delas se extraía mel para consumo propio, edulcorante e remedio médico, que tiña un prezo de 3 reais, igual que a cera e o propio enxame. En todas as parroquias atopamos un propietario de colmeas maioritario. Así, en Folgosa, do total de 73 colmeas, Xosé Cancela tiña 42 (un 57%); en Cerceda, Inés Mourenza, tiña 24 de 40, que se corresponde cun 60%; en San Xoán do Corgo, o señor do pazo e xuíz da xurisdición posuía de 21 colmeas 10, case a metade. No caso de Cabreiros, so había tres, todas en mans de Francisco de la Vega, nobre segundo o Real de Legos desta freguesía. Tamén era habitual a presenza de nobres entre os propietarios do resto das colmeas.

E xa para rematar, aínda que a parzaría, isto é, o reparto de beneficios e produtos entre o propietario do gando e o que fai uso del, era común, non era maioritaria, xa que a gran parte do gando era propiedade dos agricultores. A que nos atinxe é a parzaría de bois, polo seu rendemento como forza de tiro na actividade agrícola. No interior de Lugo, como regra xeral, non se practicaba a parzaría a medias⁴⁵, pero si aparece nas nosas freguesías. Existían certas peculiaridades: en San Xoán do Corgo, constátase a presenza de, ademais de bois, muletas, máis non se especifican en que condicións; en Folgosa coexistían a parzaría a medias de bois e ao cuarto⁴⁶ das ganancias do resto de

animais (pero non se di de cales en concreto). Por último en Cerceda, aparecen bois en aparzaría, pero non se lles regula utilidade porque *“no se considera utilidad alguna compatible entre el dueño y los aparceros por ser su aumento tan accidental como su minoración”*⁴⁷.

3.2.2 Do industrial

A actividade agropecuaria erixíase como a ocupación maioritaria dos corgueses, aínda que tamén se constatan actividades complementarias nalgunhas das parroquias. A existencia ou non delas dependía en grande medida do tamaño dos núcleos familiares, xa que era nas familias grandes nas que a dispoñibilidade de man de obra para estes labores era maior, sendo sempre a tempo parcial⁴⁸.

O groso das actividades artesanais atopámolo unicamente en Cerceda, onde encontramos un zapateiro, un xastre e un tecedor, as actividades téxtiles máis comúns. Francisco Díaz exercía como xastre dous meses ao ano, polo que percibía dous reais de billón ao día. No caso dos tecedores, eran Domingo Manán, xunto con Inés Mourenza, os que desempeñaban este oficio durante dous meses por un real de billón ao día. A presenza feminina, neste caso dunha viúva, vén dada por unha maior taxa de celibato neste sector da poboación, e tamén pola súa presenza en familias complexas. Encargábase do calzado dos habitantes de Cerceda Juan da Costa, que traballaba durante dous meses ao ano cobrando dous reais ao día.

Na parroquia de Folgosa, existía outra forma de negocio: a taberna. Nela vendíanse produtos de abastecemento en xeral, incluíndo viño, palla e candeas, e incluso funcionaba como pousada pero, sobre todo, como lugar de reunión. É destacable que o Catastro oculte a existencia de moitas das tabernas e, cando non o fai, só achega a súa utilidade ou aluguer, como neste caso.

O propietario das dúas que había alí, Andrés Arias, pagáballe 100 reais de vellón á Coroa. O mesmo Andrés Arias aparece referido na resposta á pregunta 32 como “sisero”, o que lle reportaba a

(44) SOBRADO CORREA, H. *Las tierras de...*

(45) Metade do beneficio asignábaselle ao propietario, e a outra metade ao campesiño.

(46) Correspóndelle tres cuartos dos beneficios ao que pon as cabezas, e o cuarto restante para o coidador.

(47) AGS, CE, RG, Lib. 172, Leg. 505

(48) SOBRADO CORREA, H. “Economía campesina...”

mesma cantidade ao ano. A explicación a esta circunstancia radica no sistema do cobro do servizo de millóns, un imposto real que era bastante gravoso para os veciños. En orixe foi extraordinario, pero acabou sendo frecuente, polo que se tivo que establecer un sistema de cobro indirecto: a “sisa”, un sobreprezo en determinados produtos de primeira necesidade, por exemplo, o viño. Deste xeito, as tabernas, que adoitaban ser dereito do común dos veciños, o máis habitual era que llas arrendasen a un particular, o chamado “sisero”⁴⁹, que garantía o monopolio do abasto desa freguesía a cambio de facerse cargo do que cada veciño tería que pagar polo servizo de millóns. Isto chegou a ser tan vantaxoso que as xurisdicións que non tiñan taberna, trataron de establecela, ás veces coa oposición de circunscricións limítrofes, para non repartirse o encabezamento da “sisa”.

Neste caso, o valor do arrendamento da taberna estaría ligado a un tráfico comercial pouco intenso, pese a que o Camiño Real cara á provincia da Coruña pasaba por esta parroquia. En San Xoán do Corgo atopamos un oficio relacionado con este feito, o de arrieiro, desempeñado por Pedro Valcarce, labrador. O beneficio que obtiña, 260 rs.v., probablemente dependía do tempo de actividade, dos produtos transportados, número e tipo de cabalarías e a viaxe de retorno con ou sen mercadorías. Era una actividade estacional e parcial durante épocas de inactividade agrícola, que supoñía una pequena rede comercial⁵⁰.

Nunha sociedade rural como a analizada, apenas si había uns cantos veciños cuxa ocupación fora allea ás xa mencionadas. Falamos das actividades administrativas no principal núcleo da xurisdición, San Xoán do Corgo, e polo tanto de actividades ligadas á xestión da mesma. Alí, o xa referido Juan Valcarce era xuíz da xurisdición, e percibía 300 reais de billón ao ano.

3.3 Fiscalidade

Inevitablemente unido ás actividades agrícola e gandeira, xunto coas diferentes actividades artesanais complementarias, está o cumprimento dos deberes fiscais, que inclúen cargas señoriais, cargas fiscais e rendas propias da terra⁵¹ que, en

distinto grao, condicionaban a actividade desempeñada polo labrego⁵².

No que se refire ás cargas señoriais, as de menor significación por seren pagadas en metálico, as Respostas Xerais referentes ás devanditas parroquias céntranse en dúas en concreto: o dereito de vasalaxe e o pedido.

O primeiro, como indica Eiras Roel⁵³, adoitaba supoñer un real de vellón por cabeza, o que indica que a contía a pagar por esa freguesía estaría ligada ao número total de veciños. Tendo en conta que as cantidades dadas polo Catastro non se axustan ao número destes, o cobro desta renda era un pouco superior nas nosas parroquias, posto que os 140 reais de vellón que pagaba Cerceda ao ano, divididos entre os seus 27 veciños, dá unha media de 5,2 reais por veciño, mentres que en Cabreiros - a menos poboada - o cociente é de 3,2, facendo un total de 39 reais de vellón anuais. Xunto coa vasalaxe aparece o pedido, carga habitual nas terras do Condado de Lemos, que se lle engadía á primeira cando era pagada en especie, caso que non é o que aquí se especifica. Se asumimos que se repartía entre os veciños “según el caudal de cada uno”⁵⁴, eran os corgueses de San Xoán os que gozaban dun maior “poder adquisitivo” e, por tanto, os que debían satisfacer un pedido máis alto, de 9 reais e 17 marabedís. En Cerceda, pola contra, non se contribuía ao pedido.

Nas preguntas 15 e 16 detállanse as cargas fiscais, sobre todo de tipo eclesiástico. A que máis importancia tiña era o décimo, que se pagaba en especie entregando unha décima parte de todos os froitos da terra e tamén, como xa veremos, dalgúns produtos non agrícolas, que nas provincias galegas do interior tiñan moita importancia. Así, o décimo dependía de todo o que entrase a formar parte do pago, da propia estrutura agraria e do produto comercial da parroquia en cuestión. Beneficiaba, sobre todo, ao clero parroquial, aínda que outros sectores do clero, da nobreza, da fidalguía e institucións de moi distinto tipo, foron facéndose con el⁵⁵. As nosas freguesías supoñen un exemplo perfecto de percepción fraccionada do décimo. En Santa Mariña de Cabreiros, cada veciño pagaba unha décima parte de todas as

(49) EIRAS ROEL, A. “El Régimen señorial...”

(50) FERNÁNDEZ CORTIZO, C. “Arrieros y traficantes en la Galicia rural de la Época Moderna”. *Obradoiro de Historia Moderna*, 2008, nº17, pp. 325-352.

(51) VILLARES, R. *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*. Madrid: Siglo Veintiuno de España, 1982.

(52) CAMARERO BULLÓN, C. “El Catastro de Ensenada...”

(53) EIRAS ROEL, A. “El Régimen señorial...”

(54) AGS, CE, RG, Lib. 173, Leg. 302.

(55) REY CASTELAO, O. “El reparto social...”

especies, e tamén dos cordeiros e dos leitóns, así como 16 marabedís máis por cada un que criase polos. Disto lucrábanse catro persoas diferentes: o cura párroco obtiña a parte correspondente aos lugares de Vocelo e Santa Mariña, e a metade dos demais lugares da freguesía. O cura de Laxosa levaba o 50% dese restante, e a outra metade pertencíalle a Francisco Ribera, de San Vicente de Carracedo⁵⁶, e a Domingo Álvarez de Villares, de San Martín de Cobas⁵⁷. En total, o valor do décimo en Cabreiros ascendía a 400 rs.v. en períodos quinquenais. Exceptuando o clero parroquial,




Ilustración 7. Lámina do Libro Real de Eclesiásticos na que se detallan os bens patrimoniais de Juan Díaz Toirán, presbítero de San Estevo de Folgosa. AHPL, Real Intendencia de Galicia, Catastro de Ensenada, 10203-13, Folio 5.

outros perceptores do décimo son Melchor Borrue, presbítero de Madrid, que gozaba da metade do de S. Xoán do Corgo; Bernardo Ribera, de Santiago, que recollía unha oitava parte en nome dos herdeiros de Francisco Pardo; e a propia Condesa de

Lemos, que obtiña 50 rs.v. anuais en Cerceda, a mesma cantidade que o cura. Se ben a nobreza galega contaba cunha porcentaxe moi reducida do total do décimo que se pagaba en Galiza nun número bastante reducido de localidades, a casa de Lemos reunía a metade do total de toda a nobreza titulada.

O gravame que se detalla a continuación é o Voto de Santiago, renda moi impopular que supoñía o pago dunha determinada cantidade de centeo (tres cuartos de ferrado no caso de Cabreiros, Corgo e Folgosa e medio ferrado en Cerceda). A súa orixe estaba na suposta aparición do apóstolo Santiago na batalla de Clavijo (844), que sería determinante para a vitoria dos cristiáns fronte aos musulmáns. En agradecemento, o rei Ramiro I prometeu o pagamento dun canon de todos os seus vasallos ao actual patrón de España. A xesta quedou plasmada no chamado “Privilexio dos votos”, que non é mais que unha falsificación que serviu para darlle lexitimidade a unha renda⁵⁸ que converteu ao Cabido de Santiago no terceiro máis rico de España despois do de Toledo e o de Sevilla. Porén, non só o cabido compostelán percibía esta renda, tamén os outros cabidos galegos.

O máis salientable de todo é, precisamente, a figura que percibía o Voto en tres das catro parroquias que se tratan: o arcediago de Nendos, a terceira dignidade en antigüidade da sé compostelá⁵⁹. A súa importancia queda resumida polo gran Álvaro Cunqueiro⁶⁰ nunha sentenza contundente: “... qué maravilla ser arcediano de Nendos en el cabildo compostelano: el mejor enchufe a que un gallego ha podido aspirar del siglo XIII al XVIII.” Isto non deixaría de ser un dato máis se non fose polo feito de que a área de percepción do arcediago correspondía á antiga provincia da Coruña e á parte sur da de Betanzos⁶¹. Unha ollada máis profunda á cuestión do Voto no concello do Corgo puxo de relevo que son as parroquias da xurisdición de Adai as que lle pagan ao arcediago, feito que non ocorre no caso de Cerceda e o resto de

(56) Parroquia do concello de Láncara.
(57) Parroquia do concello de Ferrol.

(58) REY CASTELAO, O. “El voto de Santiago en tierras de Tabeirós”. *A Estrada: miscelánea histórica e cultural*. 2011, nº 14, pp. 155-173.
(59) IGLESIAS ORTEGA, A. *El cabildo catedralicio de Santiago de Compostela en el siglo XVI: aspectos funcionales y sociológicos de una élite eclesiástica*. Tese doutoral. Departamento de Historia Medieval e Moderna. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela, 2010.
(60) CUNQUEIRO, A. “El pasajero en Galicia: Betanzos”. *Anuario Brigantino*. 1951, nº 3, pp. 46-47.
(61) REY CASTELAO, O. *El Voto de Santiago en la España Moderna* (tese doutoral parcialmente inédita). Departamento de Historia Medieval e Moderna. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela, 1984.

freguesías da xurisdición de Pobra de San Xiao, cuxo voto iría para a Igrexa de Santiago. Neste senso, sacar unha conclusión tallante requiriría dun estudo moito máis pormenorizado, pero o que si está claro é que, ao igual que no caso doutros impostos, o máis común era que as áreas de percepción non fosen uniformes. Se a iso sumamos a gran cantidade de preitos á que tivo que facer fronte o cabido de Santiago pola base totalmente ficticia do Voto, a presenza do arcediago cobraría máis sentido.

Para rematar coas cargas fiscais de tipo eclesiástico, a primicia era unha carga que rememoraba os primeiros froitos que se lles daban aos sacerdotes, e que só era satisfeita polos veciños de Cerceda, que pagaban un ferrado de centeo á fabrica da Igrexa parroquial⁶².

Son fundamentais, tamén, os servizos que se pagaban á Coroa, o “servicio ordinario” e “extraordinario”, dos que se ocupa a pregunta 27. A recadación destes impostos delegábase nas xurisdicións, que as repartían entre os diferentes veciños, ora en función da súa riqueza, ora por igual. Pese a que a valoración que deles fai o Catastro pode chegar a ser moi confusa, Eiras Roel⁶³ apunta a que, no caso do Corgo - entre outros - non se satisfacía ningunha outra carga real. Estes pagamentos adoitaban ser de un real de vellón por veciño pero, ao igual que acontecía co dereito de vasalaxe, a proporción neste caso é maior: 1,9 en S. Xoán do Corgo; 2,1 en Cabreiros; 3,3 en Folgosa e 3,7 en Cerceda.

Outros impostos que aparecen son a “sisa” (xa explicada no apartado 3.2.2.) no caso de Folgosa e un arrendamento da alcabala enaxenada á Condessa de Lemos, en Cerceda. Ingreso clave na Coroa de Castela, a alcabala consistía no pagamento dunha porcentaxe de todo o que se vendese ou permutase en todo o territorio, e tamén acabou por ser percibida por outros sectores á marxe da Facenda Real. Neste caso, só os nobres de máis alto rango percibían a alcabala, entre eles a propia Condessa de Lemos, que percibía as alcabalas do 40% dos seus vasallos, feito que de seguro contribuíu á conformación dos señoríos máis lucrativos de toda a alta nobreza galega, obtendo de media 5,5 rs.v. dos seus vasallos, incluíndo o cobro deste gravame⁶⁴.

Finalmente, é necesario facer mención ao pago das pensións, ao que se fai alusión nas respostas á pregunta 14. Nela, dáse o prezo do ferrado de trigo (4 reais nas freguesías que nos ocupan da xurisdición de Adai) ligado a este gravame, que implica un acordo entre o propietario da terra e o que fai uso dela, pero do que non se achega ningunha información máis.

Ás Respostas Xerais de Folgosa e Cerceda, o equipo catastrador engadiulles un anexo que satisfaría unha necesidade que non estaba contemplada en ningunha das preguntas do Interrogatorio sobre o arrendamento das terras do clero. Así, mentres que en Folgosa as condicións eran sinxelas, sendo a metade dos produtos da terra para os propietarios e a outra para os que ostentan o usufruto, en Cerceda dependía do tipo de terra. Nas terras de sementeira de secaño, os prados, as hortas, os soutos, as devesas e as alamedas unha terza parte correspondíalle ao dono, e dúas terzas, ao labrego, namentres que no caso dos montes, a proporción para os veciños era moito máis vantaxosa, quedando eles con catro quintas partes.

4. CONCLUSIÓN

Retomando a pregunta de Xiz sobre as posibles peculiaridades das xentes do Corgo, podemos concluír que, se ben as parroquias presentan as características básicas e as deficiencias endémicas do interior da provincia de Lugo - agricultura tradicional e pouco produtiva e gandería como complemento ineludible da mesma -, sempre se atopan datos que reflicten certas diferenzas e características propias dentro dunha homoxeneidade que parece inalterable. Así, percíbense numerosas particularidades no paso dunha xurisdición a outra, a nivel demográfico, administrativo e económico en todas as súas variantes.

Moi ao noso pesar, a presenza de pazos non achega ningún tipo de dato especial a primeira vista, mais o complicado enxame xurisdicional no que se encadran as freguesías, e os moi diferentes graos e pesos das familias fidalgas dificultan avaliar cal foi a súa incidencia real. A partir deste




Ilustración 8. Detalle dunha das páxinas das *Respuestas Generales* de San Xoán do Corgo. AGS, CE, RG, Lib. 173, Leg. 306.

(62) CAMARERO BULLÓN, C. El Catastro de Ensenada...

(63) EIRAS ROEL, A. "El Régimen señorial..."

(64) EIRAS ROEL, A. "El Régimen señorial..."

punto deberíase conformar unha nova liña de investigación que afondase na evolución das familias fidalgas presentes no Corgo ou que tiveron relación co concello.

1. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

San Xoán do Corgo: AGS, CE, RG, Lib. 173, Legs. 301-312; Santo Estevo de Folgosa: AGS, CE, RG, Lib. 175, Legs. 165-178; Santa Mariña de Cabrerios: AGS, CE, RG, Lib. 170, Legs. 757-767; San Pedro de Cerceda: AGS, CE, RG, Lib. 172, Legs. 499-512. Consultado a través do Portal de Archivos Españoles, en <http://pares.mcu.es/Catastro/>.

ABUÍN ARIAS, J. *Historia de Corgo*. Deputación de Lugo, 2000.

ABUÍN ARIAS, J. e GONZÁLEZ DÍAZ, J. "O pazo do Corgo". *CORGA*, 2011, Nº 2, pp. 46-57.

ARIAS VILAS, F., NOVO CAZÓN, J.L., BURGO LOPEZ, C. e SOUTO BLANCO, M.J. *Historia de Lugo*. A Coruña: Vía Láctea, 2001.

BALBOA, X. *O monte en Galicia*. Vigo: Xerais, 1990

CAMARERO BULLÓN, C. "El Catastro de Ensenada, 1749-1759: diez años de intenso trabajo y 80000 volúmenes de manuscritos". *Catastro*, 2002.

CAÑADA, S. *Gran Enciclopedia Galega*. Pontevedra: El Progreso Diario de Pontevedra, 2003.

CONCELLO DO CORGO. *Web municipal*. www.concellodocorgo.net/ (consultado o 23/Abril/2013).

CUNQUEIRO, A. "El pasajero en Galicia: Betanzos". *Anuario Brigantino*. 1951, nº 3, pp. 46-47

DOMINGUEZ ORTIZ, A. "El Catastro de Ensenada en su circunstancia". *Catastro*, 2002.

DONEZAR DIEZ DE ULZURRUN, J.M. "El Catastro de Ensenada y su proceso de formación (1750-1760)". *Revista de la Facultad de Geografía e Historia*, 1989, nº 4, pp. 207-224.

EIRAS ROEL, A. "El Régimen señorial en Galicia a finales de la Edad Moderna: evaluación". *Obradoiro de Historia Moderna*. 1997, nº 6, pp. 7-49

FERNÁNDEZ PRIETO, L (Ed.). *Terra e Progreso. Historia agraria da Galicia Contemporánea*. Vigo: Xerais, 2000.

FERNÁNDEZ CORTIZO, C. "Arrieros y traficantes en la Galicia rural de la Época Moderna". *Obradoiro de Historia Moderna*, 2008, nº17, pp. 325-352.

GALÁN ROJO, E.M. "La Condesa de Lemos: Poder e Ilustración". En: FERRER BENIMELI, J.A. (dir.); SARASA, E; SERRANO, E (coords.) *El conde de Aranda y su tiempo*. Vol. I. Zaragoza: Institución Fernando el Católico. CSIC, 2000.

GALLEGO DOMINGUEZ, O. "Las tabernas orensanas como monopolio y bienes del común en el Antiguo Régimen". *Boletín auriense*. 1996, nº XXVI, pp. 123-144.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J.M. "La justicia local y territorial en la Galicia del Antiguo Régimen". *Obradoiro de Historia Moderna*. 1995, nº4, pp. 233-254.

CONSTITUCION FISICA: fuete

ESTATURA: 1.68 COLOR: blanco

PELO: castaño CEJAS: castaño

OJOS: castaño NARIZ: recta

MENTON: ovalado BIGOTE: no usa

BARBA: no usa SEÑAS PARTICULARES: no tiene

DATOS COMPLEMENTARIOS

EDAD: 22 AÑOS FECHA EN QUE NACIO: 1907

ESTADO CIVIL: soltero PROFESION, OFICIO U OCUPACION: Abogado

IDIOMA NATIVO: Español OTROS IDIOMAS QUE HABLA: no

LUGAR Y PAIS EN QUE NACIO: Galicia España

NACIONALIDAD ACTUAL: Española

RELIGION: RAZA: blanco

LUGAR DE RESIDENCIA: Oviedo

QUIEN ENTRÓ EN MÉXICO POR: Veracruz Ver EL 8 DE abril DE 1926

DOMINGO ROLDAN RIFE PERCIDE 43

Firma del portador: Jesus Iglesias Souto

Firma del funcionario de migración: M. Juan...

Ficha de Jesús Iglesias Souto, no Rexistro Nacional de Estranxeiros. Arquivo Xeral da Nación

6 AS CADEAS MIGRATORIAS

Nos últimos anos, a investigación realizada sobre os procesos migratorios por economistas, sociólogos e historiadores introduciu o concepto de “cadeas migratorias” como complemento ao desequilibrio poboación–recursos para caracterizar os motores máis importantes destes fenómenos.

As cadeas migratorias comezan coa chegada dun pioneiro ao país receptor. Na medida en que ten éxito na súa aventura, os seus parentes e conterráneos vense motivados a seguilo, ao decatarse das oportunidades existentes; con frecuencia, o mesmo crecemento do negocio do pioneiro lévao a ofrecerlles traballo a parentes ou amigos para que o axuden, a miúdo, incluso proporcionándolles financiamento para a viaxe. O traballo no campo cos sobreviventes e descendentes da emigración galega a México fai pensar que este é o mellor modelo para entendela⁵.

A falta de información dificulta o estudo dos pioneiros, que serían aqueles que chegaron a México entre 1836, ano en que España recoñece a súa independencia, e os primeiros anos do goberno do xeneral Díaz. Non obstante, la información contida nas tarxetas de ingreso do RNE permite reconstruír algunhas cadeas migratorias, utilizando os datos de referencias persoais en México. Así, Elixio Villaverde estuda a cadea iniciada por Eliseo Montes, quen é posto como referencia por 50 emigrantes galegos que ingresaron en México entre 1900 e 1934⁵.

Consultando o RNE⁶, neste traballo intentouse reconstruír, parcialmente, a cadea migratoria da familia Abuín, orixinaria da parroquia de San Xoán de Segovia⁷. Do probable pioneiro, Armando Abuín Iglesias (n. 1886), non aparece ficha do seu primeiro ingreso en México, só se encontra o seu rexistro, en 1947, cando regresa para “o exclusivo obxecto de que veña a administrar os bens que ten no país”. É posible que este sexa un exemplo dun deses pioneiros que tras facer fortuna se repatriara antes da constitución do RNE, deixando encargados os seus familiares de atender as súas cousas. En 1909, ingresa Fulgencio Abuín Iglesias (n. 1891), quen proporciona como domicilio a rúa de Allende 66 e como referencia os irmás Peláez, posiblemente socios ou patróns do seu irmán

Armando. En 1924, chega Ramiro Abuín Lince (n. 1906) e dá como referencia o seu tío Fulgencio. En 1929, arriba José Abuín Iglesias (n. 1892), quen proporciona como referencia o seu irmán Fulgencio e a súa cantina “La Numancia”, situada en Allende 66. Finalmente, en 1947, probablemente, acompañando, na súa viaxe de regreso, o seu tío Armando, entra Eulogio Sande Abuín (n. 1928), dando como referencia o seu tío José Abuín Iglesias. É posible ler aquí, entre liñas, a historia dun grupo familiar de corgueses que chega a México, a principios do século XX, e por medio do seu traballo, á volta dos anos, logran establecerse como propietarios dos seus negocios.

7 OS EMIGRANTES

Entre 1878 e 1910, os emigrantes españois encontran unha gran disposición do goberno do xeneral Díaz para que se insiran nas actividades económicas do país, na agricultura, o comercio, as manufacturas e as finanzas. A situación é menos favorable despois do período revolucionario. A segunda ondeada migratoria, entre 1920 e 1936, dirixese maioritariamente ao comercio e concéntrase nos centros urbanos, principalmente, na Cidade de México.

A información dispoñible permite estudar con máis detalle o segundo impulso migratorio; así, pode afirmarse que os emigrantes eran, na súa maioría, rapaces entre os 16 e os 40 anos, de familias campesiñas pequenas propietarias, cunha escolarización que lles permitía ler e escribir e manexar as operacións aritméticas básicas. A súa ocupación en México concentrouse, principalmente, no comercio de abarrotos, mobles e roupa.

O principal motor da aventura migratoria foron as redes familiares e de veciñanza que ofrecían unha certa seguridade para a aventura en ultramar. Disto despréndese que, en xeral, os emigrantes proviñan de familias de medianos recursos, capaces de sufragar os gastos da viaxe e que contaban xa con algúns dos seus membros asentados en México, os que, á súa vez, alcanzaran unha certa estabilidade económica.

8 DO CORGO A MÉXICO

Xa se dixo que as fontes documentais non permiten establecer a orixe dos emigrantes coa preci-

sión suficiente para estudar o concello, parroquia ou lugar do que proveñen, a cambio, pódese recorrer á exposición de casos particulares que permitan ilustrar a inserción dos emigrados dun concello determinado, dentro da caracterización xeral deste fenómeno social. No caso do Corgo, é posible analizar, con detalle, a experiencia de Jesús Iglesias Souto, grazas ao achado da súa correspondencia coa casa familiar durante os primeiros catro anos da súa viaxe a México⁸; a partir dela pódense recoñecer as principais características xa expostas que definen o perfil da emigración galega a México.

Jesús nace o 20 de novembro, de 1907, na Casa de Penelo, en Quintela de Ungrade, parroquia de San Bartolomeu de Chamoso, que constitúe unha pequena propiedade familiar dedicada á explotación agrícola. É o menor de sete irmáns; o maior, Salvador, gobernaría a propiedade toda a súa



Cándido Souto. Ao reverso (Formato de Postal):
 “Como prueba de cariño y de mi corta permanencia en Mexico dedico la presente a mi hermana. Antonia Souto. Mexico 14 de marzo 1911. Candido S.” (rúbrica).

vida, axudado por dúas das súas irmás que permaneceron solteiras; o segundo irmán varón fíxose cura e foi atendido, durante o seu maxisterio, por outra das irmás que tampouco se casaría; a irmá maior estudou para mestra pero faleceu moi nova e en canto ao menor, Jesús, o camiño que a familia lle reservou foi a emigración a México, como parte da estratexia para non dividir a propiedade agrícola. Adicionalmente, habería que considerar a presión do servizo militar obrigatorio, con destino a Marrocos, que alcanzaría a Jesús, ao cumprir os 18 anos, así como a influencia do seu tío materno, Cándido Souto, quen fixera xa fortuna en México e, no 1924, se encontraba de regreso en Lugo.

O 21 de marzo de 1924, aos 16 anos, Jesús aborda na Coruña o vapor que o levará a México, en compañía do seu amigo Ramiro Abuín Lince; outro rapaz corgués da súa xeración, da parroquia de San Xoán de Segovia, próxima a Quintela, de quen se fixo xa referencia, como parte da cadea migratoria da familia Abuín. A xulgar polo apelido Iglesias dos tíos de Ramiro, probablemente habería algún parentesco entre ambos.

Como tantos outros emigrantes españois, Jesús viaxou a México, no barco Alfonso XIII, que xunto co seu xemelgo, o Cristóbal Colón, cubrían a ruta Santander-A Coruña-A Habana-Veracruz para a Compañía Trasatlántica de Barcelona, saíndo os días 21 de cada mes. Grazas á Biblioteca Virtual de Prensa Histórica de España⁹ é posible consultar o periódico *El Orzán*, da Coruña, con data 1 de marzo de 1924, para testemuñar a saída do Alfonso XIII, no que partiu Jesús e, incluso, que o custo da pasaxe cara a Veracruz, en terceira ordinaria, era de 492,75 pesetas. Así mesmo, no periódico *El Progreso*, de Lugo, con data 21 de marzo de 1924, pódese ler que, nesas datas, unha dúcia de ovos custaba 1,75 pta.; 1 ferrado de trigo 5,50 ptas; unha camisa para cabaleiro 6 pta. e o soldo anual da vacante de veterinario do concello de Bóveda era tan só de 385 ptas., de todo o cal se desprende que o custo da viaxe era considerablemente onerosa para eses tempos.

Jesús e Ramiro chegaron a Veracruz, o 8 de abril, despois dunha escala de 4 días na Habana. Por ser menores de idade, 16 anos Jesús e 17 Ramiro, tiveron dificultades para desembarcar. Esta

situación resolveuse, despois de permanecer dous días a bordo do barco, mediante o pagamento extraordinario de 14 pesos, probablemente como suborno ás autoridades migratorias mexicanas.

VAPORES CORREOS ESPAÑOLES
DE LA
Compañía Trasatlántica
DE BARCELONA

LINEA DE CUBA-MEXICO

Servicios rapidísimos de este puerto a los de la Habana y Veracruz por los nuevos y magníficos vapores-correos de 18.000 toneladas, movidos por turbinas, dos hélices; construidos en los astilleros de Sestao (Bilbao) y Ferrol

El día 21 de Marzo saldrá, salvo contingencias, el vapor-correo

Alfonso XIII

admitiendo pasaje y carga para dichos puertos, siendo el precio en tercera ordinaria para la Habana, 449'50 pesetas, y para Veracruz, 492'75 con los impuestos.

En los expresados vapores se admiten pasajeros de todas clases para Santiago de Cuba, a traspasar en la Habana a vapores de la misma Compañía que hacen el servicio de Venezuela, Colombia y Pacífico.

Anuncio da Compañía Trasatlántica de Barcelona, na edición do 1 de marzo, de 1924, do periódico coruñés *El Orzán*.

En abril, de 1924, o goberno do xeral Álvaro Obregón encontrábase combatendo as forzas insurrectas encabezadas polo frustrado candidato presidencial, Adolfo de la Huerta. O mesmo día que Jesús arribou a Veracruz, entraron, tamén, ao porto os barcos que apoiaran a rebelión “delahuertista” e que terminaron por se render ao goberno. Ao día seguinte, reiniciou operacións o tren Veracruz-México, cuxas vías foran voadas polos rebeldes. A insurrección non se deu oficialmente por terminada ata o mes de xuño de 1924.



Jesús Iglesias Souto en 1924. Esta fotografía probablemente é a do seu pasaporte.

A diferenza de Ramiro, cuxo tío o espera na Cidade de México, o tío de Jesús, Cándido Souto, permaneceu en Lugo e nunca máis volvería a establecerse en México; a cambio, Jesús vai recomendado con Domingo Roldán Santiso (n. 1892), a quen pon como referencia na súa tarxeta do RNE. Domingo era orixinario da parroquia corguesa de Santa María de Franqueán⁷.

Jesús chega á Cidade de México para traballar na tenda de *abarrotés* e cantina “El Puerto de Coruña”, situada na Segunda Rúa de Niño Perdido, 43, con Domingo, quen foi un dos primeiros dependentes que tivo o seu tío Cándido e a quen, agora, lle toca ser o patrón de Jesús. Era común nesa época que no mesmo negocio se despachasen víveres e licores.

Despois de cinco anos de arduo traballo como empregado de Domingo, este termina vendéndolles a Jesús e a outro compañeiro, de nome Diego, un dos seus negocios: a tenda de *abarrotés* e



“El Puerto de Vigo”, na esquina de Dr. Lavista e Niño Perdido, con Jesús na porta con mandil branco.

Ao reverso, un selo: “EL PUERTO DE VIGO De Diego é Iglesias. Xaneiro 12 1929”



Fotografía do interior do expendio de licores de “El Puerto de Vigo”. Reverso: “El interior de mi casa con unos clientes y yo despachándoles. Jesús Yglesias. Mejico. El Puerto de Vigo. Lavista Niño Perdido. cantina”

cantina “El Puerto de Vigo”, na esquina de Dr. Lavista e Niño Perdido.

De aí en diante, con base nunha gran capacidade de traballo, Jesús progresa adquirindo novos negocios. Os seus aforros e a súa experiencia permítenlle facer investimentos ao longo da súa vida en ramos tan diversos como: cantinas, hotéis,

liñas de autobuses urbanos, casas de baños, moblerías, edificios comerciais, etc.

Asúa vida sentimental arraigouse en México, onde fixo familia casando cunha muller mexicana. Aínda que regresou ao Corgo, á morte do seu pai e posteriormente á dos seus irmáns, nunca considerou repatriarse. Morreu o 13 de decembro de 1993; os seus restos descansan na Cidade de México, a que tanto quixo, a cidade que lle ensinou a ser home, que lle deu muller e fillo e que, non obstante, nunca puido borrar a Quintela do seu corazón.

É evidente que a aventura en ultramar de Jesús Iglesias Souto ilustra o proceso da emigración descrito previamente, as causas que o xeran, a cadea migratoria que serve de ponte, as características do emigrante e, finalmente, a súa inserción no novo destino.

9 CONCLUSIONES

Descríronse brevemente as condicionantes que propiciaron a emigración de galegos a México, durante o período de 1878 a 1936, fenómeno que involucrou de maneira relevante a provincia de Lugo e en particular o concello do Corgo. Ademais do desequilibrio económico de Galicia, a desindustrialización e as guerras de África, que soen recoñecer os investigadores como causais da emigración, neste traballo propónse, tamén, a transmisión hereditaria tradicional que mellora ao primoxénito e tende a neutralizar ou expulsar os demais herdeiros para evitar a división da propiedade agrícola.

A presentación sucinta das ferramentas de investigación dispoñibles dá pé a que se utilicen en futuros traballos sobre este tema para tratar de desenredar a madeixa de relacións sociais e familiares que entretecen as cadeas migratorias a nivel local. En particular, resaltouse a importancia do mecanismo ponte que constitúen as ditas cadeas, ilustrado claramente co caso da familia Abuín.

Finalmente, a presentación do caso de Jesús Iglesias Souto, de Quintela de Ungrade, serve como referente dos mecanismos migratorios e dos procesos de inserción no país receptor. Queda pendente a recompilación de máis historias persoais, como esta, para armar o enorme crebacabezas dos fillos do Corgo que levaron as súas esperanzas e a súa xuventude a terras mexicanas.

10 BIBLIOGRAFÍA

1. Villaverde, Elixio: *Galegos en México (1878-1936)*. Sotelo Blanco Edicións, 2003.

2. Lida, Clara: “Los españoles en el México independiente: 1821-1950. Un estado de la cuestión.” *Historia Mexicana*. Vol. 56, N.º. 2 (out.-dec., 2006), pp. 613-650. El Colegio de México.

3. Lida, Clara (comp.): *Una inmigración privilegiada: comerciantes, empresarios y profesionales españoles en México en los siglos XIX y XX*. Presentación de Nicolás Sánchez-Albornoz. Madrid. Alianza Editorial, 1994.

4. Instituto Nacional de Estadística (INE) España: *Alteraciones de los municipios en los Censos de Población desde 1842*, <http://www.ine.es/>.

5. Villaverde, Elixio. *Pioneiros na corrente do golfo*. Edicións Xerais de Galicia, 2000.
<http://pares.mcu.es/>

6. Portal de Archivos Españoles. Portal de Movimientos Migratorios Iberoamericanos. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte del Gobierno de España. <http://pares.mcu.es/>.

7. Besteiro, Salvador: *Comunicación oral*. Marzo 2013.

8. Iglesias, Jesús. *A Dios hasta la primera, Correspondencia de un emigrante gallego en México (1924– 1928)*. Inédito.
<http://prensahistorica.mcu.es/es/consulta/busqueda.cmd>

9. Portal de Biblioteca Virtual de Prensa Histórica. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte del Gobierno de España.
<http://prensahistorica.mcu.es/es/consulta/busqueda.cmd>.





Resumo. Este artigo pretende amosar ao lector a importancia que tivo o Camiño Real de Carlos III, como promoveu o desenvolvemento económico e social das zonas por onde discorria e como deixou importantes pegadas tanto na paisaxe como no imaxinario popular nunhas comarcas asoladas polas penurias económicas

Palabras Clave. Camiño real, pousada, ponte, Carlos III, posta, legua, guerra da independencia, invasión francesa, viaxeiros.

1. LIMIAR: AS XENTES DE GALICIA

Hai que recoñecer que a impresión que se levaban os viaxeiros que percorrían a Galicia decimonónica non era especialmente boa, se exceptuamos a paisaxe que sempre provocaba estupor e admiración. Sorprendíalles a pobreza dos campesiños que habitaban unhas cabanas cheas de sucidade, fume e humidade que mais que un fogar parecía un arca de Noe, onde as bestas arrexuntábanse no seu interior cos humanos. Guillaume Manier en 1726 cóntanos que se aloxaron nunha casa onde os homes e mulleres “déitanse completamente vestidos e os porcos e outros animais patrullan libremente durante a noite por tódolos cantos”. Remata a súa exposición cun conto que lles pasou a eles mesmos cando se deitaron a carón do lume “ chegada a hora da patrulla dos porcos, chegaron xunto a nos e na escuridade descubriron un nabo que Hermand levaba no seu saco co obxecto de facer un guiso para aquel que primeiro avistase as torres de Compostela. O mais audaz dos porcos arremeteu contra o pobre Hermand para apoderarse do nabo que aínda estaba no saco e este debaixo da súa cabeza a modo de almofada. A presa que tiña o porco foi a causa de que dese un gran fociñazo tomando ao mesmo tempo o saco e gran parte dos cabelos arrastrándoo uns cantos pasos, mentres, aterrado, o pobre Hermand berraba ao ladrón, ao asasino!”.

Uns galegos que sempre levan zocas, traballan arreo nas tarefas agrícolas, comen mal, tan so un pouco de pan de centeo de ínfima calidade con un pouco de touciño e grelos, son rudos e, se lle facemos caso a Richard Ford (1830), tamén groseiros e testáns.

Javier Gómez Vila

info@javiergomez.org. www.javiergomez.org

Doutor en Arqueoloxía e Hª Antiga

Profesor ensino secundario I.E.S. N. S. dos

Ollos Grandes. Lugo

As galegas tampouco saen mellor paradas nestas descrições dos viaxeiros. O anteriormente citado Ford opina delas que “fan todo o traballo o que, xunto a comida dura e áspera, murchan de raíz a súa beleza, parecendo xa vellas antes de cumprir os trinta...” Tamén nos deixa claro que as galegas da época non son o seu tipo cando afirma, sen dubida esaxerando: “da a impresión de non ter nada que ver co xénero feminino”. Menos mal que nestas opinións sobre a beleza feminina todo depende dos ollos do que mira, e nalgúns casos tamén do corazón e o que a uns lles parece abraiante a outros non tanto. Deste xeito Constantino Suárez, a principios de século XX, dicía das coruñesas “sedutoras mulleres, de talle esvelto, miradas que miman e aire garboso”, chegando a comparalas cas parisinas. Tamén, todo hai que dicilo, está a falar das que pasean pola Rúa Real na Coruña mentres que Ford refírese as mulleres campesiñas, o que nos pode dar unha idea das enormes diferenzas entre elas, tanto en vestiario como en degradación física provocada polo traballo no campo. Un traballo sen dúbida duro, moi duro, que causou unha profunda impresión ao inglés A. Jardine (1788) “os galegos son corpulentos e achaparrados... de forma especial as mulleres debido a que levan fardos moi pesados sobre a cabeza... tamén conducen o carro, manexan o arado e trasfegan o esterco, con frecuencia a brazo, espaxándoo coas súas propias mans en vez de empregar unha forza”.

En fin, os viaxeiros deixan unha triste impresión da Galicia rural: pobre, sumida nunha miseria endémica, pouco visitada, que contrasta ca certa opulencia dalgunhas cidades e persoas “os propietarios e os ricos viven ben, como en todas partes” -apunta Ricardo Becerro (1833)- “pero os campesiños pobres e míseros, como en todas tamén, soportan pacientes e sen amparo unha tristísima existencia”.

O que é curioso e que os males desta Galicia foron agudamente enumerados por estes mesmos viaxeiros. O principal problema son as excesivas rendas similares as de Irlanda. O propio Ricardo Becerro apunta “aniquilan e funden as casas dos campesiños matando os seus pobres aforros...e éncleos de débedas” ao que engade “os foros e a falta de instrución pública aplicada á agricultura que, unida á pobreza impídelles poder comprender as vantaxes que lle reportarían certas paulatinas e eficaces melloras”. Para este perspicaz viaxeiro tamén son causas de pobreza a extraordinaria división e subdivisión da propiedade e a “usura, que como noxento virus, corroe todos estes pintorescos e pacíficos vales” así como “a falta de bos camiños veciñais que impiden a extracción da riqueza de montes e canteiras”.

Estamos polo tanto ante unha Galicia campesiña pobre, nalgúns casos moi pobre, asoballada polas rendas, o minifundio, as malas comunicacións, a falta de capital ... en fin, unha Galicia rural que aos ollos de Ford (1830) e onde “languidecen a arte, a ciencia e a literatura”.

2. AS POUSADAS

2.1. Lugares pouco recomendables.

Igual ou peor pintan as pousadas, “convén levar provisións porque nesas goridas mesmo os lobos famentos que nunca foron esixentes en cuestión de comer encontraríanse a desgana” opina Ford das mesmas en 1830 e engade: “seguen encontrándose practicamente como en tempos dos romanos” polo que advirte a futuros hóspedes “resulta case inaconsellable que unha dama inglesa se arrisque a usalas” para concluír, por se non quedara moi claro, “malas, peores, incomparablemente peores”. A verdade é que poucos, moi poucos falan ben das pousadas galegas, e menos os que din algo bo do pousadeiro, un oficio considerado deshonoroso. “En vales favorecidos o aloxamento non é tan malo” segue a opinar o mesmo viaxeiro.

As pousadas eran certamente a gran aventura dos viaxeiros. Percorrendo un país pobre, con camiños difíciles e comendo calquera cousa que houbese, facilmente podemos imaxinarnos canto terán anhelado os camiñantes a limpeza, confort e bo trato dos hoteis das grandes cidades, case sempre dirixido por franceses e italianos. A cousa debía ser

moi grave se atendemos os consellos que da o francés Silhouette en 1729 para poder viaxar con certa tranquilidade: “Hai que levar consigo provisións xa que non se atopan nas pousadas nin pan, nin viño, nin carne e rara vez cubertos e panos da mesa... os colchóns son moi malos, simplemente son un gran saco cheo de la, tal como a tomaron do corpo do cordeiro” advertindo que de non levalas haberá que mercalas no propio pobo,



Lám.1. Pousada do “camiño vello” en As Nogais

que o pousadeiro cobra moi pouco por cociñalas. O panorama debía de ser bastante desolador para que algún viaxeiros maquillasen a realidade con sutil ironía. Deste xeito Robert Southey (1797) opina da pousada coruñesa “O Navío”: “...a cea foi un ave frita en aceite e servida nunha postura similar á dunha ra afectada de repentinhas cambras” peor impresión lle causou o leito “con gran variedade de outeiros e cavorcos, en cuxas revoltas habitaban as pulgas.. e a almofada de pedra na que se apoio Jacob era un coxín de plumas comparada ca que me deixou a miña cabeza moída” pero realmente co que alucinou foi co sistema para descoller o pano nunha obra de teatro á que asistiu: “un home trepa o tellado, agárrase a unha soga e salta o baleiro; o peso do seu corpo levanta o pano e o do pano amortece a súa caída”.

Pero por qué eran tan malas as pousadas de toda España?. Dende logo a causa non era a ausencia de lexislación que as regulase que tiñan abondo. O problema residía nos altísimos alugueres que os arrendatarios, moitos deles forzosos, tiñan que pagar aos propietarios que adoitaban ser o propio

pobo ou o señor de lugar. De feito, era típico que se a pousada era pouco rendible o concello obrigase os veciños a facerse cargo da súa explotación por quenda.

Ademais, nas pousadas non se podía vender produtos de ningún tipo, nin ter repostos, xa que era monopolio doutros establecementos como o estanco, bodegón, carnizaría... si a isto lle engadimos un tráfico pouco intenso e tremendamente irregular, que fai impensábel calquera tipo de



Lám.2. O mesón foi o típico establecemento dos arrieiros, presenta tódolos inconvenientes das pousadas pero acentuados, na imaxe de Horta.

organización da actividade, teremos como resultado uns hospedaxes non aptos, sen camas, roupa, cubertos, alimentos escasos, persoal incompetente e prezos abusivos e arbitrarios.

Ponz (1784), nacido nunha pousada, sabe moi ben do que fala cando afirma que aos campesiños mais pobres se lles obriga a facerse cargo das pousadas, como unha carga máis, e pregúntase: "...que camas han de ter, que produtos, que demais cousas necesarias un miserable labrador a que tocou a pousada por un ou dous anos?, e que camas van a dar aos hóspedes os que durmiron toda a súa vida no chan?.

Os datos solicitados en 1781 aos intendentos sobre a situación das pousadas ofrécenos conclusións moi interesantes. Así por exemplo, das 415 pousadas analizadas tan so 45 eran administradas polos seus propios donos e o media de renda por establecemento era de 1000 reais. Aínda que estes arrendamentos son baixos moitas veces eran subidos polos seus donos sen motivo o que

obrigaba ao pousadeiro arrendador a repercutilo directamente ao viaxeiro, de aí o refraneiro: "polo camiño ven o que o vai pagar".

Aínda así, había pousadas bastante decentes na zona que nos ocupa, como a situada no barrio de San Roque en Lugo que tiña fama de amplía, ou mesmo a de As Nogais, cualificada por Barrow (1842) como regular. De feito, nesta vila había dúas, a que estaba no centro, hoxe lamentablemente perdida, e a situada xusto a carón do camiño cando empeza a ascender o monte Xirondo, que a día de hoxe atópase felizmente restaurada a pesar de sela mais antiga xa estaba en funcionamento en 1698. Como a maioría delas ten forma rectangular, cunha planta baixa moi elevada para meter os cabalos, e unha superior dividida en catro ambientes duns 50 m2 cada un pero sen habitacións, carencia que polo visto era moi habitual.

2.2. Luís Becerra Chao e a raíña Sabela II

Pois ben, en algunha delas parou o 13 de setembro de 1858 a raíña Sabela II cun terrible dor de molas cando regresaba para a corte despois de visitar Asturias e Galicia¹. A viaxe estíbese a converter nun auténtico pesadelo porque, ademais da doenza, en Becerrea xa se estragara un carromato que tivo que quedar a reparar no taller de Donato. O xa de por si carácter forte, brusco e arisco da raíña agora arrepiaba a todos e sobre todo o seu ministro O'Donnell por selo armadanzas da viaxe lembrándolle insistentemente que ela non o quería facer e que xa llo dixera en multitude de ocasións.

Como tódolos remedios dos doutores que a acompañaban mostráronse completamente ineficaces e a dor ía en aumento, decidiuse desesperadamente chamar a un curandeiro local do pobo de Viladicente que tiña bastante fama na zona. Luís Becerra Chao (1814-1900) apareceu na pousada a caída da tarde. Non era un home formado na medicina nin moito menos. Os seus coñecementos na materia proviñan dos seus tempos de soldado en Ribadavia cando estivera liado ca viúva dun doutor. O seu espírito inquedo e curioso levouno a pasar tardes enteiras lendo

(1) As miñas mais sinceras grazas o meu compañeiro de traballo Luís Doval por ensinarme os treitos do camiño e a Fernando Fernández Fernández por contarme detidamente a historia de Luís Antonio Becerra Chao.

distintos tratados de medicina o que lle permitiu facerse unha certa idea da solución a algunhas enfermidades comúns e doenzas sobre todo da boca.

O certo é que o noso curandeiro resolveu axilmente a dor axudado por unhas tenaces o que provocou o estalido de alegría da raíña. Non sabemos si o espírito fogoso e ardente da soberana levouna a recompensalo naquel intre. O que si coñecemos é que lle impón a Real Orden de Sabela a Católica² o 26 de outubro en Madrid, e o privilexio polo tanto de ser cabaleiro cuberto, e dicir, non ter que descubrirse ante o rei nin ante as autoridades. Tratábase dunha prerrogativa inherente á calidade de Grande de España e que, excepcionalmente, podía ser outorgada polo Rei a outros nobres que, ao seu xuízo, o merecesen. Ten unha orixe moi antiga e sorprendía de feito aos estranxeiros. Así por exemplo, Carlos V cando chegou por primeira vez a España e desembarcou no porto asturiano de Tazones quedou perplexo ao observar a toda unha multitude que a el lle pareceron mendigos cubertos na súa presenza. O Emperador preguntou quen son eses mendigos que se atreven a permanecer cubertos diante del e o acompañante



Lám. 3. Tumba de Luís Becerra Chao no cemiterio de Viladicente

(2) A Real Orden de Sabela a Católica é unha distinción instituída por Fernando VII ao seu regreso de Francia en 1815 e reorganizada por Sabela II por real decreto do 26 de Xulio de 1847. A súa función actual é "premiar aqueles comportamentos extraordinarios de carácter civil, realizados por persoas españolas e estranxeiras, que redunden en beneficio da Nación ou que contribúan, de modo relevante, a favorecer as relacións de amizade e cooperación da Nación Española co resto da Comunidade Internacional."

lle respondeu: son nobres señor!. O Emperador desconcertado respondeu: pero se van descalzos! Ao que lle responderon: tamén son pobres señor!.

O noso cabaleiro cuberto permanece en Madrid dez anos, non sabemos cal foi a súa profesión na capital nin se se dedicou a ser outro acompañante da soberana como o intendente Marfori, Puig Moltó, Ruiz de Arana, Serrano e un longo etcétera. Aínda que é probable, xa que retorna precisamente cando Sabela II fuxe a Francia en 1868 ao estalarlle a Revolución alcumada "A Gloriosa" promovida, entre outros, polo propio Serrano quen, ademais de amante e xeneral tamén foi traidor.

2.3. A entrada de Barrow en Galicia polo camiño real .

Sen movernos aínda das Nogais é moi interesante deternos un momento neste viaxeiro porque nos proporciona unhas informacións moi útiles para a nosa zona.

Entra en Galicia, xunto o seu compañeiro Antonio, por Pedrafita do Cebreiro, e un pouco antes do solpor chega as Nogais que lle parece un lugariño pintoresco rodeado de abruptas montañas e frondosos bosques. De feito, sorpréndelle o rumoroso regato que a cruza e a enorme cantidade de árbores que hai polo medio das casas que case as ocultan por completo. Chegan a pousada que era, segundo as súas propias palabras, "tolerablemente grande e cómoda" moi fatigados pero sen ganas de cear nin de durmir polo que se senta fora a contemplar estupefacto a desorbitante masa arbórea que tanto lle chamara atención o chegar. Nese intre oe falar galego e queda admirado do seu acento medio cantarín e medio queixoso e da súa confusa marfallada de palabras de distintos idiomas.

Pouco durmiu o noso viaxeiro aquela noite. Unha pesada febre que o acompañaba desde León non o deixaba descansar e a media noite sobresaltouno un confuso ruído que se espallaba pola aldea e o resplandor das luces que se coaban pola ventá. Antonio lle informou que era o gran correo de Madrid a Coruña que acabade chegar á aldea, acompañado dunha considerable escolta e de un extraordinario número de pasaxeiros. Como o camiño ata Lugo parecía que estaba cheo de

ladróns e carlistas que cometían todo tipo de atrocidades, decidiron continuar viaxe naquel mesmo intre xunto ao correo para chegar a Lugo ao día seguinte a mediodía.

Desta xeito proseguiron varias horas, subindo e baixando montes moi lentamente. Os soldados que escoltaban entoaban de cando en vez cantares patrióticos repletos de amor e adhesión á nosa xa coñecida Sabela II, e noxo para o fero tirano Carlos, o irmán do defunto rei Fernando VII, quen xa contaba con reinar a súa morte grazas a lei Sálica de Filipe V que non permitía raíñas se non fose porque en última instancia o seu irmán lle cambiou esta pola Pragmática Sanción que lle concedía o trono a maior das súas fillas, Sabela.



Lám. 4. Vista entre Constantín e As Nogais. Debuxo orixinal de R. W. Bradford. Col. Martínez – Barbeito. Arquivo Municipal da Coruña.

Ao amencer a sensación de saturación do camiño era total. Facendo unha serpeante fila irían preto de trescentas persoas, algunhas a pé, pero a maior parte montadas en mulas ou en eguas e, sorprendentemente, un so cabalo. Aos ollos dos nosos viaxeiros, a zona era accidentada, pero moito menos montañosa e pintoresca que a entrada en Galicia. Na súa maior parte estaba dividida en pequenos campos sementados de millo e cada tres leguas, en aldeas onde había gornición, substituíamos a escolta que nos acompañaba por outra. Unhas aldeas que polo visto eran, na súa maioría, “un conxunto de cabanas miserentas”, con tellados de colmo, esterqueiras diante das portas con pozas e lameiras. Os porcos, increíblemente grandes, paseaban libremente con graza e chularía entre uns nenos que case sempre ían en coiros. O interior das casas non melloraba moito con respecto ao exterior: “estaban cheas de inmundicia e miseria”.

A comitiva chegou a Lugo sobre as dúas da tarde e os nosos protagonistas hospédanse na pousada, de boa fama, do barrio de San Roque comentada antes: “nunha gran pousada fóra das murallas da cidade, construída sobre unha escarpada ribeira e dominando unha vasta panorámica do campo cara ó leste”.

3. AS PONTES.

Noutra ocasión (Gómez Vila, 2011) xa tivemos a oportunidade de tratar as causas da construción de este Camiño Real de Acceso a Galicia así como a súa evolución construtiva. Nese artigo desta propia revista falabamos da importancia que tivo o rei Carlos III como promotor destas grandes rutas e de cómo se foron desenvolvendo os traballos desde 1761, ano en que foi aprobada a súa construción. Sen embargo, o tramo Benavente - A Coruña non foi comezado ata 1763 polo enxeñeiro José Crame que tan só estivo no cargo vinte meses xa que desacordos co trazado motivou a súa destitución polo Marques de Croix. A maior parte das obras as faría o seu sucesor Carlos Lemaur quen dirixe os traballos ata 1770. Posteriormente Baltasar Ricaud e Bartolomé Amphoux rematarían o camiño rozando o cambio de século.



Lám. 5. Retirada do exército inglés polo Camiño Real o seu paso pola ponte de Cruzul. Debuxo orixinal de Robert Ker Porte en Letters from Portugal and Spain (1809).

O certo e que este Camiño Real de Carlos III impresiona. Tan so temos que darnos un paseo pola multitude de restos que quedan hoxe en día para vela importancia que tivo na época da súa construción e nas posteriores xa que foi aproveitado durante décadas pola estrada xeral. Non é a nosa pretensión facer agora un estudio exhaustivo dos restos do camiño nin tan sequera unha lista

completa. O noso obxectivo e mais modesto xa que nos conformamos con amosar algúns exemplos, que consideramos senlleiros, para decatarnos deste xeito da enorme magnificencia das obras do camiño e da enorme complexidade que supuxo a súa construción.

3.1. A entrada en Galicia e o suave descenso ata As Nogais.

Esta zona presenta unha elevación considerable, case sempre por enriba dos 1000 m. Debido á súa orixe tectónica, a orografía confire á paisaxe un aspecto de montañas suaves e serradas. A consecuencia é un relevo ondulado composto por elevacións e vales sucados por pequenos regatos de rápido e limpo curso. Presenta así mesmo, un clima difícil e duro cun lixeiro matiz de montaña que provoca un descenso importante das temperaturas con relación á área circundante, traducíndose en invernos fríos e veráns curtos e frescos onde as precipitacións, que roldan os 2000 milímetros anuais, son unha constante e moitas delas caen en forma de neve.

Actualmente este tramo é transitable e presenta un estado de conservación regular apreciándose multitude de elementos do Camiño Real. Entre elas pódense distinguir as seguintes:

1. Paredes laterais de contención no corte practicado no noiro da ladeira.
2. Estrutura da caixa do camiño realizada con bloques pétreos que presenta, no Monte Xirondo por exemplo, unha altitude de 1,5 m.
3. Cunetas laterais formadas por laxas de pedra asentadas horizontalmente sobre o chan enmarcadas por dúas fileiras laterais dispostas en cuña, cun ancho total de 1 m.
4. Cinco sumidoiros formados por dous muros laterais pétreos sobre os que se colocan varios chantos lonxitudinais sobre os que se sitúa o propio pavimento.
5. Distínguese nalgunhas zonas próximas a Pedrafita o típico firme do século XIX composto por varias capas³ de pedra machucada cun espesor de

entre 25 – 30 cm. no centro e de 12 a 15 cm. nos costados.

3.2. A ponte de Cruzul e os franceses


Despois de deixar atrás As Nogais e de atravesalo lugar de Ferrería (Gómez Vila 2011, 24), onde se aprecia claramente unha reformulación do trazado do camiño ca construción de dúas pontes próximas, chegamos a Ponte Cruzul. Este é un fermoso exemplo (Lám. 6, 7) realizado para salvar o río Nalón nun estreito val de frondosos bosques onde, a integración na paisaxe, sexa quizais a súa virtude mais notable. Descoñecémola data exacta do comezo das obras pero e bastante probable que fose en 1776. Ten unha lonxitude de 93 m, un ancho de 8 m. e unha altitude de case 30 m. con tres arcos de 12 m. de diámetro. A decoración esta reducida a unha dobre liña de imposta. A superior que simula o nivel da calzada e a inferior situada no arrinque das bóvedas. Na propia calzada da ponte enmarcan o peitoril catro monolitos con sombreiretes piramidais (Lám. 6) tamén chamados vulgarmente picudos. No centro do peitoril do lado das augas abaixo hai un pequeno frontón (Lám. 8) tamén coroado cunha pirámide no que habería unha inscrición alusiva probablemente á construción da ponte.



Lám. 6. Ponte cruzul cos picudos franqueando a vía.

Como todo bo monumento rodéano unha serie de historias que están a falar de homes valentes en épocas difíciles tinguidas, iso si, con ese chisco de esaxeración que as fai mai emocionantes e duradeiras. No caso de Cruzul desenvólvense na

(3) O número depende da época. O sistema Macadam de principios de século tiña tres mentres que a finais reduciuse a dúas.




Lám.7. Ponte Cruzul. Debuxo de Rubén Borrajo

Guerra da Independencia contra os franceses, nesa contenda propiciada en parte pola incompetencia e ineptitude do mullereiro Manuel Godoy.

O caso é que estábase a pensar en Santiago de Compostela de formar un rexemento galego para que axudara á guerrilla a loitar contra os franceses pero atopáronse con problema de que non tiñan suficientes armas para levalo a cabo. A solución consistiu, como adoita ser habitual nestes casos de escaseza, en roubarllas ao inimigo, polo que se enviaron unha serie de olladores a distintos puntos de Galicia ca orde de informar puntualmente cando pasase un convoi francés das cobizadas armas. E claro, mais tarde ou mais temperán, un deles tiña que pasar polo Camiño de acceso a Galicia, mais que nada porque era o único por onde podía transitar. Os olladores lle comentaron aos paisanos a enorme dificultade de atacalo pois estaba protexido polos temibles coraceiros, as forzas de elite do exército francés, a propia cabalería de Napoleón. Sen embargo, e contra todo prognóstico, este punto non conseguiu amedrentar aos paisanos de Becerreá senón todo o contrario e, sobre todo, cando se decataron que os

propios compañeiros de Santiago non os consideraban capaces de facer nada por eles mesmos. E así foi como o sangue empezou a ferver e da boca saír berros de vinganza contra o francés e de ánimo para os do país. Cóntase que con apenas unhas pedras, un par de escopetas vellas e unhas navallas de ferreiro os paisanos derrotan aos franceses na ponte de Cruzul, sen dúbida o lugar idóneo para levar a cabo unha emboscada deste tipo. Deste xeito as armas foron parar a Santiago ao afamado Batallón Literario que tras gloriosa campaña foron merecedores dunha placa colocada na Praza da Quintana e a recompensa, aos poucos que quedaron con vida, de ser nomeados oficiais nos corpos militares.

Que hai de certo é todo isto?, toca preguntarse agora. Pois bastante creemos. O que aínda non sabemos con certeza e si os rifles foron a parar realmente aos soldados do Batallón Literario pero o que é mais que probable é que foron “collidos” aos franceses nesta zona. Esta certa seguridade é posible grazas ao descubrimento no 2008 dun manuscrito que permanecía inédito nas mans dunha familia de Vilar de Ousón e que pertencía ao



Lám. 8. Placa da Ponte de Cruzul onde iría a inscrición alusiva a súa construción hoxe perdida. Debuxo de Rubén Borrajo

capitán francés Gerard. Son en total 126 páxinas repletas de sucesos acontecidos entre febreiro de 1807 e o 6 de maio de 1808. A pluma do cronista Gerard esmiúza regras, estratexias, ordes, noticias e historias deste destacamento do exército francés que saen de Burdeos e morren en Cruzul. Un manuscrito que, polo visto, lle foi arrebatado aos franceses por Gabriel Fernández, mais coñecido como “o terror dos gabachos” nun momento onde a guerrilla atacaba sistematicamente as forzas invasoras. Probablemente, este retén do exercito francés que levaría armas ao continxente destacado en Astorga tivo que instalarse nesta zona pola imposibilidade de superar os cumios nevados. Os veciños da zona, organizados en guerrilla, fartos do constante saqueo que os franceses farían da súas propiedades, víveres e mulleres atacarían por sorpresa e os derrotarían.

A vitoria debeu de ser sonada e de reportarlles aos vencedores gran cantidade de material bélico. De feito dise que os desaugadoiros dos vertedoiros de boa parte das casas de Becerreá construíronse con canos de fusil francés. Incluso existiu ata 1980 o bar Chafarotes, que eran os sabres anchos usados entón polos franceses e que serviron para decorar as paredes do local.

Ben é certo, que descoñecemos os danos sufridos polo camiño durante esta guerra da Independencia (1808-1814) aínda que é probable que non fosen moitos, se temos en conta que o principal acontecemento bélico ocorrido no camiño foi a retirada do exército inglés cara a Coruña perseguido polas tropas do Mariscal Soult. Pois ben, o xeneral británico Sir John Moore, e contra da opinión xeneralizada, non tiña por costume destruír as pontes por carecer do tempo e das ferramentas necesarias e porque, na maioría dos casos, os ríos desta zona eran vadeables por outros lugares. Esta opinión pode ser corroborada grazas ao debuxo de Robert Ker Porter que ilustraba o libro dun oficial do estado maior de Moore titulado “Letters from Portugal and Spain” publicado en Londres en 1809 e onde se pode ver o paso das tropas inglesas por esta zona e por unha ponte de idénticas características á de Cruzul. (lam. 5)

3.3. A zona do Corgo

Unha boa maneira de descubrir como estaban as cousas a mediados do século XIX é botarlle unha ollada o dicionario de Madoz de 1844 o que, dentro da súa brevidade, é bastante esclarecedor.

Comeza dicindo que o concello do Corgo dista de Lugo dúas leguas e da Coruña 16,5 e, despois de facer unha relación das parroquias que o compoñen, denuncia que o concello non ten casa propia nin cárcere nin escola dotada. Continua informando que o terreo é de monte e chaira con poucos árbores onde abundan frondosos prados de pastos. Non están moito mellor os camiños que o cruzan porque tanto o Camiño Real como os secundarios que van cara a Ponte Neira e Ponte Carracedo “áchanse pouco coidados e mellores as pontes que facilitan o paso”.

Estes camiños descoidados non son unha exclusividade do Corgo, nin tan sequera de Galicia, son unha constante ao longo do Dicionario. O problema radicaba no sistema que tiña o estado en arranxalos e que consistía, basicamente, en que o fixeran os veciños gratuitamente. As “sextaferias”, “zofras” ou “peonadas” aluden a esta man de obra abundante e moi barata que causaba, e quizais con moita razón, multitude de queixas desesperadas e, a propósito, tremendamente ineficaz e

incompetente. Era moi habitual o desinterese que tiñan os campesiños por demandar mais e mellores camiños e, de interesarlles algún, desde logo eran os locais, pero rara vez as grandes rutas. De feito, móstranse totalmente despreocupados mesmo polo coidado dos mais próximos, sendo eles mesmos os que realizan certas prácticas que os deterioran como arrancala pedra, cultivalas cunetas tapando os desaugadoiros, arrastrar madeira e un longo etcétera. A escusa esgrimida era que eles xa teñen abondo reparando os camiños que levan as súas terras e que non quitan ningún proveito coidando dos outros. E claro, cando ao final se lles obriga a realizar forzosamente aos traballos de mantemento destes acostuman a facelo de xeito intencionadamente descoidado empregando multitude de argucias como, por exemplo, enviar de cada casa aos mais vellos que pouco ou nada poden traballar, chegar tarde, carecer de ferramentas que se lles pide que leven que, por certo, son as mesmas que empregan nas súas tarefas cotiás como aixadas, picos ou mesmo o propio carro.



Lám. 9. O Camiño Real o seu paso por Sobrado



Lám. 10. Ponte Vella de Gomeán

Pero a pesar disto o camiño real luce, aínda hoxe, espléndido mostrando una consistencia fora de todo tipo de dúbidas. Os restos conservados actualmente falan das maxestosas obras de fábrica como por exemplo no tramo de Sobrado (Lám. 9) onde se observa perfectamente a caixa elevada da calzada, na ponte de Gomeán (Lám. 10) ou mesmo na ponte do Vao en Laxosa que posúe as típicas trazas destas pontes de cadeirado de arcos de medio punto de finais do XVIII, neste caso con tallamares circulares e catro vanos de 5,5 m de luz.

4. CONCLUSIÓNS.

Os camiños!, unha ruína para os gobernos, un montón de traballo para os campesiños, unha necesidade para o comercio e un pesadelo para os viaxeiros. Mesmo moi perigosos nalgúnhas épocas de guerra, como na da Independencia, por eles entraban a violencia, o saqueo, a destrución e a morte, case mellor non telos pensarían moitos.

Malos e poucos, como as pousadas, que contribuían a manter en perpetuo illamento a unha Galicia pobre e campesiña pero tremendamente fermosa: "...pequena terra melancólica dos galegos, terra de choiva e néboa, onde o ambiente é exquisito e os hotéis coñecidos polos malos que son... e onde a devoción é o principal entretemento... un país onde habita a mais ruda raza e a mais pobre, os restos dun dos apóstolos e o peor dos gobernos...". Así víaa nosa terra Archer Milton Huntington a mediados de 1892 e así sentía aos galegos "... que están tan apaixonadamente unidos os seus fogares que non hai ninguén en Europa que sufra tanto os exilios. De aí a coñecida morriña que nos leva a pensar en ambientes mórbidos e suicidios, como reflecten as lecturas da señora Bazán...".

Desde logo, nesta época de crise que nos toca vivir, onde o capital estatal parece que esta a fuxir dun xeito desapiadado de todo o relativo á cultura, o gran reto ao que se enfrontan tamén os camiños

é a súa conservación, difusión e posta en valor. Xa hai moitas asociacións, como a nosa, que dun xeito desinteresado, e na medida das súas limitacións, investigan, limpan, reparan e difunden tódolos bens culturais dunha zona e, polo tanto tamén os camiños, verdadeiros eixes transmisores da cultura. A posta en valor revélase como a gran tarefa a realizar sendo esencial para a súa protección. As rutas que programamos sobre eles, as camiñadas lúdicas, a sinalización son elementos que sempre debemos ter en conta xa que o primeiro paso para conservalo e coñecelo e comprender a súa importancia e a súa utilidade. Iniciativas recentes como a levada a cabo pola Agamac de Láncara e o GDR da comarca de Sarria, co colaboración dalgún concello e da Deputación, que fixeron circular por algúns tramos deste Camiño Real tractores históricos son desde logo moi meritorias e, sen dúbida, o mellor favor que lles podemos facer.

6. BIBLIOGRAFIA

ALVARADO BLANCO, S, MANUEL DURÁN e Carlos NÁRDIZ. *Puentes históricos de Galicia*. Colegio Oficial de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos”, Xunta de Galicia. 1989

ALZOLA Y MINONDO, Pablo, *Historia de las obras públicas en España*, Ed. Turner, 1979

AMPHOUX, Jaime *19 de julio de 1777. Informe do enxeñeiro Jaime Amphoux a Felix O'neille sobre as causas e gastos ocasionados polo derrube do Camiño Real de acceso a Galicia no tramo de Pereje-Trabadelo*. Archivo General de Simancas, S.S.H. 914. 1777

ARIAS, J. Viajeros por Galicia. Coruña, 1998.

BARREIRO GIL, M. Jaime. “El atraso económico y el sistema de transporte terrestre en la Galicia del siglo XIX”, en *Revista galega de economía*, vol. 10, núm 1, páx. 1-21, 2001

BECERRO DE BENGUA, R. De Palencia a la Coruña. Palencia, 1883

BONET CORREA, A., et al., *La polémica ingenieros-arquitectos en España siglo XIX*, Madrid, 1985

BORROW, G. The bible in Spain: a book of travel and adventure, 3 vols. London, 1842

CAMPOMANES, Pedro Rodríguez, Conde de, *Itinerario real de las carreras de postas*, Ed.

facsimil del original, impreso en 1761, Centro de publicaciones do ministerio de transporte, turismo e comunicacións.

CORNIDE, J. A. *Advertencias a tener en cuenta para la dirección del camino que va de Betanzos a Lugo*, Archivo General del Reino de Galicia, papeles de Cornide, leg. 13, n.º 216, sen data.

FERNÁNDEZ CASADO, Carlos, *Breve historia de las obras públicas*, Ed. Dossat, Madrid, 1950.

FERNÁNDEZ DE MESA, Tomás *Tratado legal y político de caminos públicos y posadas*, Madrid, 1756.

FORD, R. Hand-book for travellers in Spain. London, 1845

GARCÍA BARZANALLANA, L. *Tratado de carreteras y ferrocarriles*, Ed. De Bailly-Bailliere e hijos. Madrid. 1906

GARCÍA FUENTES, M. *El camino Real de Acceso a Galicia en el siglo XVIII*. Excma. Deputación de A Coruña. 1987

GARCÍA FUENTES, M. *Galicia incomunicada por red viaria en el siglo XVIII*. Universidade da Coruña, servicio de publicaciones. A Coruña, 1999

GARCÍA ORTEGA, Pablo, *Historia de la legislación española de caminos y carreteras*, Ed. MOPU, 1982

GÓMEZ VILA, J. “Leguas e leguarios no Camiño Real de Acceso a Galicia”, en *Lucensia*, nº 23, vol. XI. 347-356, 2001

GÓMEZ VILA, J. *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC, Santiago, 2006

GÓMEZ VILA, J. “O camiño real de acceso a Galicia e a súa pegada nas terras co Corgo”, en *CORGA* nº 2, páxs. 18-31. 2011

JARDINE, A. Letters from Barbarie, France, Spain, Portugal, by an English officer, 2 vols. London, 1788.

LEMAUR, C. *Mapa del Pays y del Camino entre Lugo y Villafranca*. Servicio Geográfico del Ejército, Cartoteca Histórica. 1769

MADRAZO, Santos, *El sistema de transportes en España, 1750-1850*, Ed. Turner, 1984

MANIER, Guillaume, *Pelérinage d'un paysan picard á Saint-Jacques de Compostelle au commencement du XVIIIe siècle*, 1890

MENÉNDEZ PIDAL, Gonzalo, *Historia de los caminos de España*, Ed. Cultura Hispánica, 1951

PONZ, A. *Viaje por España*. Tomo VII. Madrid, 1784.

SARMIENTO, Fray Martín, *Apuntamientos para un discurso sobre la necesidad que hay en España de unos buenos caminos reales y de su pública utilidad y del modo de dirigirlos, demarcarlos, construirlos, comunicarlos, medirlos, adornarlos, abastecerlos y conservarlos*, Madrid, 1757

SILHUETTE, E. *Viaje de Francia, de España, de Portugal y de Italia*, en "Viajes de extranjeros por España y Portugal". Tomo III, páx, 231.

SOUTHEY, R. *Letters written during a journey in Spain and a short residence in Portugal*. Bristol, 1797.

SUÁREZ, C. *Galicia, la calumniada: impresiones de un viaje por Galicia. Guía espiritual del viajero*. Madrid, 1923

SUÁREZ FREIRE, J. F. *Viaje de Galicia desde la villa de Benavente, o breve descripción de sus dos carreteras: de la construida desde Astorga a La Coruña, y de la que debe de construirse desde la villa de Benavente a la ciudad de Orense, Santiago y Vigo, con algunas observaciones a cerca de las obras, utilidad y circunstancias de cada una*. Santiago. 1813

URIOL SALCEDO, JI. *Historia de los caminos de España*, 2 Vol., Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, Madrid, 1992



RESUMO

O segundo domingo do mes de maio devotos do concello do Corgo e doutros limítrofes acoden ao santuario, dedicado ao Santo Anxo, para pregarlle a concesión dalgún pedimento, ligado case sempre coa protección dos que acaban de nacer e doenzas infantís, ou ben para agradecerlle o favor xa recibido. Por tal motivo, levan a cabo unha serie de rituais, e ofrendas propiciatorias e de acción de grazas. Así, escoitan unha misa, poñen o santo, participan na procesión, traen candeas, achegan diñeiro, sufragan misas, etc.

PALABRAS CLAVE

Indulxencia, confraría, ofrenda propiciatoria, petición condicional, poñer o santo, ofrenda de acción de grazas, exvoto.


Blanco Prado, José Manuel

Jmbp53@yahoo.es

Doutor en Historia

Profesor Numerario de Ensino Secundario (xubilado)

O meu agradecemento a D. Daniel Rodríguez e a D. Manuel Fernández "Lolo" pola información que me facilitaron para a realización deste traballo.



Autor do mapa: José Cancio Fernández

1. INTRODUCCIÓN

Para o teólogo *Luís Maldonado* a relixiosidade popular que el prefere darlle o nome de “catolicismo popular” é a síntese dun cristianismo establecido nas poboacións rurais de Europa logo de introducirse nas súas crenzas, é dicir, na súa relixiosidade telúrica e no seu estilo de vida agrocultural¹. Este concepto está moi ligado coa

contraposición coa visión anterior, esta estaría máis relacionada cunha concepción dinámica⁴.

O antropólogo *W.A. Christian* evita o uso da expresión “relixión popular” xa que o termo “popular” rematou por connotar o sentido de rural por oposición a urbano; primitivo por oposición a civilizado; tradicional por oposición a moderno... Isto motiva que sexa partidario de falar de



Santuario do Santo Anxo

visión estática a que fai alusión *Michel Vovelle*². Pola súa banda, Pedro Castón Boyer prefere falar de relixiosidade tradicional para diferenciala dunha relixiosidade oficialista. A primeira estaría reflectida en todos aqueles comportamentos religiosos, que integran a cultura dun pobo e, polo tanto, vinculados co seu universo simbólico³. En

relixiosidade local, xa que os costumes relixiosos coas súas semellanzas e diferenzas teñen en común a vinculación a un lugar concreto e a unha orixe histórica⁵. Así mesmo o historiador *Andrés Gallego* non utiliza a expresión relixión popular, senón que fai mención a un refacer a vivencia relixiosa na historia, é dicir ás formas de vivir a relixión⁶. Finalmente os antropólogos *Gurutze Arregui* e *Ander Manterola* manifestan que a

(1) MALDONADO, Luís.: “Dimensiones y tipos de la religiosidad popular”, en *Concilium (Rev. Internacional de Teología)*, 206, 1986, páxs.9-18.

(2) VOVELLE, Michel.: “La religión popular”, en *Ideologías y mentalidades*. Barcelona: Ariel, 1985, pp.125-131.

“Esta visión, propia dos folcloristas estaría relacionada cun conxunto de supervivencias pagás, de supersticións e xestos máxicos, con trazos de sincretismo cristián”.

(3) CASTÓN BOYER, Pedro.: “La religiosidad tradicional” en Andalucía. *Una aproximación sociológica*, en CASTÓN BOYER y otros, *La religión en Andalucía. Aproximación a la religiosidad popular*. Sevilla: Edt. Andaluzes Unidos, 1985, p. 101.

(4) VOVELLE, Michel.: “La religión popular”, en *Ideologías y mentalidades*. Barcelona: Ariel, 1985, pp.125-131.

“Esta acepción estaría vinculada a unha relación dialéctica entre relixión oficial y popular...”

(5) CHRISTIAN JR, William A.: *Religiosidad local en la España de Felipe II*, Madrid: Nerea, 1991, páx. 11.

(6) GALLEGO, Andrés.: “Práctica religiosa y mentalidad popular en la España Contemporánea”, en *Hispania Sacra*, 46, 1994, páx. 331.

relixiosidade popular é unha das manifestacións da cultura dunha comunidade, que ten como ámbito de estudo o conxunto de crenzas e rituais froito da actividade simbólica dun grupo humano e que o propio grupo humano caracterizou como sagrados e relixiosos⁷.

A relixiosidade de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten os seus trazos especiais. Cada comunidade vive e manifesta a fe dun xeito propio. Unha relixiosidade é popular cando se configura con ese pobo e manifesta o seu sentir. É parte da cultura, dun modo de pensar e de vivir. Para comprendela cómpre ter en conta o pasado, o que na actualidade a rodea, os trazos do lugar, o estilo das persoas, como viviron o cristianismo, que é o que herdaron dos séculos pasados, que é o que cada unha das xeracións recibiu e achegou. Polo tanto, é popular o que o pobo crea



Imaxe do Santo Anxo

(7) ARREGUI, Gurutze e MANTEROLA, Ander.: "Religiosidad popular", en Aguirre, Angel (dir.). *Diccionario temático de Antropología*. Barcelona: Boixaneu, 1993, páx.532.

mais tamén o que recibe, asimila e fai propio. Unha das manifestacións da relixiosidade popular radica nos santuarios.

2. ALGÚNS DATOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DA PARROQUIA DE ANSEÁN.

Desde unha óptica eclesiástica, a freguesía de Santa Catarina de Anseán pertence ao Arciprestado de Farnadeiros e a diocese de Lugo⁸. A efectos civís forma parte do concello do Corgo e da provincia de Lugo⁹.

Segundo *Manuel Vázquez Seijas* houbo unha torre, a Torre de Anseán, do Marqués de Astorga, título concedido a *Álvaro Pérez Osorio* en 1465 polo *Rei Henrique IV*. Dela faise referencia no proceso que tivo lugar no ano 1526 contra D. Alonso de Fonseca. A torre destruírona os irmandiños no século XV e, despois, volveuse reconstruír. Porén, co paso dos anos foise deteriorando debido ao abandono dos donos e a falta de coidado por parte dos caseiros¹⁰.

3. ANOCIÓN DO SANTUARIO

O santuario é un lugar de culto simbolizado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial ao que acoden devotos non só da comunidade parroquial, na que se localiza o espazo sagrado, senón tamén doutras freguesías. Neste último caso adoitan vir dun xeito individual ou colectivo. Polo tanto, podemos facer alusión a un espazo xeográfico ao que o antropólogo *W. A. Christian* denomina "territorio de graza", sobre o que un santuario proxecta a súa influencia en función do poder de convocatoria que exerce a súa imaxe sagrada en cuestión. Este territorio –segundo *Carme Pernas*–pódese reducir a un ámbito parroquial, municipal, comarcal, rexional e extra-rexional, que é o menos frecuente¹¹. Os devotos veñen a este recinto sagrado por un dobre obxectivo:

1º. Pregarlle á imaxe sagrada¹² a súa intercesión ante determinadas peticións de índole material –

(8) Segundo *Eliás Valiña Sampedro* foi unha freguesía única ata 1893, ano no que se lle uniu Manán de Abaixo. Posúe as entidades de poboación de Castro, Corral, Lamapulleira, Mourelle, Peizás, Portela e Torre.

(9) Anseán é unha parroquia situada ao sur do concello do Corgo, que dista 13 km. da capital provincial.

(10) XIZ, Xulio: *O Corgo, amplo horizonte*. O Corgo: Ed. Concello do Corgo, páx. 99.

(11) BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: "I. Introducción: As romarías e o seu significado" en "Os santuarios do concello de A Pastoriza" (Lugo), en *Rev. Croa*. Asociación Amigos do Castro de Viladonga. Castro de Rei .Lugo. Referencia de: Carme Pernas Bermúdez, páx.71.

(12) A imaxe sagrada está representada por diferentes advocacións de Cristo, a Virxe, e os santos, que son avogosos ante diversos males.



Retablo central do Santuario

prevención e curación de doenzas, boas colleitas, facenda familiar etc.,- e de carácter espiritual.

2º. Cumprir unha serie de promesas á devandita imaxe logo de que lles concedese as rogativas solicitadas.

“Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva”¹³. “Los santuarios son lugares precisos de transformación de la energía divina para utilización humana y de transformación de la energía humana para propósitos divinos”¹⁴.

Por outra banda, o crego *Xosé Antón Miguelez* na análise que fai sobre os santuarios distingue os seguintes elementos: a vivencia do social vinculada a uns lugares e obxectos concretos; o predominio da emoción sobre a racionalidade; a cosmovisión estática e non histórica; e o carácter popular pouco institucionalizado¹⁵.

Finalmente nos santuarios podemos apreciar a existencia dunha tripla dimensión:

1ª. Espacial. Trátase de lugares que son puntos de encontro, de contacto, de intersección das diversas zonas do real, da heteroxeneidade dos diferentes estratos da realidade (o divino e o humano, o sagrado e o profano)¹⁶. En moitas

ocasións, os lugares onde se localizan os santuarios están relacionados con lendas ou aparicións milagreiras de santos-as, con reliquias... ou mesmo como lugares onde antano se celebraban prácticas pagáns e cultos á natureza...¹⁷.

2ª Temporal. Os santuarios son o eixo unificador dunha serie de ritmos vitais e cósmicos¹⁸. Así, nos momentos de transición anual correspondentes cos ciclos solsticiais-equinociais é cando adoitan celebrarse as festividades relixiosas.

3ª Sociolóxica. Nestes recintos sagrados reflíctese o seu sentido de identidade ou pertenza a un grupo por medio dunha serie de rituais. Tamén o seu sentido de integración de cara ao exterior. “La doble vertiente, hacia adentro, y hacia fuera del área de referencia de cada centro de completa de esta forma, creando una red de relaciones de signo diverso”¹⁹.

4. O SANTUARIO DO SANTO ANXO DE ANSEÁN (O CORGO)

4.1. OS TRAZOS ARTÍSTICOS.

Trátase dunha igrexa parroquial, que está provista dunha porta principal alintelada, dun olo, dunha



Rapaz ofrecendo un cirio

(13) PRAT I CAROS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad popular, III. Hermandades, Romerías, Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, pág. 227.

(14) WILLIAMA A. CHRISTIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, pág. 126.

(15) MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón: “Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas”, en *Estudios Mindonienses. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol*. T.2, pág.248.

(16) BLANCO PRADO, J.M: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1991, pág.70.

(17) BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “I. Introducción: As romarías e o seu significado (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa. Asociación Amigos do Castro de Viladonga*. Castro de Rei .Lugo. Referencia de: Carne Pernas Bermúdez, pág.71.

(18) MALDONADO, Luís: “Los Santuarios en la religiosidad popular”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P.Vasco, Vitoria, 1982, pág. 70.*

(19) FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid: Ed. S. XXI, 1984, pax. 259.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Invitación a la Antropología cultural de España*. Madrid: Akal, 1980, pág. 93.

espadana sinxela e dunha porta lateral cun ventanal na parte superior. Ademais posúe unha nave a dúas augas con cuberta de lousa e que se asenta sobre un armazón de madeira. Tamén ten unha capela a catro augas máis alta e reducida que a nave, cun arco de triunfo de medio punto sobre unhas impostas saíntes.

No interior do espazo sagrado hai un retablo central, de estípites, composto de tres fornelos e dun ático. Nos fornelos encóntranse as tallas de Santa Catarina e San Antonio, obras do século XVIII. No ático, a talla de San Cristóbal, tamén do século XVIII. Ademais hai dous retablos laterais con varias tallas do século XVII: Anxo co Neno; a Virxe do Carme e San Miguel.

A igrexa está provista dun amplo adro con cemiterio e contén unha magnífica custodia “Sol” de 1800.²⁰ A uns mil metros atópase a Pena do



Confraría do santísimo e do Santo Anxo

(20) VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, t.I, Madrid, 1975, páxs. 82-83.

Santo, e ao seu carón o local da Asociación de veciños de Anseán, onde o fregués *Manuel Fernández “Lolo”*, ten unha exposición permanente de gran valor relativa aos instrumentos do liño.

2. AS FONTES DOCUMENTAIS²¹

- 2.1. Lib. Baut., perg., det., 1678-1715²².
- 2.2. Lib. Baut., perg., 27 feb. 1785-22 xul. 1851, Fol.. 1-93v.
- 2.3. Lib. Baut., 20 feb. 1852-14 ag. 1934. Fol.. 1-105.
- 2.4. Lib. Baut., 6 nov. 1935-crte.
- 2.5. Lib. Baut., Manán, 1 en. 1892-25 set. 1945, fols. 1-89v., cronolog., 3 fols.
- 2.6. Lib. Baut., Manán, 9 dic. 1945-crte.
- 2.7. Lib. Matr. 30 jul. 1885. crte.²³
- 2.8. Lib. Dif., perg., 15 set. 1776-26 dec. 1850, fols. 1-47v.²⁴
- 2.9. Lib. Dif., 14 ag. 1852-crte.
- 2.10. Lib. Confirm., perg., 9 oct. 1798-12 feb. 1885, fols. 1-36v.²⁵
- 2.11. Lib. Fábr., perg., 1799-1892, fols. 1-77.²⁶
- 2.12. Lib. Fábr., perg., 1692-1798, fols. 1-226.
- 2.13. Lib. Fábr., 1816-crte.
- 2.14. Lib. Cofr., Stmo., Sto. Ángel, perg., 17-crte.²⁷
- 2.15. Lista Cofrades Stmo., Sto. Ángel, leg., s. fecha.
- 2.16. Lista Cofrades, leg., 1916.
- 2.17. Lista Cofrades, leg., 1936.
- 2.18. Lista Cofrades, leg., 1945.

(21) VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1991, páxs. 35-36.

(22) Nos Libros de Bautismo reflíctese a data, lugar de nacemento e bautismo, así como o nome asignado. Tamén o lugar de nacemento e veciñanza de pais, avós e padriños.

(23) Neste libros faise mención do momento no que se celebra o matrimonio: de día, de noite. Das razóns, se son viuvos, vellos etc.. O lugar, templo, ermida. Nomes, data e lugar de nacemento dos cónxuxes, pais, testemuñas; dote da filla, en especie o en metálico etc.

(24) As partidas de defunto adoitan ser extensas: idade, lugar de orixe e veciñanza, fillos, testamento, legados, lugar de sepultura etc.

(25) Trátase dos libros que menos datos ofrecen. Unicamente aparece a data e lugar no se que se celebra a confirmación, así como o bispo que actúa.


(26) Estes libros teñen interese dende unha perspectiva socioeconómica. Adoita reflectir a administración da igrexa, mais tamén a descrición de montes parroquiais, cultivos, camiños, prezos de obxectos, importe dunha xornada de traballo etc.

(27) Son semellantes aos de Fábrica. Porén adoitan ser máis concretos, xa que se refiren unicamente á confraría e aos seus socios.

5. A CONFRARIA DO SANTO ANXO E DO SANTÍSIMO

As confrarías son agrupacións voluntarias formadas por laicos que teñen como finalidade fomentar o culto de determinadas imaxes. Reciben o seu nome dos misterios da relixión cristiá, das festas do Señor, da Virxe, dos santos...." **Las cofradías con asociaciones voluntarias de carácter laico, cuyos fines están relacionados formalmente con el culto a determinadas imágenes o advocaciones**"²⁸. "**La cofradía es la mediación fundamental para la animación y cristalización de las grandes devociones populares**"²⁹.

Teñen un obxectivo relixioso-católico e dependen da autoridade eclesiástica. "**....son asociaciones cuyos fines son formalmente religiosos, estando sujetos, por ello, a la jurisdicción eclesiástica y a la autoridad de la jerarquía católica**"³⁰. Na confraría lévanse a cabo relacións de convivencia, sociabilidade, intercambio e reciprocidade. "**La cofradía es el núcleo focalizador de toda una vida y un dinamismo comunitario**"³¹.



Estatutos da Confraría

(28) ESCALERA REYES, J., ÁLVAREZ SANTALO, C., BUXO, M.X. (Coords). "La religiosidad popular III. Hermandades, romerías y santuarios". Hermandades, religión popular y poder en Andalucía. Anthropos. Barcelona. 1989, páx. 459.

(29) MALDONADO, L. "Para Comprender el Catolicismo Popular". Cofradías y Hermandades. Ed. Verbo Divino. Estella (Navarra). 1990, páx. 87.

(30) ESCALERAREYES, Javier.- *Ob. cit.*, páx. 460.

(31) MALDONADO, Luis.- *Ob. cit.*, páx. 87.

A confraría pode chegar a representar o nivel de identificación e integración de toda a comunidade. Nese caso a festa principal simbolizará o conxunto da comunidade mesma fronte ó mundo exterior. "**Cada fiesta es la expresión de identidad de la comunidad y también de su unidad**"³².

As confrarías en Galicia xa tiñan vixencia nos séculos XII e XIII. Así o código dado por D. Afonso X á terra de Santiago no ano 1252, di entre outras cuestións o seguinte: "**Otrossi mando que non fagan confrarías, nin iures males, nin ningures malos ayuntamientos, que sean a danno de la terra e a mengua do mio sennorio, sino para dar a comer a pobres, o para luminaria, o para soterrar muertos**"³³. Deste xeito as confrarías tiñan inicialmente como fins básicos: dedicarse aos necesitados enterraren os mortos e iluminar o



Estatutos da Confraría

recinto eclesial cando haxa cultos que realice confraría.

En Galicia as confrarías son abertas e verticais, en contraposición a Andalucía, onde tamén as hai pechadas e horizontais. Son abertas xa que a persoa que o desexe En Galicia as confrarías son

(32) PITT RIVERS, Julián.- "L'identité locale vue à travers la fiesta". *Coloquio Hispano-Francés. Culturas Populares. Diferencia, Divergencias, Conflictos*. Universidad Complutense. Madrid. 1986, páx. 13.

(33) LOPEZ FERREIRO, Antonio.- "Los Fueros Municipales de Santiago y su tierra". T.I. Santiago. 1985, páx. 359.

abertas e verticais, en contraposición a Andalucía, onde tamén as hai pechadas³⁴ e horizontais³⁵. Son abertas xa que a persoa que o desexe pode pertencer a elas sempre que execute os estatutos da asociación; son verticais xa que en cada unha delas se integran persoas pertencentes a distintas capas sociais.

Normalmente unha persoa pertence a unha confraría ben pola tradición familiar, pola amizade con algún membro delas, pola residencia etc. Isto motiva que calquera persoa poda ser membro de varias confrarías, aínda que nalgunha delas non teña a residencia do confrade.

Pois ben, polo que respecta aos séculos XIX e XX, a dinámica desta confraría foi a seguinte:

D. Juan López de Prado, párroco de Santa Catarina de Anseán, xunto a Francisco Castedo, Silvestre Santalla e Pedro de Portela, veciños da devandita freguesía, comparecen diante dos demais fregueses desta parroquia en cumprimento do acto de visita do Ilmo. Sr. D. Felipe Peláez Canedo, bispo da diocese de Lugo, no que se suprime a confraría existente coa advocación do glorioso Santo Anxo da Garda coa finalidade de que no seu lugar se funde outra vez a confraría do Santísimo Sacramento á que pasamos todo o caudal que posuía a do Santo Anxo.

O día 7 de abril do ano 1799 fundamos a devandita confraría, que se vai regular mediante as seguintes constitucións³⁶:

1ª. Nomeamos ao Ilmo. Sr. bispo da diocese de Lugo, sempre que o desexe, así como aos seus sucesores primeiro irmán da citada asociación.

2ª. Queremos que todos os veciños desta parroquia se inscriban como confrades, e cumpran coas seguintes obrigas: acompañar ao Stmo. Sacramento nas súas funcións e cando se leve aos doentes. Asistir as funcións que celebre a confraría polos confrades vivos e defuntos.

3ª. Desexamos que se celebre anualmente unha misa e unha función solemne ao Stmo. Sacramento, ben no día do Corpus, na súa oitava ou nunha das dominicas seguintes, sempre que o

permitan as funcións ao Santísimo que se oficien nas parroquias próximas. Para celebrar esta función, o párroco deberá chamar os cregos que fagan falta, dándolles a esmola estipulada pola confraría.

4ª. Resolvemos que o párroco convoque para a festividade do Santo Anxo a seis cregos a fin de que os fregueses da parroquia poidan confesar para gañaren as indulxencias concedidas á confraría do Santo Anxo sempre e cando o bispo da diocese de Lugo teña a ben non suspendelas. Así mesmo, acordamos que se celebre unha misa e función por todos os irmáns vivos e defuntos pagándolles aos cregos oficiantes a esmola acordada pola irmandade. Ademais todas as funcións relixiosas que leve a cabo esta asociación serán realizadas polo párroco ou polos cregos que ordene.

5ª. Acordamos que a confraría teña dúas clases de irmáns: unha, que comprenda a todos os cabezas de familia da parroquia, que pagarán anualmente por si e polas súas familias un ferrado de centeo. Outra, que deberá pagar ao ano catro cuartos de tarxa³⁷ e un real de billón de entrada, non sendo admitidos os que superen os corenta anos. Todos teñen dereito a recibir da asociación seis fachas³⁸ para enterro e honras.

6ª. Queremos que todos os anos se designe na confraría un mordomo, que terá a obriga de recoller polo mes de agosto as “tarxas” de centeo, depositalas nunha arca, que construírá a irmandade, e beneficalas nos meses de mellor prezo coa intervención do párroco e o depositario. Tamén custodiará e entregará a cera para as diferentes funcións relixiosas.

7ª. Resolvemos que o depositario custodie na confraría o caudal resultante, así como o sustento da mesma. Ao rematar o seu mandato³⁹ ou anualmente, daralle a coñecer ao párroco as súas contas con cargo e data⁴⁰, entregándolle ao novo depositario o alcance actual da asociación.

O libro da confraría ao igual que o libro de fábrica serán inspeccionados polo bispo da diocese de Lugo ou polos visitantes da Orde.

(34) A confraría pechada é aquela que amosa un número de socios limitado.

(35) A confraría horizontal reflicte dun xeito bastante preciso a segmentación e división social da comunidade.

(36) Confraría do Santísimo e do Santo Anxo. Parroquia de Santa Catarina de Anseán. Arciprestado de Farnadeiros. Arquivo Central Diocesano Parroquial. Bispado de Lugo. Libro I. Anos 1799-1972.

(37) Cota que os confrades pagaban na confraría.


(38) Cirio ou candea de cera.

(39) Os depositarios podían ser elixidos por un período de tres anos e mesmo reelixidos logo de que outros fregueses ocupen o cargo.

(40) O cargo e a data fan referencia aos ingresos e gastos existentes na irmandade.

(41) Confraría do Santísimo e do Santo Anxo. Parroquia de Santa Catarina de Anseán. Arciprestado de Farnadeiros. Arquivo Central Diocesano Parroquial. Bispado de Lugo. Libro III. Anos 1915-1947..

Por esta confraría pasaron uns 1800 confrades no período comprendido entre os anos 1915 e 1947⁴¹. No século pasado, a finais da década dos sesenta, a confraría tiña uns 1000 confrades⁴².



Inspección da Confraría

6. A FESTIVIDADE E A PROCEDENCIA DOS DEVOTOS

A festividade do Santo Anxo celébrase o segundo domingo do mes de maio.

Acoden devotos non so de diferentes parroquias do Corgo (Lugo), senón tamén doutros concellos próximos; entre outros, Baralla, Castroverde, Guntín, Láncara, Lugo, O Páramo e Portomarín. Polo tanto, este santuario posúe un territorio de graza supraparroquial e supramunicipal.

7. OSPEDIMENTOS

En xeral os devotos ofrécese por si mesmos ou para acadaren algunha intercesión para outras

persoas, que non podían vir ao santuario por algunha doenza. O Santo Anxo recibe unha devoción, que está moi ligada cos meniños. Polo tanto, non resulta estraño ver un bo número de mulleres, que acoden ao santuario cos seus fillos no colo para lle daren grazas ao santo polos beneficios concedidos ou para lle pregaren a súa intercesión. En bastantes casos os ofrecidos, sempre que poden, seguen vindo a este recinto sagrado en “acción de grazas”. Tamén hai devotos que veñen a este espazo sagrado por doenzas humanas como queda reflectido nalgúns corpos de cera, que aínda se encontran no santuario, e que representan a seres humanos, total ou parcialmente.

“Aquí era unha tradición que cando nacían os pequenos, desde os primeiros anos os pais sentíanse coa obrigaón de traer aos fillos aquí ao Santo Anxo, e hoxe hai xente maior que segue acudindo cos fillos, cos netos e mantén a tradición”⁴³



Devota ofrecendo un cirio

7. AS PROMESAS OFRECIDAS AO SANTO

A unidade básica de relación entre o devoto e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas é a promesa. Esta consiste normalmente nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus por medio de Cristo ou dunha serie de mediadores como son as diferentes advocacións da Virxe e os santos. **“Para chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxe...”⁴⁴**. Porén, o santo non sempre é como o define a Igrexa, xa que non é un intermediario ante Deus, senón que ten un poder

(42) VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*, Lugo: Deputación Provincial, páx. 35.

(43) Manolo Fernández, (Lolo), de Anseán (O Corgo).

(44) MOREIRAS SANTISO, Xosé. “A relixiosidade popular no sector rural”, *Rev. Encrucillada*, nº 9, Vigo, 1978, páx. 64.



Devotas portando cirios na misa

primario. **“O Santo pode ser un ente con poder que lle son propios”**⁴⁵. A promesa á entidade sagrada é dun xeito claro o sistema social vixente no que alguén fai algo a cambio dunha posterior axuda cando chegue o momento axeitado. **“El intercambio de dones entre una persona y un ser sagrado es algo universal y fuertemente vinculante”**⁴⁶. Neste santuario podemos distinguir tres modelos de relación entre os devotos e as imaxes de devoción: 1º. A promesa xeralmente é condicional, é dicir, a imaxe de devoción concédelle a petición ao devoto e logo este leva a cabo a promesa; trátase dun cumprimento “a posteriori”. Este tipo de promesa recibe os nomes de **“Ofrenda condicionada”**⁴⁷ e **“Petición Condicional”**⁴⁸.

2º. Algúns devotos veñen pregar a mediación da imaxe de devoción ante un problema determinado executando unha serie de rituais e ofrendas. Neste

Devotas portando cirios na misa caso os diferentes rituais e ofrendas, que os devotos cumpren, teñen lugar antes de que lles sexa concedida a petición. Este tipo de promesa recibe os nomes de **“Ofrenda propiciatoria”**⁴⁹ e **“Devoción Peticionaria”**⁵⁰.

(45) LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: “Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular”, en Rev. *Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, p.45.

(46) MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1987, pág. 272.

(47) GONDAR PORTASANY, Marcial. “Racionalidad campesina y Relativismo cultural”, *Antropología y Racionalidad*, Santiago, 1980, pág. 60.

GONDAR PORTASANY, Marcial. *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*. Vigo: ANosa Terra, 1993, pág. 153.

(48) WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr. *Religiosidad popular. Estudios antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, pág. 134.

(49) GONDAR PORTASANY, Marcial. *Ob. cit.* 1980, pág. 60.

GONDAR PORTASANY, Marcial. *Ob. cit.* 1993, pág. 154.

(50) WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr. *Ob. cit.* 1978, pág. 134.

3º. Finalmente hai devotos, que acoden todos os anos por algunha rogativa concedida pola imaxe de devoción noutrora. A este tipo de promesa dásele tamén o nome de **“Ofrenda de acción de grazas”**⁵¹.

As promesas máis frecuentes, que se realizan neste santuario están relacionadas con diferentes rituais e ofrendas.

8. OS RITUAIS

Arnold Rose sinala que os rituais distínguense polos seguintes elementos: posúen unha regularidade e periodicidade ao estaren relacionados con certas festas; teñen un sentido para certo número de persoas; adoitan presentarse dun xeito dramático; e producen “consensus” de sentimentos mediante unha experiencia participativa⁵². O rito é un universal cultural presente en todas as culturas. É inseparable de momentos importantes no ciclo da



Ritual de poñer o Santo

(51) GONDAR PORTASANY, Marcial. *Ob. cit.* 1980, pág. 60.

“ ” ” ” 1993, pág. 154.

(52) “Rituais”, *Antropológica*, Instituto de Antropoloxía de Barcelona, nº 6, 1977, pág. 99.

vida e vai acompañado de danza, canto, música, percusión, bandeiras, cor...; tamén amosa analogías, metáforas e polaridades que trata de superar....⁵³

8. 1. OS RITUAIS COLECTIVOS

8.1.1. A CELEBRACIÓN DE MISAS

Neste recinto sagrado oficiáronse misas as dez e once da mañá; ao mediodía e a unha da tarde, momento no que dous cregos da cidade de Lugo máis o párroco concelebraron a misa solemne⁵⁴. A misa resulta ser un momento de máxima tensión devocional. Tentan seguila o maior número de devotos maila os inconvenientes que poida ocasionar o encontrar un lugar axeitado⁵⁵.

8.1.2. O RITUAL DA PROCESIÓN.

Ao rematar a misa solemne, desenvolveuse a procesión, que percorreu o perímetro do santuario⁵⁶. Nalgúns recintos sagrados de Quiroga⁵⁷, Pantón⁵⁸, Sober... a procesión lévase a cabo antes da celebración da misa solemne.



(53) LISON TOLOSANA, Carmelo: "Rito, funciones y significado", *Música oral del Sur: Música hispana y ritual*, nº 9, Junta de Andalucía, 2012, páxs.22-28.

(54) Ano 2011.

(55) GONZALEZ REBOREDO, Xosé M. *Guía das Festas Populares de Galicia*. Vigo: Ed. Galaxia, 1997, páx. 132.

(56) A procesión neste santuario foi introducida de novo polo actual crego D. Daniel Rodríguez.

(57) BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. "La devoción popular en el Santuario de la Ermita (Quiroga)", en *Lucus*, Boletín Informativo da Deputación de Lugo, nº 42, 1994, páxs. 35-37.

(58) BLANCO PRADO, José Manuel. *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1996, páx. 134.

Na procesión interviron os seguintes elementos:

1º. A cruz parroquial lévaa un fregués da comunidade parroquial.

2º. A imaxe do Santo Anxo que levan nas andas por catro homes da freguesía de Anseán.

3º. A advocación do Carme portada tamén nas andas por catro mulleres da parroquia.

4º. Os cregos concelebrantes.

5º. Os asistentes ao ritual colocados sen distinción de idade e sexo.

A procesión é un ritual relixioso que ten como finalidade expresar pública e colectivamente un culto, un diálogo coa divindade correspondente. Utiliza normalmente un espazo fóra do templo que pasa a ser un soporte para esa hierofanía, para esa manifestación relixiosa. Polo tanto, as rúas, as prazas, e calquera espazo de acollida do ritual recibe unha reinterpretación con posibilidade de valores de sacralidade. Deste xeito, as imaxes, que saen na procesión, santifican o espazo que percorren, proporcionándolles unha enerxía positiva a todos os seres, tanto persoas como animais, que se atopan nese espazo. "Dando una vuelta alrededor del santuario, la imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a o do el entorno geográfico"⁵⁹. Segundo a disposición da procesión ÁLVAREZ GASTÓN distingue unha serie de características: "Se trata de manifestaciones más multitudinarias no sólo por los participantes activos, sino también por los numerosos espectadores. Dentro de la comunidad local es algo que llega vitalmente a los feligreses. Los elementos fundamentales de toda procesión son: las imágenes, la forma de llevarlas, el pueblo que participa y el que mira, el espíritu de la celebración –cantos, rezos, silencio..."⁶⁰. As procesións son coma un ritual de peregrinación menor. "Guiada por la cruz procesional seguida de los estandartes, la comunidad eclesial **camina a través de las calles, como dramatización de la historia sagrada, como exaltación epifánica, pero, sobre todo, como ritual de camino penitencial y salvífico**"⁶¹.

(59) MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.* 1987, páx. 175.

(60) ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo. *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C., 1976, páxs. 91-92.

(61) AGUIRRE BAZTÁN, Angel. *Ob. cit.* 1993, páx. 107.

8.2. OS RITUAIS DE PARTICIPACIÓN INDIVIDUAL.

8.2.1. O RITUAL DE VIR ANDANDO AO SANTUARIO.

Hai anos bastantes devotos acudían ao santuario andando desde o seu lugar de orixe, como sacrificio previo antes de entraren en contacto co sagrado. Na actualidade, aínda que a maioría fan a viaxe en coches particulares, segue habendo pegadas deste ritual. Así pódese apreciar como hai devotos, que aínda veñen camiñando desde aquelas entidades de poboación próximas ao recinto sagrado.



8.2.2. OS RITUAIS DE CONTACTO

O desexo de todo devoto é entrar en contacto coas imaxes e demais elementos e obxectos vinculados ao santuario, xa que o sagrado proxecta a súa dualidade, sacraliza. Entre os rituais de contacto máis habituais sinalamos os seguintes:

8.2.2.1. O RITUAL DE POÑELO SANTO

Este ritual consiste en que dous fregueses da parroquia, realizan cunha imaxe pequena do Santo Anxo, unha cruz por riba da cabeza dos devotos. Estes bican a imaxe e deixan unha esmola nunha bandexa ou boeta, situada ao carón dos poñentes- un home e unha muller- . Ambos os dous, mentres levan a cabo o ritual, pronuncian unhas xaculatorias. Así, o fregués, situado ao pé do retablo lateral esquerdo, di:

**“Santo Ángel de la Guarda
te guarde y te libre de todo mal. Amen”.**

Pola súa banda, a freguesa, colocada xunto ao retablo lateral dereito profire en galego castelanizado a seguinte:

**“ Santo Anxo bendito
te defenda de todos os males. Amén”**

Segundo as devanditas oracións, o santo non sempre é como o define a Igrexa, xa que non é un intermediario ante Deus, senón que ten un poder primario. **“O Santo pode ser un ente con poder que lle son propios”**⁶².

Este ritual emprégase en moitos santuarios non só galegos, senón tamén doutras comunidades do Estado español, así como doutras terras nas que segue habendo un forte contido relixioso de base católica *“En muchos santuarios bretones los romeros besan las reliquias expuestas delante del coro”*⁶³. *“Los romeros portugueses, al terminar la misa, se agolpan para besar las imágenes del santo”*⁶⁴.



Ritual de poñer o Santo

9. AS OFRENDAS


9.1. AS MISAS

A misa é unha das promesas básicas, que levan a cabo os devotos nos santuarios aos que acoden. O párroco ou un fregués da parroquia na que está situado o recinto sagrado anotan esta ofrenda nun libro polo. Neste santuario os devotos ofreceron no ano 2011 unhas sesenta misas. O seu custo foi de sete euros. Todas as misas ofíciaas o párroco no transcurso do ano.

(62) LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: “Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular”, en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, p.45.

(63) MARINO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.*, 1987, páx. 170.

(64) MARINO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.* 1987, páx. 170.



Petitorio de Santo Anxo

9.2. OFRENDA EN METÁLICO

Trátase dunha ofrenda, que se está facendo moi usual, en case todos os santuarios desta provincia. Lévese a cabo dos seguintes xeitos:

1. Os devotos, logo de poñer o santo, deixan unha esmola nunha bandexa ou boeta, que se encontra ao carón do poñente.
2. Un sancristán ou fregués da parroquia vai recollendo nunha bandexa ou petitorio a esmola dos devotos, que asisten á misa.
3. Nos petos que se atopan no interior do santuario.

9.3. OS EXVOTOS DE CERA

Estes exvotos son obxectos artesanais, que simbolizan unha serie de animais: cochos, eguas, vacas, así como o corpo humano e algunhas das súas partes: brazos, mans, pernas, pés... Estas figuras levábanas ao santuario os devotos como testemuño do seu agradecemento pola influencia benéfica que o Santo Anxo exercera na cura de diferentes doenzas humanas. En todos os exvotos repítense tres elementos básicos: a promesa dun don a unha entidade sagrada pola consecución

dun beneficio. O convencemento propio do individuo cando a entidade satisfizo a súa petición; e, finalmente, o don prometido polo ofrendante, facendo constar publicamente que cumpriu a súa promesa. Ademais os exvotos deben amosar unha serie de trazos que os posibilitan como tal; así deben gardar unha relación coa persoa que recibiu o favor e o suceso que o motiva; e tamén, perdurar no tempo, e dicir sobrevivir mesmo a morte da persoa que o ofreceu. *“Hai un tipo especial de ofrenda, os exvotos, que serven como sinal e lembranza do beneficio recibido”*⁶⁵. *“Estes exvotos foron e son moi abundantes en case todos os centros de romaría e permanecen expostos no*



Exvotos de cera

(65) MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Ed. Xerais, 2000, páx. 494.

*altar como mostra das peticións feitas e como manifestación pública do poderío e capacidade de convocatoria do santo*⁶⁶.

No retablo lateral dereito do santuario do Santo Anxo aínda atopamos algúns exvotos de cera, que representan figuras humanas, total e parcialmente. De todos xeitos, este tipo de ofrenda segue sendo moi peculiar no santuario do San Bernabé de Castrillón (O Corgo).

No Museo de Pontevedra hai unha serie de terracotas procedentes do santuario itálico de Calvi, situado na Campania. Neste santuario dedicáronse moitos exvotos aos deuses itálicos durante varios séculos. Destacan as cabezas de homes e mulleres, algúns animais: cochos, vacas. A maioría destas terracotas, feitas con molde, estiveron policromadas, sendo interesante comprobar a súa semellanza cos exvotos de cera que aínda se ofrecen en bastantes santuarios.

9.4. AS CANDEAS

Na actualidade os devotos ofrecen candeas ou cirios pequenos, que un fregués da parroquia vende a un euro e medio no interior do espazo sagrado.⁶⁷ Adoitan colocalas a ambos os dous lados do retablo central e, tamén, no retablo lateral dereito, permanecendo acesas ata que rematan os diferentes oficios relixiosos. Tamén hai devotos que oen as distintas misas, que se ofician no santuario, portando unha candeas acesa nas súas mans.



Posto de venda de obxectos relixiosos

(66) GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M. Ob. cit, 1997, páxs. 133-134.
(67) Ano 2011.

Algúns devotos compran a un euro e medio distintos recordos do Santo Anxo, como medallas e pulseiras.

Finalmente, ao remataren os oficios relixiosos, un grupo de gaiteiros toca algunhas pezas ao carón do recinto sagrado, onde tamén se encontra un posto de venda de rosquillas, que ten moita aceptación entre os fregueses asistentes.

10. BREVE RESUMO DOS RITUAIS E OFRENDAS EXISTENTES NOS TRES SANTUARIOS ANALIZADOS: AS VIRTUDES, O SAN BERNABÉ E O SANTO ANXO

PROMESAS REALIZADAS NOS TRES SANTUARIOS DO CORGO			
LITURXIA OFICIALISTA	SANTUARIO DAS VIRTUDES	SANTUARIO DO SAN BERNABÉ	SANTUARIO DO SANTO ANXO
RITUAIS			
MISAS	x	x	x
PROCESIÓN	x	x	x
OFRENDAS			
ESMOLAS	x	x	x
CANDEAS	x	x	x
MISAS	x	x	x
LITURXIA NON OFICIALISTA			
RITUAIS			
“POÑER O SANTO”	x	x	x
CIRCUNVALACIÓN		x	
PASAR PANOS POLA IMAXE	x	x	
OFRENDAS			
EXVOTOS DE CERA		x	

11. CONSIDERACIÓNS FINAIS. CLAVES DE INTERPRETACIÓN REFERENTES AOS TRES SANTUARIOS DE “O CORGO”

A narración lendaria e mítica sobre a aparición da Virxe no lugar das Virtudes (Pedrafita) implica, desde a perspectiva tradicional, a adscrición dun vínculo orixinario entre o culto mariano e a paisaxe onde se establece. Neste caso, este tipo de relatos son o froito de manifestacións entre unha comunidade e a súa imaxe de devoción, como un punto de encontro entre o humano e o sagrado. Deste xeito -segundo a opinión de *Honorio Velasco*- un símbolo universal convértese en particular, mediante unha crenza local.

Respecto ás imaxes de devoción, que están presentes nestes recintos sagrados, cómpre dicirmos, que dende unha óptica oficialista, operan como mediadoras perante Deus e condensan toda a virtude e o poder sobrenatural; mais desde unha visión, ligada coa piedade popular, as diferentes entidades sagradas (diferentes advocacións de Cristo, da Virxe e, tamén, os diferentes santos) posúen poderes e influencias propias. Polo tanto, con elas establécese unha importante comunicación por medio da palabra e de certas actitudes somáticas encamiñadas a acadar o seu



Posto de venda de rosquillas

amparo e benevolencia. Mais este favor sacro hai que relacionalo ao grao de protección ás estruturas do intercambio económico igualitario nun xeito de *“dou para me deas”*. Polo tanto, os devotos realizan rituais e deixan unha serie de ofrendas para satisfaceren á súa parte no acordo.

Por outra banda, a dimensión sacra transmítese ao exterior xa dunha maneira directa por medio da



Grupo de gaiteiros amenizando a romaxe

procesión, xa a través de elementos naturais, como a auga das fontes. En ambos os dous casos, procúrase o efecto salutífero. A única diferenza é que mentres o primeiro é común a todos os santuarios analizados; o segundo, en cambio, só é visible na comunidade de Pedrafita, onde algunhas doenzas relacionadas coa pel e os ollos tentan curarse nun manancial por medio de ritos ben arraigados. Nesta comunidade existe a crenza de que a medida que os panos vaian podrecendo ao carón da fonte, as doenzas das persoas irán erradicándose. Trátase, pois, dun ritual baseado na analoxía, xa que a descomposición dos panos configura un símbolo de destrución. Cumprírase así, a observación feita xa a finais do século XIX por Frazer de que *“con frecuencia os ritos consisten nunha imitación dos efectos que a xente desexa producir”*. Así mesmo, o contacto coa auga implica sempre unha rexeneración, non só porque a disolución vai seguida dun novo nacemento, senón tamén porque a inmersión fertiliza e multiplica o potencial de vida.

Finalmente, as celebracións relixiosas nos referidos santuarios complementáanse – agás o do Santo Anxo (Anseán)- cunha dimensión laxa ou profana na que os fieis, en xeral, gozan dun tempo de lecer, mercan produtos de diferente índole, entre os que hai que salientar as rosquillas, e atenden nas casas de seu aos invitados cun bo xantar. Logo, á noite, é o tempo para bailar unas pezas.

Polo tanto, estas romaxes reflicten cara ao exterior unha serie de elementos básicos, como os ritos relixiosos, a comensalía, as relacións de amizade e de parella, a solidariedade comunal e a alegría como factor predominante.

12. BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ GASTÓN, R. *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C, 1976, páxs.91-92.

ARREGUI, G. e MANTEROLA, A.: "Religiosidad popular", en Aguirre, Ángel (dir.). *Diccionario temático de Antropología*. Barcelona: Boixaneu, 1993, páx.532.

BLANCO PRADO, J.M: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1991, páx.70.

BLANCO PRADO, J.M. e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, M. "La devoción popular en el Santuario de la Ermida (Quiroga)", en *Lucus*, Boletín Informativo da Deputación de Lugo, nº 42, 1994, páxs. 35-37.

BLANCO PRADO, J.M. *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1996, páx. 134.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, C.: " I. Introducción: As romarías e o seu significado" (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa*. Asociación Amigos do Castro de Viladonga. Castro de Rei .Lugo. Referencia de: Carne Pernas Bermúdez, páx.71.

CANCIO FERNÁNDEZ, J.: Delineante, autor do mapa.

CASTÓN BOYER, P.: "La religiosidad tradicional en Andalucía. Una aproximación sociológica", en CASTÓN BOYER y otros, *La religión en Andalucía. Aproximación a la religiosidad popular*. Sevilla: Edt. Andaluzes Unidos, 1985, p. 101.

CHRISTIAN JR, William A.: *Religiosidad local en la España de Felipe II*, Madrid: Nerea, 1991, pax. 11.

CHRISTIAN, JR, William A.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 126

ESCALERA REYES, J., "La religiosidad popular. III. HERMANDADES, ROMERIAS Y SANTUARIOS. HERMANDADES, RELIGION POPULAR Y PODER EN ANDALUCIA. C. ALVAREZ SANTALO, MARIA XESUS BUXO y S.RODRIGUEZ BECERRA (COORDS.). Anthropos. Barcelona. 1989, páx. 459.

FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid: Ed. S. XXI, 1984, pax. 259.

GALLEGO, A.: " Práctica religiosa y mentalidad popular en la España Contemporánea", en *Hispania Sacra*, 46, 1994, páx. 331.

GONDAR PORTASANY, Marcial. "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", *Antropología y Racionalidad*, Santiago, 1980, páx..60.

GONZALEZ REBOREDO, X. M. *Guía das Festas Populares de Galicia*. Vigo: Ed. Galaxia, 1997, páx. 132.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Invitación a la Antropología cultural de España*. Madrid: Akal, 1980, páx. 93.

LISON TOLOSANA, C.: "Rito, funciones y significado", *Música oral del Sur: Música hispana y ritual*, nº 9, Junta de Andalucía, 2012, páxs.22-28.

LOPEZ FERREIRO, A.: "Los Fueros Municipales de Santiago y su tierra". T.I. Santiago. 1985, pg.359.

LORENZO FERNÁNDEZ, X.: "Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular", en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, p.45.

MALDONADO, L.: "Los Santuarios en la religiosidad popular", en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de H^a Eclesiástica del P.Vasco, Vitoria, 1982, páx. 70.

MALDONADO, L.: "Dimensiones y tipos de la religiosidad popular", en *Concilium (Rev. Internacional de Teología)*, 206, 1986, páxs.9-18.

MALDONADO, L.: " Para Comprender el Catolicismo Popular". Cofradías y Hermandades. Ed. Verbo Divino. Estella (Navarra). 1990, páx.87.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1987, páx. 272.

MIGUÉLEZ DÍAZ, X.A.: " Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas", en *Estudios Mindonienses*. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol. T.2, páx.248.

MOREIRAS SANTISO, X.: "Arelixiosidade popular no sector rural", Rev. *Encrucillada*, nº 9, Vigo, 1978, páx. 64.

PRAT I CAROS, J.: "Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía", en *La Religiosidad popular, III. Hermandades, Romerías, Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

PITT RIVERS, J.: "L'identité locale vue à travers la fiesta". *Coloquio Hispano-Francés. Culturas Populares. Diferencia, Divergencias, Conflictos*. Universidad Complutense. Madrid. 1986, pg. 13.

VALIÑA SAMPEDRO, E.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, t.I, Madrid, 1975, páxs. 82-83.

VALIÑA SAMPEDRO, E.: *Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1991, páxs. 35-36.

VOVELLE, M.: "La religión popular", en *Ideologías y mentalidades*. Barcelona: Ariel, 1985, pp.125-131.

XIZ, X.: *O Corgo, amplo horizonte*. O Corgo: Ed. Concello de O Corgo, páx. 99.



CELEBRACION DO ENTROIDO

A Asociación Cultural Arumes do Corgo, celebrou o 18 de febreiro o entroido cun xantar de confraternización no restaurante “Praia de Goméan” onde uns cincuenta socios/as deron conta dun magnífico cocido.

EXCURSIÓN A SALAMANCA E ZAMORA

Os días 24 e 25 de marzo viaxamos a Salamanca e Zamora. A primeira parada foi en **Alba de Tormes**, onde visitamos o sepulcro de Santa Teresa de Jesús e as súas numerosas igrexas e mosteiros: da Anunciación, de San Juan da Cruz...

Despois trasladámonos a **Salamanca** onde visitamos a súa barroca Praza Maior, a Catedral Vella iniciada na primeira metade do século XII e finalizada no XIII co seu retablo Maior presidido pola Virxen da Vega patroa da cidade; o Patio Chico, no exterior, que constitúe un dos rincóns máis acoñecedores de Salamanca; a Catedral Nova, adosada a vella cuxa construción comezou a finais do século X e ata 1733 non se terminou.



Tamén visitamos a casa das Cunchas cuxa fachada aparece adornada con máis de 300 cunchas de vieira, distintivo da Orden de Santiago, e cuxas reixas das ventás inferiores, definíronse como as máis belas da “ferretería gótica española”. Sobre a Casa das Cunchas circula unha lenda que conta que debaixo dunha das cunchas hai escondido un tesouro en onzas de ouro. Tamén contan que no soto desta casa tiñan que dormir os estudantes castigados polo Mestre-Escola. Actualmente acolle unha biblioteca pública, unha galería de arte e a oficina de turismo.



Contemplamos tamén a fachada da súa Universidade, e coma non, buscamos e atopamos a ra cuxa lenda di que o estudante que encontre a ra sobre unha caveira na fachada da Universidade terá sorte e aprobará os exames.

Ademais da Fachada da Universidade neste Patio das Escolas admiramos a fachada do Hospital do



Estudo do século XV, hoxe Rectorado. No centro erixese a estatua de Fray Luis de León, insigne profesor desta institución.

Despois trasladámonos ata a Casa Lis palacete modernista, nel atopase o Museo de Art Nouveau e Art Déco.

O día seguinte desplazámonos a **Cidade Rodrigo**, cidade noble e episcopal, onde poidemos visitar a catedral de Santa María; o recinto amurallado que é casi elíptico, con 2,25 kilómetros de perímetro con sete portas de distintas épocas; o Concello que se atopa na Praza Maior e rematamos esta visita no Parador.

Para finalizar esta viaxe e xa pola tarde saímos para **Zamora** onde visitamos entre outros monumentos a súa catedral dedicada ao Salvador de estilo románico, século XII, declarada Monumento Nacional.



RUTA CIRCULAR POR MANÁN

A AC Arumes realizou unha ruta circular, o día 13 de maio, con saída e chegada na vila de San Cosme de Manán, pasamos por Hospital ao carón do cruceiro existente na pequena praza deste lugar, visitamos os sartegos pegados a igrexa de Santa María de Cabreiros, dende alí baixamos ao conxunto etnográfico que conforma o Mazo de Santa Comba, excelentemente rehabilitado, dito mazo ubicado nas marxes do río Chamoso nun lugar de grande riqueza paisaxística; logo dun pequeno descanso para o disfrute da contorna, continuamos polo medio dunhas fermosas carballeiras da parroquia de Paradela cara as

agras de Manán de Arriba, divisando xa nesta zona o fantástico castro de Manán de Abaixo, onde demos por rematada a ruta.



EXCURSIÓN A PADRÓN/PAZO DA OCA

O domingo 20 de maio partimos do Corgo para dirixirnos a **Padrón** cuxa orixe esta ligada a historia de Iría Flavia, que era unha gran cidade romana. Segundo a tradición esta era a cidade romana onde chegaron dende Xerusalén, os restos do corpo do Apóstolo Santiago. O barco que o traía atracou no río Sar e foi atado a unha pedra ou “pedrón” término que deu nome a poboación. Este pedrón é en realidade un ara romana que se conserva e expón baixo o altar da igrexa parroquial de Santiago de Padrón, ademais desta igrexa tamén visitamos o Mosteiro do Carmen; o paseo do Espolon ao carón do río Sar e o xardín botánico. De seguido desprazámonos ata a casa de “A matanza” a Casa-Museo de Rosalía de Castro.



Percorremos o seu interior onde se atopa unha biblioteca especializada na súa obra; un pequeno museo monográfico e recordos persoais da autora. Despois saímos cara Iria Flavia onde visitamos o cemiterio de Adina, no que se atopa a tumba de Camilo José Cela.

Xa pola tarde visitamos o **Pazo de Oca**, cuxos orixes remontase o século XV, cando Don Álvaro de Oca (nobre galego), iniciou a súa construción



sobre os restos dunha antiga fortaleza do século XII. Está declarado monumento histórico-artístico, é propiedade da Casa Ducal de Medinaceli. Polo que só se pode acceder aos seus xardíns. Pola beleza dos seus xardíns, este palacio é popularmente coñecido como o “Versalles galego”.

VI ENCONTRO CO AUTOR DO CLUB DE LECTURA: ISIDRO NOVO CO LIBRO “CABALO DO DEMO E OUTROS INVERTEBRADOS”

Outra actividade realizada pola A.C. Arumes do Corgo, xa consolidada ao longo de varias edicións, é o club de lectura. Nesta ocasión o autor elixido foi Isidro Novo coa súa obra "Cabalo do Demo e outros Invertebrados". O encontro co autor tivo lugar o venres 25 de maio, na “Casa das Asociacións do Corgo”. Os asistentes tiveron a posibilidade de falar co autor acerca do libro en cuestión e do seu traballo en xeral.

O encontro, que se demorou dúas horas, rematou coa sinatura de exemplares e a entrega dun agasallo de cerámica ao autor, realizada polo ceramista corgués, Lolo de Anseán.



V ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS CULTURAIS GALEGAS

O sábado 26 de maio celebramos o V Encontro de Asociacións Culturais Galegas nesta ocasión a asociación encargada da organización foi a A.C. de Amigos do Patrimonio de Castroverde, e participaron ademais: Arcas de Sarria, Agrupación Instrutiva Redes e Caamouco, Roteiros de Pol, Penitenciaria Concepción Arenal de Lugo e Arumes do Corgo. As 9:30 h. saímos de Castroverde con dirección a Abelleira onde as



10.00h. comezamos a camiñada que nos levou por Arrubial, Eirexe, Páramo (onde visitamos a súa igrexa), Furís de Abaixo e Furís de Arriba. Xa pola tarde despois do xantar partimos hacia Vilabade onde na súa preciosa igrexa tuvo lugar unha actuación a cargo de Miro Casabella.

EXCURSIÓN A BARRANTES

O día 2 de xuño do 2012, puxémonos outra vez en camiño, esta vez para visitar a fermosa comarca do Salnés. A primeira parada foi nas adegas Martín Códax creadas no ano 1986 que toman o seu nome do máis célebre trovador galego do que aínda se conservan as súas cantigas, as máis antigas do galaico-portugués, e nas que canta o amor e ao mar que bañan as nosas costas. Nestas adegas deronnos unha explicación do proceso de elaboración do viño, fixemos un percorrido por elas e invitaronnos a unha degustación dos seus viños.

Máis tarde dirixímonos a Barrantes para asistir a súa festa do viño de Barrantes onde asistimos o acto e investidura dos valedores do “Viño Tinto do Salnés 2012” e a lectura do pregón, así como a unha degustación de viño tinto, pan de millo e chourizos. Despois de xantar, fixemos unha ruta polos muiños de Barrantes que forma parte da Ruta da Pedra e da Auga, esta ruta discorre ao longo do río Rande (ou regato de Armenteira) e consta de seis muiños.



RUTA DE FRANQUEÁN

O día 17 de xuño realizamos outra camiñada de carácter circular, saímos de Franqueán, despois de visitar a súa igrexa de orixe románica, dirixímonos cara a parroquia de Folgosa pasando ao carón do muiño de Lucas, enclavado no medio de carballeiras con árbores centenarias que conforman espazos singulares de gran valor paisaxístico e medioambiental. Xa na parroquia

de San Martín de Folgosa no lugar de Piñeiro visitamos o seu maxestuoso pazo do século XVIII, onde os actuais donos amablemente nos atenderon explicándonos as características e historia desta casa señorial, ademais de convidarnos a un refrixerio, dende aquí o noso agradecemento. Este pazo conta cun grandioso escudo na súa fachada principal que por si só xa merece unha visita (figura na portada da revista Corga nº 3 e forma parte do traballo realizado ao respecto e publicado en dita revista por Jesús Abuín Arias e Josefa González Díaz).



Continuando por distintos lugares desta parroquia, adentrémonos entre piñeiros pola serra da Férveda, seguindo a pista forestal que transcurre próxima os lindes do concello de Castroverde, aquí achegámonos as mámoas que fan de divisoria das parroquias de Franqueán, Fonteita e Folgosa, rematando xa en Franqueán.

FEIREANDO

O día 1 de xullo do 2012 fixemos en colaboración coa asociación amigos do Patrimonio de Castroverde unha convivencia arredor da “ruta das feiras” Esta segunda xornada de Feireando consistiu en facer o roteiro das Feiras entre o lugar da Feira de Nadela e Adai.

Saímos de Nadela arredor das 10:00 h. para irmos ata o mazo de Santa Comba, pasando por San Xoán de Pena, A Gándara para chegarmos ao mazo e dende alí a Laxosa, polo Vao, pasando perto de Donalbán camiño de Quintela e dende aquí a Arximil, despois de cruzar dúas veces o río Chamoso, chegamos á feira de Adai.



RUTA POLAS FRAGAS DO EUME

Dentro das múltiples actividades organizadas na primavera-verán dende a asociación cultural ARUMES, están as chamadas “*rotas de senderismo e coñecemento do territorio*”, nas que conxugamos nun día de lecer coa práctica moderada de exercicio físico, unhas camiñadas de 12 Km. aprox. aptas para todas as persoas. O disfrute da paisaxe; o coñecemento do medio e a valoración do patrimonio cultural existente na zona, tanto dentro do noso concello como doutros lugares e localidades. O día 8 de xullo tocou excursión polas Fragas do Eume.



EXCURSIÓN Km 0

O día 18 de xullo e en colaboración coa Deputación de Lugo, e dentro do programa km 0, e despois da recepción no pazo de San Marcos, o noso seguinte destino foron as Insuas do Miño en

Rábade, onde fixemos un percorrido a pé á beira do río Miño ata as insuas.

Despois dirixímonos a Viveiro, onde despois de comer, fixemos un percorrido polos lugares máis emblemáticos da vila: a praza de Sta. Maria; o convento das Concepcionistas; a gruta de Lourdes cos seus exvotos; as tres portas do antigo recinto amurallado, entre elas a de Carlos V situada fronte a ponte da Misericordia; a plaza maior, etc. Logo trasladámonos a Praia de Covas, e rematamos así a nosa estancia en Viveiro.



PROXECCIÓN DA PELÍCULA “VILAMOR”

O sábado 21 de xullo no centro sociocultural do Corgo proxectouse a película “Vilamor” do director galego Ignacio Vilar, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación de Lugo. Esta película está ambientada en feitos reais acontecidos nos anos 70 na comuna de Negueira de Muñiz.

PRÁCTICAS DEPORTIVAS

O día 14 de setembro, tivo lugar no centro sociocultural do Corgo un relatorio a cargo da atleta Xoana Roig Regueira, sobre a práctica deportiva. Esta actividade foi organizada por ARUMES-AREA 10 club de atletismo, foi presentada por Mario Outeiro, Deputado Provincial. Resultou de grande interese para o público asistente en xeral e para os pais/nais de deportistas en particular, xa que versou sobre o sacrificio que supón calquera disciplina deportiva tanto para os que a practican como para as súas familias. A relatora incidiu, sobre todo, en practicar

deporte como acción saúdale e de benestar persoal.

ACTUACIÓN DO GRUPO DE TEATRO “NOVA ESCENA”, COA OBRA “A HERDANZA DE CONSTANZA”

Dentro do programa Buxiganga que organiza a Área de Cultura da Deputación de Lugo, o sábado 29 de setembro, e con gran asistencia de público, no centro sociocultural do Corgo o grupo de teatro “Nova Escena” representou a obra “A herdanza da tía Constanza”. Nesta obra a señora Constanza, unha rica propietaria acaba de morrer e os seus herdeiros reúnense, a instancias do notario, no pazo que sempre habitara. A lectura do testamento terá lugar na presenza dunha espiritista: será herdeiro único aquel que sexa quen de pasar a noite seguinte no pazo.....

EXCURSIÓN Km 0

O día 11 de outubro e en colaboración coa Deputación de Lugo, e dentro do programa km 0, despois da recepción no pazo de San Marcos, o noso seguinte destino foi unha visita a Produtora de TV,

para despois desprazarnos ata o Cebreiro onde fixemos un percorrido a pé ata os límites da provincia de Lugo con León. Despois de xantar visitamos unha palloza e a igrexa prerrománica de Santa María la Real, e xa para rematar a xornada fixemos outro percorrido a pé ata a cruz, para admirar as fermosas vistas que dende alí se poden contemplar.



IV CARREIRA POPULAR “ARUMES DO CORGO”

Unha vez máis no mes de outubro, o día 27, realizamos a xa tradicional “CARREIRA POPULAR ARUMES DO CORGO”, nesta ocasión na súa cuarta edición.

Unha carreira que podemos considerar consolidada e de prestixio recoñecido dentro dos circuitos desta modalidade deportiva.

O número de participantes andivo arredor das 250 persoas, que abrangueron todas as categorías dende prebenxamin ata as tres categorías de veteranos, nesta edición foi especialmente significativa a participación nas categorías de cadete e xuvenil.



Ademais de repartir camisetas para todos os participantes, os primeiros clasificados das categorías inferiores (prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil) contaron con trofeo e medalla, e nas categorías de iúnior, promesa, senior, e veteranos os premios consistiron en 100 € para o primeiro, 75 € para o segundo e 50 € para o terceiro, sempre diferenciando entre homes e mulleres.

Entre outras personalidades políticas e representantes das institucións deportivas estiveron o Sr. Presidente da Federación Galega de Atletismo, así como o Sr. Alcalde do Corgo que ademais de seguir a evolución da carreira participaron na entrega de trofeos.

Hai que destacar que a organización deste evento supón un gran esforzo para a AC Arumes, na que é

necesaria a colaboración de forma voluntaria e desinteresada dunhas 40 persoas, ademais de contar co apoio de persoal municipal.



II XORNADAS DE RECOÑECIMENTO, EXPOSICIÓN E DEGUSTACIÓN DE COGUMELOS

A finais de outubro, o día 28, en pleno outono, celebramos as “II xornadas de recoñecemento de cogumelos”, nesta ocasión realizamos unha saída ao campo polos montes da parroquia de Gomeán, visitando distintos tipos de hábitats (pasteiros, piñeirais, carballeiras..) acompañados por expertos na materia como José Folgueiras, Xefe do Servizo de Extensión Agraria de Sarria, que xa nos dirixira o curso do ano pasado e tamén, José Castro membro directivo da Sociedade Micolóxica Lucus de Lugo.

Os asistentes quedamos gratamente sorprendidos da gran cantidade e variedade de especies existentes, recibindo información precisa e detallada por parte dos “monitores” de cada cogumelo que recollemos, que nos aleccionaron non só acerca das características morfolóxicas ou biolóxicas das distintas especies atopadas, senón das múltiples funcións que os fungos realizan, e da súa utilidade que vai moito máis alá do meramente culinario.

Tamén se puxo de manifesto a necesidade dunha normativa que regule a recollida e comercialización deste produto, especialmente no que se utiliza para usos culinarios.

En fin, un mundo este, dende logo moi apasionante do que hai moito que saber e disfrutar e que dende a nosa asociación pensamos seguir promovendo en futuras edicións.

XIMNASIA DE MANTEMENTO PARA MAIORES

A Asociación Cultural Arumes está a desenvolver un curso de ximnasia de mantemento para maiores, dende o mes de novembro de 2012 a xuño de 2013, organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a súa Área de Benestar Social e Deporte, dentro do Plan TEMPO, programa integral de dinamización social no medio rural da provincia de Lugo. Esta actividade realizouse durante dúas sesións a semana impartidas en locais de dúas parroquias corguesas, concretamente no local social de veciños de Cela e na antiga escola de Adai. O resultado está a ser moi interesante para os/as asistentes polo seu beneficio integral.



ACTUACIÓN DO GRUPO DE TEATRO “HOSPITAL DE LUGO”, COA OBRA “O ANEL MÁXICO”

O sábado 10 de novembro o grupo de teatro Hospital de Lugo, e dentro do programa Buxiganga da Área de Cultura da Deputación de Lugo, puxo en escena no centro sociocultural do Corgo, cunha gran asistencia de público, a obra: “O anel máxico”. Trátase dunha peza cómica na que o autor, baseándose nun feito real do sonambulismo xoga con outros tres elementos: a) sospeita da infidelidade de dona Arxentina; b) os celos do seu home, Calandrino e c) o poder máxico dun anel o que o leva a preguntarse: “E eu quen veño sendo”.

EXCURSIÓN AS COVAS DE VALPORQUERO E FEIRA DA CECINA DO CHIVO EN VEGACERVERA

O domingo 11 de novembro a Asociación Cultural Arumes do Corgo organizou unha saída cultural a provincia de León nesta ocasión a **Cova de Valporquero** que está situada ao norte da provincia de León, xunto á vila de Valporquero de Torío, concello de Vegacervera, a uns 47 km de León.

As covas, foron abertas ao público pola Deputación de León en 1966. Atópanse a 1309 m. de altitude, baixo a vila de Valporquero. É impresionante ver as formacións calizas que ao longo de miles de anos o río Valporquero foi creando : estalactitas, estalagmitas, pontes, salas pequenas maravillas, Gran Rotonda, Sala das Fadas, Cementerio estalactítico, Gran Vía, Sala Maravillas. Despois de visitar a cova, trasladámonos a Vegacervera para asistir a XXII Feira da Cecina do Chivo. Vegacervera é unha vila fermosa, situada o Norte de León, metida nos repliegues montañosos da cordilleira Cantábrica por onde corre o río Toribio. Os seus produtos cárnicos de xamóns, cecinas e embutidos, son de inigualable preparación e curado. A súa igrexa esta dedicada a Nosa Señora das Neves.



VII EDICIÓN DO CLUB DE LECTURA. ENCONTRO COA AUTORA MARICA CAMPO COA OBRA “CONFUSIÓN E MORTE DE MARÍA BALTEIRA”

O día 16 de novembro, na VII edición do club de lectura, acompañounos a escritora Marica Campo, que conta cun merecido prestixio no

campo das letras galegas. Este evento tivo lugar no salón de actos da “Casa das Asociacións do Corgo”, os socios/as de Arumes e tamén os non socios, xa que estes actos sempre están abertos a todo o público que queira asistir, tivemos ocasión de compartir conversa coa autora, acerca da obra escollida, “Confusión e morte de María Balteira”, obra na que a narradora do Incio se adentra no mundo das lendas e do imaxinario popular a través de varios relatos. Asimesmo tamén se fixo un percorrido pola vida persoal e literaria da autora, dende os seus comezos ata o momento actual.

O encontro , que durou dúas horas, rematou coa sinatura de exemplares e a entrega dun agasallo de cerámica, realizada polo ceramista corgués, Lolo de Anseán.



VI CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

Por quinto ano consecutivo, a A C Arumes do Corgo, coa colaboración da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, quixo premiar a todos os/as autores que expresan no papel os seus sentimentos, empregando como ferramenta a lingua do país. Unha iniciativa pioneira no Corgo e nos concellos da contorna que debido á alta participación, á calidade dos traballos e á valía do xurado estase a converter nun certame literario recoñecido a nivel galego.

ENTREGA DE PREMIOS

O día 22 de Decembro tivo lugar no centro sociocultural do Corgo a entrega de premios do VI Certame Literario Terras de Chamoso. Como vén

sendo habitual, abriu musicalmente o acto a Asociación Cultural “A Legua Dereita” do Corgo, que nos amosou un petisco do seu repertorio de música tradicional galega. Unha vez rematada a súa actuación, procedeuse á entrega de premios aos gañadores desta edición, elixidos polo xurado que estivo formado polas seguintes persoas.

- **D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano**, Presidente de Arumes e Profesor de Lingua castelá e lingua galega.
- **D. Xosé Manuel Castro Castedo**, Profesor de Lingua galega e portuguesa
- **D. Xan Ramiro Cuba Rodríguez**, escritor.
- **Dna. M^a do Pilar Campo Domínguez**, profesora e escritora.
- **Dna. M^a Esperanza Fernández Camiñas**, profesora de Lingua galega.

Actuou de secretaria do Certame **Dna. Josefa Gonzalez Díaz**, secretaria de Arumes.

Foron premiados nesta edición os seguintes autores:

CATEGORÍA INFANTIL

Modalidade: **poesía**

1º premio: Lara Domínguez Chantres de Baleira, pola obra “As nubes máxicas”.

2º premio: Carla Castedo Pereira, de Francelos-Barredo (Castroverde), pola obra “O outono”.

Modalidade: **relato**

1º premio: Alicia García Cabaleiro, de Laxes (O Corgo), pola obra “Linda: A tola feliz”.

2º premio: Catarina Castro Sas, de Lugo, pola obra “A viaxe de Monshair”.

CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: **poesía**

1º premio: Deserto.

2º premio: Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo), pola obra “A mentira do amor sen verdade”.

Modalidade: **relato**

1º premio: Lucía González Campos, de Montecubeiro (Castroverde) pola obra “A voz da vinganza”.

2º premio: Patricia Fúlías Guzmán, de San Paio Castroverde, pola obra “Contando estrelas entre catro paredes”.

CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: **poesía**

1º premio: Javier Rodríguez González, de Ourense, pola obra “Homenaxe”.

2º premio: Eva de la Torre Conde, de Lugo, pola obra “Nadas de nobre estirpe”

Modalidade: **relato**

1º premio: Marcelino Sisto Deibe, de Ferrol, pola obra “Mariñeira”

2º premio: Tito Pérez Pérez, de A Coruña, pola obra “O Conto do esquío e da martaraña”

Unha vez recollidos os seus premios, que constaban dun lote de libros e unha peza de cerámica realizada polo pretixioso ceramista corgués, Lolo de Anseán, os gañadores da categoría poesía recitaron as súas obras para todos os asistentes.

Xa para rematar o acto, contamos coa presenza da contacontos Isabel Risco, á que podemos ver na fotografía durante o seu espectáculo.









O primeiro sábado do mes de xullo, ás 20:00h, no centro sociocultural do Corgo realizouse a presentación dos traballos de investigación que formaron o contido da revista Corga nº 3, co fin de que os/as autores acadaran a condición de socio/a numerario/a. Dito evento tivo unha duración aproximada de 15/20 minutos por traballo. O programa do relatorio foi o que segue:

- "Cruceiros e cruces no Concello do Corgo" de Fernando **ARRIBAS**.
- "Etnorituais e ofrendas relixiosas a nivel popular en dúas comunidades do Corgo: Anseán e Castrillón" de José Manuel **BLANCO PRADO**.
- "A ferverza. Reserva da biosfera". De Xosé Enrique **CASANOVA SÁNCHEZ**.
- "Os teleclubs do concello do Corgo (1967-1984): Unha achega inicial", de Juan José **GARCÍA RODICIO**.
- "Léxico do Galego de Queizán", de Xosé Manuel **CASTRO CASTEDO**.
- "Debuxos do río Chamoso" de Jesús **IGLESIAS JIMENEZ**.

- "Os escudos no concello do Corgo" de Jesús **ABUINARIAS** e Josefa **GONZALEZ DÍAZ**.
- "As divindades da auga na provincia de Lugo: A fonte das Virtudes", Javier **GÓMEZ VILA**.
- "A vella estrada xeral entre o Padornelo e Lugo" de Xaime F. **LÓPEZARIAS**.

Este evento foi moi interesante para o público asistente pola calidade dos contidos presentados, ao remate de cada exposición, os alí presentes tiveron a oportunidade de preguntar aos autores dos artigos as dúbidas e/ou curiosidades que lles xurdiron.



PRESENTACIÓN DA REVISTA CORGA EN SARGADELOS

O Centro de estudos do Corgo (CEC), realizou a presentación do nº 3 da revista Corga, o día 20 de setembro de 2012, na galería Sargadelos de Lugo. M^a Consuelo Vázquez Castro, presidenta do Centro de Estudos de Corgo, fixo a presentación desta entidade, enumerando os seus fins, os obxectivos que persigue e o labor que o CEC realiza; Mario Outeiro, Deputado Provincial, representando a Vicepresidencia 1^a da Deputación, Área de cultura e deportes, versou sobre a importancia deste colectivo na

dinamización e divulgación cultural no medio rural, neste caso, do Corgo e Xaime Félix López Arias, autor do traballo, “A vella estrada xeral entre o Padornelo e Lugo”, expuxo unha recensión do seu artigo.

A revista do CEC foi maquetada por Grafinco e ten como EISSN 2171-6013 e Pepósito Legal LU 149-2010. O terceiro número sae cunha tirada de 750 exemplares e conta coa colaboración da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo.



D./Dna

NIF: Teléfono:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Correo-e:

Entrega a seguinte documentación co fin de tramitar a inscrición como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO (CEC):

- Impreso de solicitude de ingreso no CEC debidamente asinado.
- Copia simple do D N I
- Traballo de investigación seguindo as normas de publicación establecidas (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Anexos (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Autorización de cesión dos dereitos de autor.
- Consentimento do pai/nai/titor legal (nas persoas entre 14 e 18 anos).
-

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN COMO SOCIO/A NUMERARIO/A OU XUVENIL

D./Dna

NIF: Data de nacemento: / /

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Tfno. fixo: Tfno. móbil:

Correo-e:

Título do estudo:

Formación académica:

Experiencia laboral:


Forma de recibir comunicacións da Asociación: Correo electrónico Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Centro de Estudos do Corgo (en diante CEC) é unha Asociación sen ánimo de lucro.

D./Dna (en diante: "o autor")

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

convén o seguinte:

PRIMEIRO: Antecedentes

- 1) O CEC ten como fins a promoción de diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo e a súa divulgación entre os habitantes do concello.
- 2) O CEC realizará (para acadar os fins anteriores) unha recompilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital), así como a publicación dunha revista anual (por escrito) e dun sitio web con artigos sobre O Corgo.
- 3) O autor (en caso de varios autores, especificar no Anexo I) realizou un estudo titulado:
.....
.....
obra que formará parte do uso referido no numeral anterior.
- 4) Polo presente contrato regúlase a forma e condicións da cesión dos dereitos correspondentes que o autor realiza a favor do CEC, que se regulará nun todo polas disposicións contidas nas cláusulas seguintes.

SEGUNDO: Cesión dos dereitos

O autor cédelle ao CEC, quen adquire, os dereitos que lle corresponden sobre o estudo, incluíndo os dereitos de edición e publicación.

TERCEIRO: Regalías

A cesión á que se refire a cláusula anterior realízase a título gratuito, polo que o CEC non lle deberá aboar ao autor regalías de ningunha especie.

CUARTO: Obrigas do CEC.

O C E C non poderá, en ningún caso ou circunstancia:

- a) ceder total ou parcialmente, en forma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través da presente formalidade, a favor de ningún terceiro e baixo ningunha modalidade.
- b) facer ningún agregado, supresión nin modificación á obra sen o consentimento previo, expreso e escrito do autor.

QUINTO: Dereitos do CEC.

Ademais da edición, publicación e impresión da obra como parte do uso referido na cláusula primeira, o CEC poderá libremente:

- a) determinar o tipo de impresión, formato, clase de papel, encadernación e demais características físicas do estudo, así como o formato do sitio web;
- b) realizar actividades de promoción e publicidade dos estudos;
- d) utilizar o nome e a imaxe do autor con fins publicitarios e de promoción, exclusivamente en relación á obra obxecto deste contrato.

SEXTO: Garantía de lexitimidade

O autor garante que a obra goza da “libre dispoñibilidade” (no caso de varios autores, da “dispoñibilidade conxunta”) dos dereitos que cede.

En caso de impugnación dos dereitos autorais ou reclamacións instadas por terceiros relacionadas co contido ou a autoría da obra, a responsabilidade que puidese derivarse será exclusivamente de cargo do autor.

SÉTIMO: Mandato de protección

O autor autoriza ao CEC a perseguir os responsábeis de edicións clandestinas e fraudulentas, así como para exercer a defensa dos dereitos autorais obxecto desta cesión, se for preciso.

OITAVO: Liberdade do autor

O autor ten liberdade de autorizar a terceiros a realización doutras edicións da obra, así como de ceder os dereitos de autor a favor de terceiros.

NOVENO: Modificación e resolución do contrato

Este contrato poderá modificarse ou rescindir-se de mutuo acordo das partes, así como rescindir-se unilateralmente sempre e cando a outra parte incumpra gravemente as súas cláusulas.

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

ANEXO I

(Cesión de dereitos de autor)

COAUTOR 1:

D./Dna

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

COAUTOR 2:

D./Dna

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

En, a de de

Asdo:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA MENORES DE IDADE

D./Dna

NIF: Teléfono:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Correo-e:

Pai, nai ou titor/a legal (rísquense as que non procedan) do menor:

..... con NIF:

Afirmo coñecer os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno que rexen o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e autorizo o meu fillo/a a facerse Socio/a Xuvenil da devandita Asociación.

A maiores autorizo ao CEC a publicar a imaxe do menor en calquera das actividades relacionadas cos fins do Artigo 5 dos Estatutos, en calquera dos formatos posíbeis (páxina web do CEC, fotografías para revistas ou publicacións, filmacións...)

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO





Idioma. Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

Extensión. Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do CEC.

Estrutura. O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabético de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introducción/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

Formato:

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automático (negro), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recomendase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓN, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negriña e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partir da introdución) empregaranse as normas ISO (1 / 1.1 / 1.1.1 / 2 / 2.1 / 2.1.1 etc.).

- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).
- Notas a pé de páxina: tamaño de letra de 10 puntos.

Imaxes. O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Incluíranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

Bibliografía. Clasificada por orde alfabética, axustárase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. *Título do libro*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. "Título da parte". En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. "Título do artigo". *Título da revista*. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. *Título*. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

Unidades de medida. Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

Principios éticos e legais. Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.


A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.

En caso de conflito legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delicto ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Segundo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaron na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgún ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura

ARZUMES

ASOCIACIÓN CULTURAL
O COLEGIO

